

dez


eme

Número 8 Marzo 2004 7 euros

Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundação 10 de Marzo

# O SÉCULO DAS MULLERES

# INTEGRAMOS PROYECTOS, REALIDADES Y PERSONAS



CADA DÍA AVANZAMOS UN POCO MÁS HACIA  
LA INTEGRACIÓN SOCIAL

De nuestros mayores por todo lo que nos han dado.

De las nuevas tecnologías porque son una inagotable fuente de mejoras en nuestras vida.

De los más pequeños porque representan el futuro.

De los más desfavorecidos por el respeto que nos merece sus capacidades y de todos aquellos que aun estando lejos merecen un gesto de solidaridad.



PORTADA: Mercedes Núñez en 1945, comparece como testemuña no xuízo celebrado en Leipzig contra o xefe da Gestapo

**EDITORIAL**

*Tempo de igualdade* ..... 5

**CARTAS Á REDACCIÓN** ..... 6

**Ó REDOR DA HISTORIA**

*A historia das mulleres no século XXI. Da hexemonía americana ás tradicións nacionais*  
María Dolores Ramos ..... 7

*Cárcere, poder e xénero. O presidio político feminino no franquismo*  
Ricard Vinyes ..... 14

*As mulleres e as folgas: modalidades de participación feminina na conflitividade laboral durante a ditadura franquista*  
Claudia Cabrero ..... 19

*Da emancipación á igualdade: fases dun proceso en construción*  
Marcella Aglietti ..... 25

**NA CLASE**

*¿Que protagonistas, que valores? O sexismo nos libros de texto*  
Ángels Caba / Encarna Hidalgo ..... 34

*O século XX en primeira persoa. Unha experiencia didáctica*  
Encarna Hidalgo / Ángels Caba ..... 38

**DOSIER DOCUMENTAL**

*Mulleres no Arquivo Histórico*  
Fundación 10 de Marzo ..... 42

**TESTEMUÑOS**

*Mercedes Núñez. Resistente en Ventas e Ravensbrück*  
Carme Vidal ..... 56

**UNHA IMAXE**

*As primeiras eleccións da transición democrática e a muller*  
Rosa M<sup>a</sup> Capel ..... 63

**UN CONCEPTO**

*Violencia de xénero*  
Pilar González ..... 67

**MISCELÁNEA**

*Homenaxe a Manuel Vázquez Montalbán*  
Rosa Regàs ..... 70

*Manuel Vázquez Montalbán*  
Fundación 10 de Marzo ..... 72

**MEMORIA HISTÓRICA**

José Gómez Alén ..... 74

**DE LIBROS**

*A dignidade das mulleres no cárcere*  
*IRREDENTAS: LAS PRESAS POLÍTICAS Y SUS HIJOS EN LAS CÁRCELES DE FRANCO*, de Ricard Vinyes  
David Simón Lorda ..... 78

*Recuperando o protagonismo na historia*  
*REPENSAR LA ENSEÑANZA DE LA GEOGRAFÍA Y LA HISTORIA: UNA MIRADA DESDE EL GÉNERO*, VV.AA.  
Isabel Alonso Dávila ..... 81

*As perdedoras da Guerra Civil*  
*LA VOZ DORMIDA*, de Dulce Chacón  
Gustavo Bodelón Velasco ..... 83

**GUÍA DE RECURSOS**

*O fio lila na rede*  
Eduardo Bragado ..... 85

**ENCUNTROS**

*O debate sobre a nación e as nacionalidades visto desde Italia*  
Jorge Torres Santos ..... 88

**V Encontro de investigadores do franquismo** ..... 89

*Convocatoria ó I Congreso sobre a Historia do PCE (1920-1977)* ..... 91

*Congreso A Represión Franquista en Galicia* ..... 92

*Convocatoria ó III Congreso internacional Historia a Debate* ..... 93

**ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN**

*Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo*  
José Gómez Alén ..... 94

**REDACCIÓN DEZEME**

*Publicacións e revistas recibidas* ..... 97

**AUTORES DESTE NÚMERO** ..... 99

**NO PRÓXIMO NÚMERO** ..... 100

dez·eme 3 MARZO 2004

**Dez·eme**

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



Esta revista é membro de ARCE, Asociación de Revistas Culturais de España

Número 8 / Marzo de 2004

COORDINACIÓN  
José Gómez Alén

**CONSELLO DE REDACCIÓN**

José Babiano (Madrid); Eloisa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado (Vigo), José Gómez Alén (Santiago) Carlos González (Ourense), Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Maíta Rodríguez (Ourense), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier Tebar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

**COLABORACIÓN**

María Dolores Ramos, Ricard Vinyes, Claudia Cabrero, Marcella Aglietti, Encarna Hidalgo Villarroya, Ángels Caba Gusi, Carme Vidal, Rosa Capel Martínez, Rosa Regàs, Pilar González, David Simón Lorda, Gustavo Bodelón, Isabel Alonso Dávila, Jorge Torres Santos, Antonia Tato Fontaiña, Laura Rodríguez Tato, Xulio Gil, Pablo Iglesias Núñez, Eduardo Bragado, José Gómez Alén.

**FOTOGRAFÍAS**

Arquivo Fundación 10 de Marzo / Xulio Gil / Fotografía portada: arquivo persoal de Pablo Iglesias / Contraportada: legado Xulio Abelleira, Arquivo Fundación 10 de Marzo / Fotografías e documentos de Mercedes Núñez Targa: Arquivo persoal de Pablo Iglesias Nuñez /

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA E TRADUCCIÓN**

Begoña Méndez  
GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

**DESEÑO DA REVISTA E PORTADA**

Alejandro Vidal

**IMPRIME**

Tórculo Artes Gráficas, SA

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00  
TIRADA: 400 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo  
comisións obreiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701- Santiago de Compostela  
Telfs. 981 591 816 - 609 370 734 / Fax 981 597 081  
e-mail: f10msn@galicia.ccoo.es

# moito máis do que poidas imaxinar

*fotocopias*

*impresión dixital*

*imprensa offset*

*imprensa dixital*

*manipulados*

*o teu asesor en deseño*

*copias gran formato*

*carteis e posters*


*laminados e encapsulados*

*estructuras*

**impresiónate !!**

e se tes calqueira dúbida...

pregúntanos



## A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9  
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09  
e-mail: herculesc@torculo.com

## SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre  
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693  
e-mail: torculo@torculo.com

## VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3  
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825  
e-mail: artes@torculo.com



# TÓRCULO

■ TÓRCULO ■

global printers

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455

## Tempo de igualdade

Unha vez máis, e a pesar dos imponderables que demoran a nosa aparición, poñemos nas mans dos nosos subscritores e lectores esta nova entrega de DEZ·EME que, como xa anunciabamos no número anterior, está dedicada á historia das mulleres.

A importancia que as mulleres tiveron na historia do século XX, como protagonistas dun cambio social que hoxe é evidente, e o interese historiográfico que actualmente ofrecen os estudos sobre a historia de xénero decidíronnos a converter este número nun monográfico sobre unha cuestión que, desde o nacemento da revista, está sempre presente nas súas páxinas.

Este número mantén as habituais seccións, con artigos nos que presentamos unha introdución dalgunhas das liñas por onde circula a investigación sobre o tema: a participación política das mulleres, a represión exercida sobre elas, os conflitos laborais, a análise historiográfica; e tampouco esquecemos que, malia os avances experimentados, aínda subsisten desigualdades, inxustizas e unha das maiores lacras da nosa sociedade: a violencia de xénero, obxecto da sección «Un concepto».

As fotografías que ilustran a publicación son autoría, a maior parte, de Xulio Gil; desde estas páxinas agradecemoslle a doazón ó noso Arquivo Histórico dunha importante colección de fotografías relacionadas co mundo do traballo. Este agradecemento facémolo extensivo a Pablo Iglesias Núñez, fillo de Mercedes Núñez, protagonista da sección «Testemuño», por poñer nas nosas mans o arquivo familiar e facilitar a súa publicación.

Queremos expresar aquí a conmoión que nos causou o falecemento de Manuel Vázquez Montalbán. É unha perda irreparable para todos os que gozamos dos seus textos e da súa colaboración. Vázquez Montalbán mantivo coas fundacións e arquivos de CC.OO. unha relación fraternal e de colaboración, sempre desinteresada. Á súa memoria dedicamos este número, xunta unha breve referencia de Rosa Regàs na sección «Miscelánea»; tamén a ela lle agradecemos a súa colaboración, así como a *Le Monde Diplomatique* e a Jorge Ballester pola cesión da imaxe de Vázquez Montalbán.

Incorporamos nesta entrega unha nova sección, «Memoria histórica», na que daremos conta das iniciativas que determinadas asociacións están a desenvolver sobre o noso pasado recente.

E por último, unha vez máis queremos mostrar o noso agradecemento a todas as persoas que fixeron posible deste DEZ·EME. Sen a súa colaboración e solidariedade non sería posible a existencia da revista.



A Manuel Vázquez Montalbán

*In memoriam*



## CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de *DEZ·EME* poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. *DEZ·EME* garante a reserva e confidencialidade en todos os casos.

Non é doado, no panorama editorial galego, encontrar unha revista que poida satisfacer por igual ao sociólogo e ao historiador, ao activista cultural e ao ensinante, ao ecoloxista e ao militante político. Unha revista accesible pero rigorosa, ben ilustrada e con calidade matérica. Pois ben, na nosa opinión, a revista *DEZ·EME*, que edita a Fundación 10 de Marzo, cumpre as premisas que salientamos anteriormente. Temos nas nosas mans o número 7, dedicado a «Ambiente de mobilización social», e o número titulado «Cultura e política». No primeiro, se reflexiona sobre a catástrofe do *Prestige*, analízase o papel xogado pola Arte, e polos artistas, especial-

mente nos movementos antifranquistas.

Pero a revista non se esgota nestes dossiers monográficos. Seccións como «Ó redor da Historia», «Na clase», «De Libros» ou «Encontros» serven para ir debullando outras informacións, outras noticias, de grande utilidade.


Sorpréndenos, no elenco de colaboradores, a pluralidade ideolóxica. Velaí un dos éxitos de *Dez·Eme*, que, a pesar de ser a revista dunha fundación promovida por un sindicato, CC.OO., abre as súas portas e xanellas a todos os ámbitos de pensamento progresistas. Como historiador, quero destacar especialmente ese labor intenso que está a desen-

volver a Fundación 10 de Marzo na recuperación da memoria histórica do movemento obreiro —tarefa da que tamén nos dá cumprida información a revista— e na difusión, mediante edicións facsímiles ou exposicións didácticas, que fan do seu importantísimo fondo documental. Parabéns, pois, á Fundación 10 de Marzo e á súa revista *Dez·Eme*. Oxalá o seu exemplo sexa seguido por outras institucións de características similares.

**Carlos Pereira Martínez**  
HISTORIADOR

## Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO




NÚMERO 1,  
abril 2000:  
**Arquivo**  
Ángel Barcia



NÚMERO 2,  
novembro 2000:  
**O franquismo**



NÚMERO 3,  
xullo 2001:  
**O mundo do traballo**



NÚMERO 4,  
decembro 2001:  
**Migracións**



NÚMERO 5,  
xuño 2002:  
**Partidos políticos,**  
coordinador: Ramón Máiz



NÚMERO 6,  
febreiro 2003:  
**Cultura e política**



NÚMERO 7,  
xullo 2003:  
**Ambiente de mobilización social**  
coordinador: Ramón López Facal

**Información e subscricións:**  
FUNDACIÓN 10 DE MARZO  
r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Telfs. +34 981 591 816  
+34 981 599 765  
Fax: +34 981 501 081  
f10m.sn@galicia.ccoo.es

# A HISTORIA DAS MULLERES NO SÉCULO XXI DA HEXEMONÍA AMERICANA ÁS TRADICIÓN S NACIONAIS

M.<sup>ª</sup> DOLORES RAMOS\*

Un dos obxectivos da historia nas últimas décadas do século XX foi revisar o antigo esquema de coñecemento que explicaba o progreso en termos lineais e universais, feito que ten suscitado diversas reaccións. Desde unha «crise de confianza» na disciplina motivada pola redución dos feitos históricos a meras construcións da linguaxe<sup>1</sup> á necesidade de reconstruír o pasado utilizando uns parámetros que resitúen en termos económicos, políticos e culturais as experiencias dos grupos sociais que tradicionalmente estiveron afastados das esferas de poder, entre eles as mulleres<sup>2</sup>. Lembremos que o saber histórico se institucionalizou ó tempo que se creaban os novos Estados de Alemaña e Italia, e que o ensino da historia nacional en escolas e universidades cumpriu unha función de integración social. Nestas circunstancias, o tipo de historia que os gobernos estaban dispostos a pagar era, loxicamente, a historia do Estado<sup>3</sup>. Evidentemente, e á marxe da súa utilidade, a nova disciplina foi creando instrumentos de socialización específicos: departamentos, cátedras, congresos, boletíns e revistas actuaron a xeito de piares, columnas, bóvedas, frontóns e arcadas na consolidación do edificio. Para despreparar esta actividade foron necesarios «arquitectos», «aparelladores», «mestres de obras» e



«albaneis» (profesores, investigadores, aprendices-alumnos), nunha palabra, expertos que ó especializárense e transmitiren os seus saberes, crearon tradicións e escolas. Pero isto sucedeu moito antes de que «o oficio» comezase a feminizarse e incluíra nos seus ritos de iniciación profesoras, investigadoras e alumnas; moito antes de que a disciplina lle prestase atención ó colectivo feminino como obxecto de estudo e xurdise a Historia das mulleres<sup>4</sup>.

Cos anos, o edificio da Historia creceu en extensión e altura, sufriu numerosas

\* TRADUCIÓN DO CASTELÁN: ANTONIA TATO FONTAÑA

remodelacións, viu como se multiplicaban as súas estancias, os seus espazos e medraban os seus vasos comunicantes. Esa acumulación de coñecementos fomentou a aparición de barreiras cada vez máis permeables con outras disciplinas, o intercambio de útiles, o préstamo de ferramentas de traballo, a interdisciplinariedade; tamén os cambios de perspectiva relacionados coas fontes; o crecemento exponencial da bibliografía, a aplicación da tecnoloxía á investigación<sup>5</sup>.

¿Existe o «grande» e o «pequeno» en Historia? ¿Quen define o un e o outro? A concepción liberal da cidadanía baséase na distinción entre esfera pública —ámbito onde se postula un individualismo abstracto, «universal», que xira arredor do sistema de dereitos— e esfera privada —espazo onde se exerce un individualismo concreto, non universal, baseado no sistema de coidados—. Pero, ¿é necesario insistir en que o privado é político?, ¿acaso o privado e o doméstico non se solapan decontino en función dos papeis sexuais? Hai uns anos, a historiadora Gerda Lerner recorreu á metáfora para explicar a «dimensión unidimensional», patriarcal, das ciencias sociais e humanas: «Cando miramos só cun ollo —subliñaba— o noso campo de visión é limitado e carece de profundidade. Se miramos logo co outro, o noso campo visual amplíase pero aínda lle falta profundidade. Só cando abrimos os dous ollos á vez logramos ter todo o campo de visión e unha percepción máis exacta da profundidade do coñecemento e os seus plurais matices»<sup>6</sup>. A partir destas consideracións, o que subxace, e o que emerxe asemade, é a imperiosa necesidade de redefinir a historia, explicar que é un feito histórico, saber que a historia se escribirá cando se asuma, dunha vez por todas, que o Home en abstracto non é a medida do humano: son as mulleres e os homes de clases sociais, etnias, nacionalidades e crenzas diferentes.

A Historia das mulleres debuxou a súa propia traxectoria ó longo de case corenta anos de existencia, converteuse nunha área de gran desenvolvemento na historiografía

internacional e nun campo significativo da disciplina histórica no noso país<sup>7</sup>; creou unha rica bagaxe conceptual e metodolóxica e fomentou a interdisciplinariedade. Ó fío destas reflexións, Milagros Rivera chega a preguntarse se os presupostos da Historia das mulleres non serán, na actualidade, os únicos posibles<sup>8</sup>, xa que afectan a media humanidade e modifican os rexistros da outra media en temas tan cruciais como a vida cotiá, o traballo doméstico e extradoméstico, a reprodución biolóxica e social, as estratexias familiares, a participación política, os espazos de sociabilidade, os usos do tempo, a revisión do poder, as formas de autoridade e de representación. As mulleres pasaron da exclusión do goberno e da política, lexitimada no devir da historia por case que todas as correntes de pensamento, a participaren real e simbolicamente en todos os ámbitos da esfera pública.

Os rexistros históricos femininos romperon barreiras epistemolóxicas, disciplinares e xeográficas, deron pé a «tradicións nacionais» acordes coa traxectoria seguida polos feminismos históricos e contemporáneos en numerosos países, a evolución das escolas históricas e a traxectoria académica das mulleres que fixeron súa a causa feminista. Non obstante, malia este crecemento, hai que consignar que o recoñecemento institucional da Historia das mulleres segue sendo insuficiente en Europa. Paola di Cori sinalou hai uns anos a «escasa posición» académica das historiadoras italianas fronte á independencia obtida polas historiadoras norteamericanas<sup>9</sup>. Dese desequilibrio *made in USA / made in Europe* fíxose cargo tamén Isabel Morant, cando escribiu sobre «as formas e o lugar» do coñecemento histórico feminino, nun artigo publicado hai algúns anos<sup>10</sup>. Precisamente a creación do espazo universitario europeo podería supoñer unha importante conquista ou unha oportunidade perdida para propiciar o «gran salto cualitativo» que leve á consolidación académica definitiva da Historia das mulleres. Trátase dun reto que se debe resolver nos anos vindeiros, por non dicir nos meses vindeiros.

Home en abstracto non é a medida do humano: son as mulleres e os homes de clases sociais, etnias, nacionalidades e crenzas diferentes



### Pluralidade dos feminismos, riqueza da Historia das mulleres

O coñecemento das experiencias históricas femininas vén estando vinculado, en boa medida, ás formulacións angloamericanas, dado o carácter pioneiro e a vitalidade dos *Women's Studies*<sup>11</sup>. Ese dominio viuse reflectido no desenvolvemento de conceptos, métodos e ferramentas de traballo extraordinariamente útiles para a Historia das mulleres, cun uso que se xeneralizou posteriormente noutras parcelas do coñecemento histórico: abonda lembrar, entre eses instrumentos, a teoría das esferas, a variable xénero, que conta con diversas acepcións, os conceptos de patriarcado, feminismo e cultura feminina, entre outros. As conferencias de Berkshire serviron para fomentar interesantes debates sobre os obxectivos, nocións e métodos utilizados. En 1974, a American Historical Association recoñecía a Historia das Mulleres como unha sección específica. Pola súa banda, o Comité Internacional de Ciencias Históricas creaba, por iniciativa da americana Karen Offen e a noruega Ida Blom, a Federación Internacional de Investigación en Historia das Mulleres, que desde o principio tivo carácter autónomo. O prestixioso Premio de Investigación Joan Nelly contri-

buíu, xunto dunha política editorial moi dinámica e materializada en informes, libros e revistas —cento catorce publicacións de carácter interdisciplinario dependentes dos *Women's Studies*— a que se abandonara a inicial «estratexia de supervivencia» para se centrar na batalla institucional. Este obxectivo concretouse en dous importantes ámbitos: a docencia e a investigación. Os *Women's Studies* multiplicaron a oferta de licenciaturas, doutoramentos, másters e cursos diversos, así como os programas de investigación financiados por facultades, institucións socioculturais públicas e privadas e outros organismos de carácter científico.

Dando mostras da súa boa saúde, ata hoxe estes estudos están implantados en máis de trinta países europeos. É certo que os debates se internacionalizaron, que se produciu unha auténtica converxencia de intereses, que se falou de «globalización» e problemas comúns, pero tamén que a historia das mulleres é hoxe plural, diverxe nos métodos e nas formas de escritura, vai máis alá de *le piccole e grandi diversità* postulada polas autoras italianas<sup>12</sup>, segundo se desprende da atención prestada ós enfoques multiculturais, nacionais, ós fenómenos migratorios, á mestizaxe e á reconstrución das identidades.

A historia das mulleres é hoxe plural, diverxe nos métodos e nas formas de escritura, vai máis alá de *le piccole e grandi diversità* postulada polas autoras italianas

Non se pode construír a historia das mulleres só desde o punto de vista dos colectivos femininos occidentais, de raza branca e clase media. Pero mesmo neste ámbito, ata certo punto homoxéneo, hai que falar en plural: as historiadoras europeas achegaron nas últimas décadas as súas propias teorías e interpretacións fronte á hexemonía da historiografía feminista americana. A tradición francesa interpretou o xénero a partir do interese pola «longa duración» e conforme unha historia da diferenza dos sexos atenta ós discursos, ás representacións e ó imaxinario; unha historia máis cultural ca social, aínda que algunhas das súas cultivadoras, como é o caso de Michelle Perrot, teñan unha sólida formación nese campo. Arlette Fargue, seguindo este enfoque, demostrou que as formas de poder das mulleres tenden a expresarse en termos culturais<sup>13</sup>; Geneviève Fraisse cultiva unha historia política escrita desde a *diferenza dos sexos*, cunha perspectiva que prioriza, sobre todo, a historia intelectual<sup>14</sup>. Françoise Collin sinalou que o feito de privilexiar *discursivamente*, non socialmente, o concepto de «feminidade» supón o perigo de esquecer a realidade sociopolítica das mulleres, os seus razoamentos económicos e éticos, as súas circunstancias reais<sup>15</sup>. Pola súa banda, Erika Varakis advirte que o estudo unilateral e hexemónico das prácticas culturais pode converterse nunha maquinaria de guerra contra a historia social, debido á perda de contido político das identidades subxectivas e colectivas<sup>16</sup>.

En España, a Historia das Mulleres produciu na última década un debate de ideas centrado na relación entre os discursos e as prácticas sociais, as diversas formas de feminismo e de poder, o uso dos conceptos «xénero» e «diferenza sexual». A cidadanía feminina, os nacionalismos e o multiculturalismo son algúns dos temas que suscitaron un grande interese. A cidadanía feminina foi reivindicada nun sentido social e cívico, non só político<sup>17</sup>. A historia do nacionalismo, lida en clave feminista,

propón unha interpretación innovadora de pertenza a unha comunidade a partir dun sistema de representacións culturais no que ten un profundo significado a diferenza sexual<sup>18</sup>. O multiculturalismo foi abordado desde unha perspectiva transversal de xénero, interdisciplinaria<sup>19</sup>. A este respecto, Mary Nash destacou os criterios segregacionistas do proceso de homoxeneización europea e lémbraos que o recoñecemento do excluído —o sexo, a etnia, a raza— non só restituirá un dos máis clamorosos esquecementos da Ilustración, senón que contribuirá a consolidar o proxecto modernizador que no seu día propuxo Habermas<sup>20</sup>. Pero fronte a estas preocupacións, detéctase certa



indiferenza polas cuestións epistemolóxicas, certo descoído polo debate teórico, unha actitude que comparte hoxe a historiografía española na súa totalidade.

En Italia, o coñecemento dos rexistros históricos femininos é debedor dos presupostos do pensamento da diferenza sexual que, de maneira sintetizada, se sustenta en tres postulados: a) a diverxente expresión das experiencias feminina e masculina, quedando o neutro consignado no terreo da abstracción; b) o feito de que a cultura patriarcal connote positivamente os elementos que corresponden á experiencia masculina e negativamente os que derivan da experiencia feminina; c) a necesidade de reconstruír

Non se pode construír a historia das mulleres só desde o punto de vista dos colectivos femininos occidentais, de raza branca e clase media

esta dicotomía mediante un código cultural alternativo que introduza na análise histórica as nocións de *subxectividade*, *experiencia*, *mediación* e *autoridade*, e conceda un lugar á orde materna e ás formas de resistencia ó contrato sexual<sup>21</sup>. Porén, a tradición italiana conta tamén con outras correntes teóricas interesadas por establecer o papel das mulleres na cultura política do fascismo, os movementos sociais, a vida cotiá e a microhistoria. Neste marco, Gianna Pomata introduciu a noción de «relacións de padroado» entre os sexos, que pode definirse como un conxunto de trocos económicos, emocionais e afectivos entre homes e mulleres, pero nos que elas cangan coa peor parte<sup>22</sup>.

¿De onde provén esta diversidade? Os que se aproximaron á historia das mulleres saben que as súas orixes e evolución están vinculadas ó pensamento feminista tanto como poden estalo a historia do movemento obreiro e o pensamento socialista. Françoise Collin e Mary Evans<sup>23</sup>, por citar só dous nomes, recoñecen ese vínculo que está percorrido por influencias marxistas, estruturalistas, lacanianas, posmodernas. Non falamos dun pensamento feminista único, ríxido e dogmático, senón plural, aberto, *contaminador* e asemade *contaminado* por teorías críticas e compromisos políticos desde os remotos tempos da súa colaboración co abolicionismo ata a actualidade, no que o «xiro lingüístico» orixinou numerosas interpretacións sobre a realidade, o método histórico e o deconstrucionismo, así como unha viva polémica á hora de optar por unha *historia discursiva* ou unha *historia social* das mulleres.

Dúas antigas colaboradoras, Joan Scott e Louise Tilly, exemplifican esta dualidade. A primeira definiu o concepto «xénero», en 1986, como unha categoría de análise histórico-social conformada por dúas proposicións interconectadas: un elemento constitutivo das relacións sociais baseado nas diferenzas que distinguen os sexos e unha forma primaria de relacións significantes de poder construída culturalmente e, polo tanto, suxeita a cambios<sup>24</sup>. Esta categoría

analítica de consecuencias daquela descoñecidas foi perfilada por Scott dous anos máis tarde, cando trasladou ó ámbito dos *Women's Studies* a ferramenta do «xiro lingüístico»<sup>25</sup>. O posmodernismo chamara á porta da historia das mulleres, chegando a ser un elemento imprescindible para un sector do feminismo. Os resultados non se fixeron agardar. Tanto a experiencia do suxeito histórico como a experiencia das/dos profesionais cuestionouse co argumento de que a linguaxe e a textualidade son os elementos primordiais da conciencia humana e dos acontecementos. Louise Tilly mostrou o seu desacordo con estes parámetros que subestimaban o social, prestaban escasa atención



ó contexto, cuestionaban a posibilidade de coñecer o mundo real, de explicalo e transformalo, e servían para rexeitar as experiencias comúns e os problemas do sexo feminino na vida cotiá<sup>26</sup>. O postestruturalismo non só desvertebraba o concepto «mulleres», senón que impedía identificar o patriarcado, o inimigo de xénero e de clase.

Non era a primeira vez que saían á luz as diferenzas do pensamento feminista. Así, mentres que o discurso da igualdade sitúa en primeiro plano a educación, o traballo e o sufraxio, xunta doutros dereitos políticos, a tradición do feminismo social ou relacional formula os dereitos, tácticas e estratexias do movemento de mulleres nun contexto de

Os que se aproximaron á historia das mulleres saben que as súas orixes e evolución están vinculadas ó pensamento feminista tanto como poden estalo a historia do movemento obreiro e o pensamento socialista



Os significados das relacións de xénero demostran que a diferenza entre os sexos constitúe unha importante base da identidade subxectiva e colectiva e que a súa articulación non se constrúe de costas ó poder

complementariedade entre os sexos, considerando que a familia é a unidade política básica do Estado-Nación<sup>27</sup>. Así mesmo, a traxectoria do pensamento da diferenza sexual difire da trazada polo feminismo igualitario e cuestiona a neutralidade da cultura e os valores políticos e éticos ó uso, que fan «desaparecer» as mulleres aínda que elas conseguisen os dereitos igualitarios básicos. Por forza, o feminismo socialista representou tamén un xiro copernicano respecto ó igualitario ou liberal, sobre todo á hora de establecer as causas da opresión feminina ou de considerar os intereses das mulleres adscritas a diferentes clases sociais. Non hai que esquecer que o marxismo concede un lugar hexemónico, central, á loita de clases, e que este feito torna opaca calquera outra forma de opresión, mesmo a discriminación sexual. Pódese dicir que xénero e clase constitúen un «matrimonio mal levado»<sup>28</sup>, aínda que esa mala relación orixinase interesantes debates sobre as formas de conciencia —de clase, de xénero, nacional, étnica— sobre a maneira en que se constrúe ou rompe a clase a partir do xénero, e máis recentemente sobre as identidades e a súa reconstrución<sup>29</sup>.

Os significados das relacións de xénero demostran que a diferenza entre os sexos constitúe unha importante base da identidade subxectiva e colectiva e que a súa articulación non se constrúe de costas ó poder, senón que, *en si mesma*, é poder, motivo polo que as concepcións culturais que vertebran esa diferenza e os cambios experimen-

tados nas relacións sociais entre mulleres e homes non se poden separar dos procesos políticos nos que participan ambos os colectivos. Este enfoque permitiu abordar a análise do traballo nos seus aspectos produtivos e reprodutivos, a formación da clase social, as diversas concepcións da cidadanía, os usos do tempo e a diferenciación entre *intimidade* e *domesticidade* en termos de xénero. ¿De onde proveñen os ordenamentos sociais que «regulamentan» a división sexual do traballo reprodutivo? ¿Como podemos explicar os persistentes vínculos da masculinidade co poder? Para responder a estas cuestións non só hai que prestar atención ás bases materiais e ó marco político, senón ós sistemas simbólicos que contribúen a configurar as estruturas de prestixio asociadas a ambos os sexos.

Vimos que o pensamento da diferenza sexual reflite espazos de experiencia feminina nos que o poder non é o principal significativo porque non o ter non é significativo<sup>30</sup>. Nesta tradición, que prima o estudo da maternidade e a súa orde simbólica, as biografías de mulleres, as formas de liderado e os dereitos femininos, o obxectivo principal non é atopar un lugar para a Historia das mulleres no paradigma da historia, senón percibir que «hai unha historia cuxo significativo é o poder e hai outra historia cuxo significativo é a práctica da relación. A primeira, a historia tradicional, é máis de homes ca de mulleres; a segunda, a historia máis de hoxe, é máis de mulleres ca de homes»<sup>31</sup>.

O feminismo, en fin, ó ter que se expresar na linguaxe do «outro» —non só o outro sexual, senón o outro social, o outro racial— deixou nas marxes o punto de vista de numerosos grupos étnicos, culturais e relixiosos. Así e todo, a variedade dos seus discursos converteu a Historia das Mulleres en punto de confluencia, e moitas veces no nó central de cuestións relacionadas co poder, a cultura, a construción das identidades, as prácticas sociais e as representacións.

NOTAS

- <sup>1</sup> Mercedes Vilanova, «La Confianza en la Historia», *Historia, Antropología y Fuentes Orales* n.º 25, 2001, 7-16.
- <sup>2</sup> Carlos Barros, «La Historia de las mujeres en el nuevo paradigma de la Historia», en Cristina Segura Graiño (ed.), *La Historia de las mujeres en el nuevo paradigma de la Historia*, Madrid, Asociación Cultural Al-Mudayna, 1997, páxs. 55-61.
- <sup>3</sup> Peter Burke, *Sociología e Historia*, Madrid, Alianza Editorial, 1987, páxs. 18-19.
- <sup>4</sup> Para estas cuestiones, M.ª Dolores Ramos, «Arquitectura y construcción de la Historia de las mujeres en Andalucía: últimas aportaciones (1992-2002)», en *Actas del III Congreso de Historia de Andalucía. Historia de la Mujer(I)*, Córdoba, Publicaciones Obra Social y Cultural CajaSur, 2002, páxs. 17-45.
- <sup>5</sup> M.ª Dolores Ramos, «Historia de las mujeres, saber de las mujeres: la interpretación de las fuentes en el marco de la tradición feminista», *Feminismo(s)* (Universidade de Alacante) n.º 1, 2003, páxs. 19-32.
- <sup>6</sup> Gerda Lerner, *La creación del patriarcado*, Barcelona, Crítica, 1990, pág. 20.
- <sup>7</sup> Mary Nash, «Dos décadas de Historia de las mujeres en España: una reconsideración», *Historia Social*, n.º 9, 1991, 137-161.
- <sup>8</sup> Milagros Rivera Garretas, «La Historia de las mujeres ¿es hoy la Historia?», en Cristina Segura Graiño (ed.), *La Historia de las mujeres en el nuevo paradigma de la Historia... op. cit.*, pág. 65.
- <sup>9</sup> Paola di Cori, *Made in USA e Made in Europa: La storia delle donne in una prospettiva di comparazione*, Valencia, versión dactilográfica, 1992. Cf. Isabel Morant, «El sexo de la Historia», en Guadalupe Gómez-Ferrer Morant, *Las relaciones de género* (Dossier), *Ayer* n.º 17, 1995, páxs. 53-54.
- <sup>10</sup> Isabel Morant, *op. cit.*, páxs. 52-59.
- <sup>11</sup> Mary Nash, «Conceptualización y desarrollo de los estudios en torno a las mujeres: un panorama internacional», *Papers. Revista de Sociología*, n.º 30, 1988, 13-22. Isabel de Torres Ramírez e Ana M.ª Muñoz Muñoz, *Fuentes de Información para los estudios de las Mujeres*, Granada, Feminae-Universidad de Granada, 2000.
- <sup>12</sup> Annarita Buttafuoco, «Historia y memoria de sí. Feminismo e investigación histórica en Italia», en Giulia Colaizzi (ed.), *Feminismo y teoría del discurso*, Madrid, Cátedra, 1990.
- <sup>13</sup> Arlette Fargue, «La Historia de las mujeres. Cultura y poder de las mujeres. Ensayo de historiografía», *Historia Social* n.º 9, 1991, 79-101.
- <sup>14</sup> Geneviève Fraisse, *Musa de la Razón. La democracia excluyente y la diferencia de los sexos*, Madrid, Cátedra, 1991.
- <sup>15</sup> Françoise Collin, «Du moderne au postmoderne», *Cahier du GEDISIT*, n.º 14, 1995, 7-26.
- <sup>16</sup> Erika VARIKAS, «Féminisme, modernité, postmodernisme: par un dialogue de deux côtés de l'océan», en *Futur antérieur. Féminisme au présent*, Paris, L'Hartmann, 1993.
- <sup>17</sup> M.ª Dolores Ramos, «La ciudadanía y la historia de las mujeres», *Ayer*, n.º 39, 2000, 245-253; Ana Aguado, «Historia del género y ciudadanía en la sociedad contemporánea española», *Ayer*, n.º 49, 2003, 293-304.
- <sup>18</sup> Mercedes Ugalde, «Notas para unha historiografía sobre nación y diferencia sexual», *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*, vol. 3, n.º 2, 1996, 217-256.
- <sup>19</sup> Mary Nash e Diana Marre (eds.), *Multiculturalismo y género. Un estudio interdisciplinar*, Barcelona, Bellaterra, 2001.
- <sup>20</sup> Jürgen Habermas, *Historia y crítica de la opinión pública*, Barcelona, Gustavo Gili, 1981.
- <sup>21</sup> Luisa Muraro, *El orden simbólico de la madre*, Madrid, Horas y Horas, 1994, e «Hacer política, escribir la Historia. Notas de trabajo», *Duoda, Papers de treball*, n.º 2, 1991, 87-97.
- <sup>22</sup> Ver VV. AA., *Ragnatele di reporte. «Patronage» e reti di relazione nella storia delle donne*, Turín, Rosenberg & Seller, 1988.
- <sup>23</sup> Françoise Collin, «Diferencia y diferendo», en Georges Duby e Michele Perrot (dirs.), *Historia de las mujeres en occidente. Vol. V. El siglo XX*, Madrid, Taurus, 1993, páxs. 291-331. Mary Evans, *Introducción al pensamiento feminista contemporáneo*, Madrid, Minerva de Ediciones, 1998.
- <sup>24</sup> Joan W. Scott, «El género: unha categoría útil para el análisis histórico», en James S. Amelang e Mary Nash (eds.), *Historia y género. Las mujeres en la Historia de Europa*, Valencia, Alfons El Magnànim, 1990.
- <sup>25</sup> Joan S. Scott, *Gender and the politics of History*, Nova York, Columbia University Press, 1988.
- <sup>26</sup> Louise Tilly, «Genre, histoire des femmes et histoire social», *Genèses*, n.º 2, 1990, 148-166.
- <sup>27</sup> Karen Offen, «Definir el feminismo: un análisis histórico comparativo», *Historia Social*, n.º 9, 1991, 103-135.
- <sup>28</sup> Heidi Hartmann, «Un matrimonio mal avenido: hacia unha unión más progresiva entre marxismo y feminismo», *Zona Abierta*, n.º 24, 1974, 85-113. Mariano F. Enguita, «El marxismo y las relaciones de género», en M.ª Ángeles Durán (ed.), *Mujeres y hombres en la formación del pensamiento sociológico*, Madrid, CIS, 1996. Ana de Miguel Álvarez, «El conflicto sexo-género en la tradición socialista», en Celia Amorós (coord.), *Historia de la teoría feminista*, Madrid, Universidad Complutense-Instituto de Investigaciones Feministas, 1994.
- <sup>29</sup> M.ª Dolores Ramos, «Historia Social: un espacio de encuentro de género y clase», en Guadalupe Gómez-Ferrer Morant (ed.), *Las relaciones de género* (monográfico), *Ayer*, n.º 17, 1995, 85-102. Kathleen Canning, «El género y la política de formación de la clase social: nuevas reflexiones sobre la historia del movimiento obrero alemán», *Arenal*, vol. 2, n.º 2, 1995, 175-218.
- <sup>30</sup> Milagros Rivera Garretas, «La Historia de las mujeres ¿es hoy la Historia?», *op. cit.*, pág. 65.
- <sup>31</sup> *Ibidem*, pág. 71.

## CÁRCERE, PODER E XÉNERO

# O PRESIDIO POLÍTICO FEMININO NO FRANQUISMO

RICARD VINYES\*

A ausencia de liberdade, a vixilancia e o castigo non son elementos abondos para comprender a natureza do presidio franquista; ó cabo e ó remate, eses son elementos universais e xenéricos do presidio común. Emporiso, demasiadas veces se mira o cárcere deste maneira, talvez porque esas son unhas realidades tan ferintes que agachan a única pregunta que permite comprender a natureza do encarceramento político, a pregunta polo poder, en canto que a resposta a esa pregunta sempre amosa relacións humanas e formas de dominio e, polo tanto, seres vivos que actúan, que interpretan a súa ausencia de liberdade, que interpretan a razón dos castigos e do asedio constante. Pero iso require comprender que presos e presas endexamais «estiveron» no cárcere: viviron nel.

De feito, a finalidade do universo penal franquista foi conseguir a transformación de existencias, e para façelo funcionou como unha inmensa industria que executou unha serie de operacións políticas, culturais, económicas e sociais destinadas a aniquilar a biografía de homes, mulleres e nenos. O mecanismo central que moveu esa industria consistiu no desposuimento integral, material e moral dos disidentes capturados, un desposuimento cotián de defensas físicas e de vontade practicado mediante a humillación que sofre quen nada ten. Insisto nisto porque demasiadas veces ponse a énfase no uso da ideoloxía como forma de poder no cárcere e, porén, a ideo-



loxía, a presenza de símbolos, consignas, rezos e cantos tería resultado ineficaz como instrumento de poder en homes e mulleres sometidos a longas condenas e pouco permeables á propaganda.

Desposuimento e expropiación, sabiamente administrados por relixiosas e funcionarios, actuaron como ferramentas de humillación, como instrumentos de destrución de defensas que permiten comprender que a xestión da miseria imperante nas cadeas posuía unha fundamentación política destinada a conseguir a finalidade principal do cárcere: dobregar e transformar os presos e presas.

Os mecanismos do poder carcerario nos cárceres de mulleres e as estratexias e respostas xeradas polas presas para reivin-

\* TRADUCIÓN DO CASTELÁN: ANTONIA TATO FONTAÑA

dicaren a condición de políticas que a ditadura lles negaba —coma no caso da folga de fame realizada polas presas no Penal Central de Segovia a principios de xaneiro de 1949— foron basicamente as mesmas que nos cárceres de homes. Pero a realidade cotiá delas era máis complexa.

A menstruación, as alteracións biolóxicas, a frecuente aparición de menopausa precoz, os embarazos, a convivencia con fillos e fillas que ingresaran no cárcere canda elas ou que nacían nel, ou a inqueda polo fillo vagando polas rúas sen posibilidade de atención familiar e nas mans da beneficencia do Estado ou da Igrexa, xeraron nos presidios femininos unhas posibilidades de control, de aldraxe e sometemento máis variadas e sutís, pero poderosas, especialmente nos centros xestionados por relixiosas.

Por outra banda, a atención solidaria coas presas políticas foi ben menor cá mantida nos cárceres masculinos; ademais, a oferta de traballo penal oficial —unha posibilidade de obter ingresos cos que contribuír á supervivencia— era moi inferior á oferta de traballo existente nos presidios de homes, polo que as condicións de vida foron de gran dureza e o asedio humano ó que as sometieron, destinado a facelas sucumbir, tamén.

Comprender o que significa «sucumbir» dentro do cárcere —expresión utilizada decote polas presas— é importante. Significa perder a capacidade de negar a totalidade do sistema malia non poder actuar na súa contra.

Iso foi o que relatou Primo Levi desde a súa experiencia no *Läger*: sempre fica, no fondo do desposuimento, a capacidade de dicir «non consinto o que está a suceder». Perder esa capacidade de negación é sucumbir. Porque é consentir a propia degradación, por iso é importante, vital, non tolerar unha rachadura na roupa, un burato na zapatilla, un descosido na manga; ter bo aspecto, mesmo enfeitar os vestidos, cinguilos, amañalos para resaltar o propio corpo porque significa quere-lo. Por iso é importante adornarse con brincos, con fitas no pelo ou cade-

ñas no pescozo, non andar desleixada, evitar a imaxe de afundimento. Iso si forma parte da estrutura de poder, e a dirección dos presidios foi consciente de que era así. Por iso mesmo, o director do Penal Central de Mulleres de Segovia, don Primitivo Requena, escribiu en 1955 a seguinte orde de vestimenta no Libro de Ordes, un voluminoso caderno onde os directores anotaban a cotío aquilo no que as funcionarias habían de centrar o seu esforzo para o bo funcionamento do establecemento carcerario.

Sr. Ayudante: Adoptará las medidas precisas para imponer a toda la población reclusa la más absoluta sencillez en el vestuario y peinado; prohibiendo, sin excepción, el uso de prendas no reglamentarias (blusas, jerséis, etc.) cuando sean de colores chillones o llamativos; debiendo procurar que tales prendas sean blancas o de tonos poco diferenciados del blanco. Las cintas y lazos que se usen para sujetar el pelo habrán de ser de color negro, prefiriéndose el cordón a la cinta. Los collares y los pendientes excesivamente largos o de tamaño exagerado serán igualmente prohibidos. En resumen, es preciso que la presentación exterior de todas las reclusas esté en perfecta armonía con la seriedad exigida por mi establecimiento penitenciario. A todas las mujeres que ingresan en prisión, si son menores de cuarenta y cinco años, se les cortará el pelo, dejándoles media melena al objeto de combatir, con la mayor eficacia, la presencia de parásitos. Igual medida se adoptará con las internas a las que se imponga el correctivo de reclusión en celda. Una vez copiada esta orden y cumplimentada, será devuelta para su archivo<sup>1</sup>.

A vontade disciplinaria da orde e a súa intención de humillar resultan evidentes, e os enfrontamentos —e castigos— por eses temas, básicos para as presas, para manter a diferenza e a autoridade na prisión foron constantes ó longo dos anos<sup>2</sup>, facían parte

Comprender  
o que significa  
«sucumbir»  
dentro do  
cárcere é  
importante.  
Significa perder  
a capacidade  
de negar a  
totalidade do  
sistema malia  
non poder  
actuar na súa  
contra

da tensión de poder.

Se non interrogamos esa estrutura de poder, xamais daremos captado nin a acción de dominio, nin as actitudes diante desa acción e, entón, os presos e presas aparecen estáticos, quedos, coma simples vítimas, axentes pasivos que xorden diante nosa só coma corpos sufrintes, incapaces de calquera cousa que non sexa o laio, esgotados neles mesmos e simples obxectos de piedade. Pero ese é un cadro ahistórico, sen contexto. Prescinde do sentido da súa captura, do seu interrogatorio e do seu proceso xudicial, da súa biografía. En definitiva, prescinde da súa identidade construída con actos conscientes e destinados a un proxecto político explícito: facer imposible a subsistencia da ditadura. Por iso e non por outra razón está na cadea, velaí a súa posesión máis importante.

Se interrogamos os mecanismos de poder real no interior do presidio —e xa dixen cales son—, se interrogamos o seu exercicio e a súa evolución, todo toma outra dimensión. Non só aparecen o dominio, a vixilancia e as punicións inherentes a todo sistema penal, xorde outro elemento. Observamos que aquela presa actúa —e vive— en relación co poder interno da prisión, e observamos que é autora de respostas destinadas a manter a súa negativa a consentir o Novo Estado, representado no cárcere pola Igrexa e os funcionarios, que pola súa banda han adecuarse ás actitudes das capturadas se non queren ter problemas na prisión.

Cando falo do poder interno do cárcere, non me estou a referir ó poder natural do funcionario ou da celadora, aquel poder que emana da autoridade automática que se establece entre vixiantes e encarcerados. Refírome ó poder que pretende e posúe obxectivos político morais destinados a obter o éxito do proxecto global da prisión: dobregar e transformar a identidade, ou, dito no vocabulario carcerario, redimir, que vén sendo o mesmo.

As presas captaron esa situación, o

sentido de dominio, «Por una parte quieren obligarnos a vivir en la porquería, por rebajarnos, por hacernos sufrir. Pero sobre todo, buscan enfrentarnos unas con otras por un vaso de agua»<sup>3</sup>.

Desde o inicio do seu cativerio consideraron que a acción política consistía en salvar a vida, en sobrevivir. Pero sobrevivir colectivamente, e iso por un motivo: impedir as relacións selváticas dun medio e dunha situación consistente en xerar competencia polos bens escasos, ou sexa, pola vida.

Ese esforzo polo ben común xerou institucións propias, coma tal as comunas ou familias de cárcere, e supuxo a creación dun espazo de civilización onde poder vivir segundo os propios costumes éticos, opostos ós das funcionarias e relixiosas, ou o que é o mesmo, opostos ó franquismo.

Ese espazo de civilización non era nin máis nin menos que o resultado dunha provisión de esforzos por manter a hixiene, a rendibilidade máxima dos alimentos, e de crear as propias redes alternativas de distribución de produtos e de aprendizaxe cultural.

Pero era tamén unha actitude que defendía a natureza política das presas. E con ese obxectivo esforzáronse por constituír unha autoridade moral no conxunto da poboación carceraria que garantise a existencia e o mantemento dunha economía identitaria, un sistema de administración de bens e recursos morais que as facía sentirse humanas e que lle daba sentido á permanente actitude vindicativa da súa diferenza e do seu irredentismo nun cativerio homoxeneizador e redentorista.

Pero esa autoridade moral ¿de onde debía proceder? En realidade só podía vir do mantemento das súas conviccións. Se «morrían» as razóns polas que foron capturadas, ¿que quedaba delas?, ¿que sentido tiña a súa vida entre muros, reixas, monxas e capeláns? Por esas razóns procuraron afianzar, consolidar e defender a súa identidade política nun mundo organizado xus-

**Observamos que aquela presa actúa en relación co poder interno da prisión, e observamos que é autora de respostas destinadas a manter a súa negativa a consentir o Novo Estado, representado no cárcere pola Igrexa e os funcionarios**

tamente para destruíla, e senón, para agachala.

Por exemplo, se miramos os cárceres de mulleres, veremos que estableceron as relacións cotiás coa administración do presidio a través do reto, do desafío constante destinado a defender a súa calidade de políticas mesmo que lles custase castigos e traslados.

En realidade, procuraron converter a dor do illamento e a miseria en acción política. Unha presa sintetizou moi ben o resultado dese proceso que relaciona sufrimento e desafío, colidindo directamente co poder interno e cotián do presidio. É a narración dunha muller con dezaseis anos de experiencia no penal:

A la presó no parlàvem exàctament de la guerra. La guerra eren els enfrontaments per les situacions que vivíem a la presó, per la manca de tot. Aquesta era la nostra lluita constant i consideràvem que per a nosaltres la guerra no havia acabat. No és que estiguessin a fora del temps, sinó que aquesta era la única manera de conservar la nostra condició de preses polítiques; ens sentíem satisfetes i orgullosos de ser-ho i la confrontació era contínua amb la Direcció de la presó, amb les monges, amb les funcionàries, per totes aquelles injustícies i maltractaments que nosaltres estàvem sofrint, perquè no ens podíem dutxar, perquè no podies escriure a casa, perquè et castigaven si no anaves pel camí que ells volien, per la disciplina interna, pel tracte personal de les cel.ladores i la Direcció. Per tot això estàvem en guerra cada dia, perquè volíem contestar tot el seu sistema opressiu no acceptant-les com a vencedores, sinó tan sols com a dominadores.<sup>4</sup>

É unha síntese exacta desa tensión de poder que define a uns e a outros, os de arriba e mais os de abaixo.

Para rematar, quero precisar o que considero que debemos entender como inalterable dos grandes sistemas políticos

represivos, e que non é a cantidade, o volume de mortos e encarcerados, nin tampouco os procedementos de liquidación, senón a negación, a negación do crime humano, ben sexa borrándoo, ben encubríndoo cunha linguaxe que contribúe a banalizar a vulneración dos dereitos das persoas, de aí o efecto negativo, pero historicamente funcional, de leis de «punto final» como a Lei de amnistía de 1977. Emporiso, a cuestión non está en «esquecer ou lembrar», como a miúdo se expón en numerosos debates e foros moi ben intencionados; iso desenfoca gravemente o asunto de fondo, ó cabo é á conta remite o problema a opcións individuais absolutamente libres. O tema de fondo é considerar a historia, o coñecemento histórico, como un dereito civil, polo que debe ser garantido pola administración, e debe estimular o seu uso argumentando que quen o practica se torna civilmente máis sabio e, xa que logo, máis libre.

#### NOTAS

<sup>1</sup> *Libro de Órdenes del Penal Central de Mujeres de Segovia*, 10 de agosto de 1955. APCMS.

<sup>2</sup> Sobre o tema, ver Ricard Vinyes: *Irredentas. Las presas políticas y sus hijos en las cárceles franquistas*, Madrid, Temas de Hoy, 2002.


<sup>3</sup> Mercedes Núñez: *Cárcel de Ventas*, París, Éditions de la Librairie du Globe, 1967, pág. 23.

<sup>4</sup> María Salvo Iborra/ Ricard Vinyes, *Grabación 29-3-2000*

Tradución: «No cárcere non falabamos exactamente da guerra. A guerra eran os enfrontamentos polas situacións que viviamos no cárcere, pola falta de todo. Esa era a nosa loita constante e considerabamos que para nós a guerra non rematara. Non é que estivésemos fóra do tempo, senón que esa era a única maneira de conservar a nosa condición de presas políticas; sentiámonos satisfeitas e orgullosas de selo e a confrontación era continua coa Dirección do cárcere, coas monxas, coas funcionarias, por todas aquelas inxustizas e malos tratos que nosoutras estabamos a sufrir, porque non nos podíamos duchar, porque non podías escribir á casa, porque te castigaban se non ías polo camiño que eles querían, pola disciplina interna, polo trato persoal das celadoras e a dirección. Por todo iso estabamos en guerra cada día, porque queríamos contestar todo o seu sistema opresivo, non aceptándoas como vencedoras, senón só como dominadoras».

Os cárceres de mulleres, veremos que estableceron as relacións cotiás coa administración do presidio a través do reto, do desafío constante destinado a defender a súa calidade de políticas


**RICARD VINYES**  
UNIVERSIDADE DE BARCELONA



## Españois todos

Suso de Toro


As cartas para construír un novo  
espazo político de convivencia  
de cidadáns e nacións.



## O regreso dos maquis

Carlos G. Reigosa

As peripecias duns homes que  
viviron un tempo inhumano



## O sarillo do tempo

Xosé Neira Vilas

Relatos coa substancia da vida

# AS MULLERES E AS FOLGAS: MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN FEMININA NA CONFLITIVIDADE LABORAL DURANTE A DITADURA FRANQUISTA

CLAUDIA CABRERO

Ó longo das últimas décadas, o desenvolvemento da historia das mulleres permitiu revisar, desde a perspectiva analítica do xénero, os eixes interpretativos da historia. Cada vez son máis as investigacións que, seguindo esta liña, estudan o papel que as mulleres desempeñaron no conxunto do movemento obreiro español e reflexionan sobre a especificidade do traballo feminino, a relación das mulleres cos sindicatos e a súa forma de afrontar as loitas laborais<sup>1</sup>. As páxinas que seguen teñen por obxecto recoñecer como, malia as dificultades coas que o réxime franquista tratou de obstaculizar o acceso das mulleres ó traballo remunerado, estas destacáronse na conflitividade laboral mediante a súa participación nos movementos de folga de dúas formas diferentes: en primeiro lugar, como elementos de apoio á loita dos homes nos conflitos organizados e liderados por eles e, en segundo lugar, como protagonistas directas das folgas que se desenvolven naquelas fábricas onde a man de obra é maioritariamente feminina<sup>2</sup>.

## O labor das mulleres no apoio ás folgas dos homes

Unha das principais contribucións das mulleres á loita contra a ditadura consistiu no labor de apoio á actuación dos seus



homes e familiares nos conflitos laborais. Esta mobilización estaba directamente relacionada co carácter de axuda ó grupo que o modelo tradicional de xénero lles impuña ás mulleres. Mediante o seu apoio ós traballadores, elas actuaban de nexo entre a fábrica e a comunidade, permitindo a xeneralización do conflito.

Un dos exemplos máis significativos deste comportamento é o das mulleres dos mineiros durante as folgas de Asturias de 1962<sup>3</sup>. Ademais das manifestacións que organizaron nas inmediacións dos clausurados economatos mineiros, estas mulleres percorreron a conca mineira levando noticias, chamando á solidariedade, buscando axuda material, formando piquetes, cerrándolle o paso ós reforzos da Garda Civil, visi-



A mobilización feminina foi decisiva para soste a folga e serviu, ademais, de estímulo para a resistencia no interior e para a solidariedade no exterior

tando o gobernador civil e as autoridades eclesiásticas, protagonizando peches... Un dos aspectos máis significativos destas accións é que se levaban a cabo en espazos públicos frecuentados pola poboación feminina, o que permitiu que o conflito mineiro saíra do ámbito pechado do traballo. O recoñecemento de problemas comúns fixo xurdir entre estas mulleres vínculos de solidariedade que levaron ó desenvolvemento dunha conciencia feminina presente mesmo entre aquelas de ideoloxía contraria ó conflito. A mobilización feminina foi decisiva para soste a folga e serviu, ademais, de estímulo para a resistencia no interior e para a solidariedade no exterior.

Testemuño do protagonismo de moitas destas mulleres foi a represión, tanto física coma económica, que se desatou sobre elas. A solidariedade cos mineiros asturianos foise estendendo moi de présa por toda España e o seu resón escoitouse mesmo alén das nosas fronteiras. Houbo accións de protesta na industria téxtil catalana, nas fábricas conserveiras de Murcia ou no campo cordobés, sectores, todos eles, con elevada presenza feminina. Así mesmo, en maio de 1962, concentráronse na Porta do Sol (Madrid) grupos de mulleres, esposas de intelectuais, actrices, estudantes, etc. para mostraren a súa solidariedade con Asturias<sup>5</sup>.

En xullo de 1963, tivo lugar unha nova folga e a represión adquiriu maior virulencia ca nas anteriores. Despois de meses de privacións e persecucións, as mulleres dos folguistas mantiveron o seu apoio á loita e algunhas, como Ana Sirgo e Tina Pérez, foron por esa causa detidas e castigadas con moita dureza.

A partir deste momento, a organización obreira estruturábase cada vez máis. Ó remate de 1963 e comezos de 1964, as empresas de Pegaso, EMT, RENFE, Barreiros e Standard (Madrid) viviron múltiples loitas parciais. Aquí, o papel das mulleres foi fundamental na repartición de follas informativas sobre os paros e a convocatoria de manifestacións e concentracións. Aínda que a súa participación directa foi minoritaria, o pulo moral que lle deron ós folguistas resultou decisivo<sup>6</sup>.

En 1968 rebentaron de novo as loitas dos mineiros en Asturias e, unha vez máis, as súas mulleres mobilizáronse. A comezos de 1969 enviaron dúas peticións ó gobernador civil de Oviedo: reclamaban liberdade para os detidos, denunciaban a grave situación económica e reivindicaban o dereito de folga; nos meses seguintes organizaron peches en distintas igrexas. A ocupación de espazos públicos fará que a participación das mulleres na loita sexa cada vez máis visible e permitiralles entrar en contacto

unhas coas outras, favorecendo así unha maior organización entre elas. Se ben é certo que a mobilización feminina respondía a un proxecto político xeral (o derrocamiento do franquismo) tamén o é que permitiu abrir novas perspectivas de loita.

Durante a década dos setenta as mulleres protagonizaron diversas mobilizacións que comezaron como accións de apoio e solidariedade cos seus homes e derivaron logo en reivindicacións relacionadas con problemas femininos específicos. Exemplo disto é a longa loita das mulleres dos obreiros de Motor Ibérica e Radiadores Roca de Gavá (Barcelona)<sup>7</sup>.

## A loita das mulleres nas fábricas: reivindicacións e conflitos

Desde o momento en que as mulleres empezan a incorporarse ó traballo nas fábricas, comezan a loitar polos seus dereitos laborais. Así e todo, a súa capacidade de organización e de resposta ten sido historicamente menor ca no caso dos traballadores. As causas desta situación están directamente relacionadas co papel subsidiario que a educación de xénero lles impuxo e cos obstáculos que dificultaron o seu acceso ó espazo público e as obrigou a delegar as súas reivindicacións en asociacións

lideradas por homes. Para analizar os trazos das mobilizacións emprendidas polas mulleres nas fábricas é necesario ter en conta a especificidade do traballo feminino e as características que a condición de muller imprime á súa participación na loita laboral.

Tralo período de autarquía, no que as mulleres viron moi limitado o seu dereito ó traballo asalariado, nos anos sesenta participaron de novo na actividade industrial. Dúas circunstancias determinan unha maior incorporación feminina ó mundo laboral: a aprobación da Lei de dereitos políticos, profesionais e do traballo da muller (1961)<sup>8</sup> e o inicio dunha nova conxuntura económica. A taxa de actividade feminina aumentou do 15,8 % en 1950 ó 27,5 % en 1975, e os sectores nos que maiormente seguiron traballando foron o servizo doméstico e a industria téxtil. Malia a nova lexislación, a man de obra feminina seguiu sendo a máis barata e capaz de adaptarse ós intereses do capital, e o traballo das mulleres continuaba desenvolvéndose en condicións deficientes<sup>9</sup>.

Desde fins dos sesenta agroma nas fábricas unha maior conflictividade feminina. Emporiso, a combatividade nos últimos anos non ha entenderse como ausencia de loita nos anos precedentes. De certo unha das primeiras fronteiras de actividade das mulleres tivo lugar no ano 1946, coas folgas xerais de Mataró, Terrassa e Sabadell. As traballadoras de varias fábricas téxtiles saíron á rúa en manifestación e conseguiron, coas súas folgas, aumentos salariais. En 1947, en Vigo, as obreiras da industria conserveira lograron un aumento da paga tras enfrontarse ó Sindicato Vertical cun comité sindical propio que actuaba na clandestinidade. En Sevilla, as traballadoras suspenderon o traballo para manifestárense contra o terror franquista. En todos estes casos, as mulleres comezan a combinar reivindicacións económicas e políticas.

Entre 1951 e 1952 o movemento obreiro viviu unha etapa de expansión e as

Para analizar os trazos das mobilizacións emprendidas polas mulleres nas fábricas é necesario ter en conta a especificidade do traballo feminino e as características que a condición de muller imprime á súa participación na loita laboral



traballadoras desempeñaron, tamén daquela, un papel relevante. Así, na folga xeral que estalou en Barcelona en 1951, as mulleres acudiron en masa a manifestarse resistindo as cargas da Policía Armada, que feriu e detivo un grupo delas considerable. En Terrassa, Sabadell, Mataró, Pamplona e Guipúscoa lanzáronse á loita, na primavera de 1951, o mesmo que fixeron o ano seguinte en Carcagente, Algemesí e Alcira<sup>10</sup>. Nunha fábrica conserveira de Cimadevilla (Xixón), as duascenas mulleres que alí traballaban fixeron un paro en protesta polo pagamento como ordinarias das horas extraordinarias<sup>11</sup>. Tampouco non faltaron á primeira gran proba de forza das CC.OO. fronte ó verticalismo: o convenio electoral de 1966. Tiveron nel unha destacada presenza tanto nas fábricas coma no sindicato, figurando moitas nas listas de delegadas e representantes.

Pódese afirmar que, durante estes anos, os conflitos laborais estiveron determinados pola situación de explotación da clase obreira. Agora ben, desde fins dos sesenta, a discriminación específica que afectaba as traballadoras empezou a ocupar un lugar destacado na conflictividade feminina. Unha das reivindicacións que mobilizaba de maneira particular as mulleres era a loita polas condicións hixiénicas e pola creación de espazos de relación propios onde poderen levar a cabo a acción política<sup>12</sup>. Na industria de xeados Camy, de Viladecans

(Cataluña), en 1969 as obreiras reduciron os ritmos de traballo para protestaren contra as condicións ambientais (as temperaturas chegaban en ocasións ós vinte graos baixo cero) e para pediren un aumento salarial. A prensa clandestina denunciaba en 1975 que as obreiras da fábrica de lámpadas Osram (Barcelona) traballaban enxordecidas polo ruído, que superaba os 90 decibelios<sup>13</sup>. Ó tempo, as peticións relacionadas co aumento salarial, a equiparación de soldos cos homes, a retribución completa en caso de enfermidade, a readmisión de despedidos ou a redución de xornada continuaban ocupando un lugar fundamental nas reivindicacións femininas. En 1973, as traballadoras da fábrica de confeccións de Morón de la Frontera denunciaron a total precariedade laboral e unha paga mensual de 2.100 pesetas, baixo forma de «recompensa», por unha prestación laboral diaria de oito horas e media. En Bagés (Barcelona), as traballadoras téxtiles de Hilaturas Pujol declaráronse en folga contra o baixo salario semanal e contra a abolición do premio de produción para as rapazas de 14 anos. O semanario de CC.OO., *Luchas Obreras*, denunciaba en 1974 a situación das obreiras mozas da fábrica de confeccións Sardá (Cerdanyola), que cobraban soldos miserables e, por riba, eran vítimas de toda clase de aldraxes. En 1975, na fábrica José Ormaechea (Eibar), as mulleres interrompían o traballo para pedir un aumento salarial e

Unha das reivindicacións que mobilizaba de maneira particular as mulleres era a loita polas condicións hixiénicas e pola creación de espazos de relación propios onde poderen levar a cabo a acción política





igualdade de paga cos homes. Significativo é tamén o caso da fábrica de caramelos Fiesta de Madrid, onde as obreiras suspendían as horas extraordinarias e rebaixaban os ritmos en protesta pola concesión do aumento só para os homes<sup>14</sup>.

Polo xeral, as formas de loita adoptadas polas traballadoras eran semellantes ás dos obreiros; destacaban a folga total ou parcial, a diminución dos ritmos, a ocupación de fábricas e as manifestacións, peticións ou peches nas igrexas. Por outra banda, as detencións, as cargas acompañadas ás veces polo uso das armas, a irrupción da Garda Civil nas fábricas, a contratación de crebafolgas para enfrontarse ás mulleres e a presión a través das familias eran os métodos represivos adoptados máis a miúdo pola patronal e o réxime. Á parte destas medidas, a arma preferida era o despedimento, que afectaba adoito as obreiras máis comprometidas e que, en moitos casos, revestía carácter de exemplaridade. Pese á situación de atraso (ou precisamente por ela) no sector téxtil, as traballadoras realizaron accións exemplares e, en especial a fins dos setenta, multiplicaron a loita. Un bo exemplo son as mobilizacións das obreiras da fábrica téxtil Induyco (Madrid) a partir de 1976<sup>15</sup>.

En resumo, malia as dificultades derivadas do sistema de xénero imperante na

sociedade franquista, as mulleres participaron activamente na conflictividade laboral. Esta participación, dirixida a través de canles diversas de acción e desenvolvida en diferentes escenarios, terá tanto para elas como para o conxunto do movemento obreiro consecuencias fundamentais. En primeiro lugar, o labor feminino de apoio ás reivindicacións dos mineiros suporá para un gran número de mulleres a oportunidade de entraren dunha forma politicamente activa na organización da oposición. Aínda que para a gran maioría o pulo de partida tiña un carácter emotivo e familiar, a decisión de facer públicas e xeneralizadas as súas propias loitas determinou un aumento do seu nivel organizativo e da súa conciencia política e feminina. Á vez, as mobilizacións que as mulleres emprenderon no interior das fábricas partían de problemas moi concretos (condicións hixiénicas, comedores, recoñecemento de categorías) para pasar, despois, ó plano político. Este proceso levaríaaas, por unha banda, ó recoñecemento da súa identidade de traballadoras, directamente relacionada coa clase social á que pertencen e, por outra, á reivindicación da súa identidade feminina, o que lles fará recoñecer a existencia dunha problemática específica derivada da súa dobre condición de mulleres e traballadoras. Cando nos anos últimos da ditadura as mulleres se sumen á

reivindicación de cuestións máis políticas en consonancia co resto dos traballadores, principiará para elas un período de perda de forza reivindicativa no que loitas históricas, como a igualdade salarial entre homes e mulleres, serán de novo supeditadas a reivindicacións xerais relacionadas coa fin do franquismo

## NOTAS

<sup>1</sup> Algúns dos traballos máis representativos son: C. Borderías, *Entre líneas. Trabajo e identidad femenina en la España contemporánea. La compañía Telefónica. 1924-1980*, Barcelona, Icaria, 1993; P. Candela, *Las cigarreras madrileñas: trabajo y vida (1888-1927)*, Madrid, Tecnos, 1998; A. del Bono, «Madrid tuvo 'La Fortuna'. Mecanización, género y trabajo en Madrid en el primer tercio del siglo», en *Sociología del Trabajo*, 28 (1996); P. Díaz Sánchez, *El trabajo de las mujeres en el textil madrileño. Racionalización industrial y experiencias de género (1959-1986)*, Málaga, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Málaga, 2001; J. Giráldez Rivero, «El trabajo de las mujeres en la industria conservera. Organización y conflictividad (Vigo, 1880-1917)», *Jornadas de Investigación Interdisciplinaria*, Madrid, 1987.

<sup>2</sup> As dificultades para a participación laboral da muller partían tanto da lexislación derivada do Foro do Traballo (1938) coma da estruturación mesma da sociedade española. Segundo o Foro do Traballo: «El Estado regulará el trabajo a domicilio y liberará a la mujer casada de la oficina y de la fábrica». A lexislación completouse con leis protectoras da familia (subsídios, premios á natalidade e ás familias numerosas) e restritivas no ámbito laboral (privación do plus familiar, «excedencia forzosa por matrimonio», vixente ata 1961, prohibición para exercer determinados traballos). M. C. García-Nieto, «Trabajo y oposición popular de las mujeres durante la dictadura franquista», en G. Duby e M. Perrot, *Historia de las mujeres, El siglo XX*, Madrid, Taurus, 1993, páxs. 661-671.

<sup>3</sup> Xa antes de 1962, en marzo de 1957, os mineiros asturianos levaran a cabo unha serie de accións reivindicativas nas que as mulleres tamén estiveron presentes. Para afondar no papel das mulleres nas folgas de 1962 en Asturias, R. García Piñeiro, «Mujeres en vanguardia. La resistencia femenina al franquismo en la cuenca minera asturiana, 1962-1967», *Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Valencia, 1999, páxs. 341-345 e

«Mujeres en huelga», en R. Vega García (coord.), *Las huelgas de 1962 en Asturias*, Xixón, Trea, 2002, páxs. 242-256.

<sup>4</sup> Ver a este respecto, R. Vega García (coord.), *Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional*, Xixón, Trea, 2002.

<sup>5</sup> «Abril y Mayo, 1962. Dos meses de huelgas», Documentos PCE, 1962, carpeta 43, Archivo Histórico do PCE (en diante, AHPCE); «La lucha y la organización de las mujeres», *Mundo Obrero*, 1 e 15-XI-1962, Publicacións Periódicas, AHPCE.

<sup>6</sup> F. Romeu Alfaro, *El silencio roto. Mujeres contra el franquismo*, ed. da autora, 1994, pág. 89.

<sup>7</sup> G. di FEBO, *op. cit.*, páxs. 181-182.

<sup>8</sup> A Lei de dereitos da muller excluía a da carreira de maxistrado e xuíz, así como do Exército de Terra, Mar e Aire e daqueles «institutos armados ou corpos, servizos ou carreiras que impliquen normalmente a utilización de armas». Igualmente, estábanlles vetado o acceso á Mariña Mercante, agás nas funcións sanitarias. A lei establecía outra importante excepción: a de traballos «penosos, perigosos ou insalubres». A existencia da autorización marital para o exercicio dos dereitos laborais mantiñase vixente, sendo necesario agardar ata a Lei de relacións laborais de 1976 para que nos actos xurídicos e económicos non fora necesaria.

<sup>9</sup> P. Díaz Sánchez, «La relación de las mujeres trabajadoras y los sindicatos durante el franquismo y la transición», en A. I. Cerrada Jiménez e C. Segura Graño (eds.), *Las mujeres y el poder. Representaciones y prácticas de vida. Actas del VII Coloquio de la AEIHM*, Madrid, 2000, páxs. 323-338.

<sup>10</sup> «Cómo son explotadas las mujeres trabajadoras», *Mundo Obrero*, 15-VII-1952, Publicacións Periódicas, AHPCE.

<sup>11</sup> «Un plante de las obreras conserveras de Cima-devilla», *Mundo Obrero*, 15-X-1953, Publicacións Periódicas, AHPCE.

<sup>12</sup> A busca de espazos de relación propios, como os comedores, é un punto crucial nas reivindicacións das mulleres. Elas necesitan un lugar para reunírense e verbalizar os problemas —primeiro paso para unha toma de conciencia— dado que ó saíren do traballo non teñen a mesma facilidade cós homes para atoparen espazos de reunión. P. Díaz Sánchez, «Las mujeres ante el conflicto social en la España contemporánea», en F. Acosta Ramírez (coord.), *Conflicto y sociedad civil: la mujer en la guerra. Actas de las cuartas jornadas sobre la Batalla de Bailén y la España Contemporánea*, Universidade de Xaén, 2003, pág. 145.

<sup>13</sup> G. di Febo, *op. cit.*, pág. 171.

<sup>14</sup> G. di Febo, *op. cit.*, páxs. 172-175.

<sup>15</sup> P. Díaz Sánchez, *El Trabajo de las mujeres en el textil madrileño, op. cit.*



# DA EMANCIPACIÓN Á IGUALDADE: FASES DUN PROCESO EN CONSTRUCCIÓN

MARCELLA AGLIETTI\*

o intento de representar a complexidade das variacións na condición feminina en España desde a transición ata hoxe, investigaremos aquí algunhas das liñas principais dun proceso que debe considerarse inconcluso e, ademais, caracterizado por diferenzas de intensidade tanto nos diversos ámbitos da sociedade coma nas específicas realidades locais e rexionais.

As pioneiras do movemento de emancipación foron sen ningunha dúbida as mulleres, en canto o réxime político llelo permitiu. Entre 1975 e 1979 xa se puxeran os alicerces das máis importantes asociacións de reivindicación feminista, como o Partido

Feminista de España, a Asociación para a Promoción e Evolución Cultural (APEC), Mulleres Libres, a Asociación Democrática de Mulleres (ADM), o Movemento Democrático de Mulleres e a Fronte de Liberación da Muller. Lográronse significativos progresos, sobre todo desde o punto de vista xurídico-lexislativo, aínda que tampouco non faltaron algunhas ferintes desilusións. A lei do 26 de maio de 1978 despenalizou o adulterio e a convivencia extramatrimonial, o decreto do 11 de novembro de 1978 ampliou o período da licenza posparto, mentres que a Constitución de 1978 introduciu a igualdade legal e o principio de non

\* TRADUCCIÓN DO ITALIANO: LAURA RODRÍGUEZ TATO

discriminación por razóns sexuais, asignándolles ás institucións públicas a tarefa de facéreno efectivo. Por último, en decembro de 1978 admitiuse o matrimonio civil sen obriga ningunha de recoñecemento relixioso. Fóronse conseguindo cada vez máis amplos espazos de liberdade, de expresión e de debate sobre temas de xénero: en 1977 celebrouse por primeira vez, cunha gran manifestación, o Día Internacional da Muller, e un ano máis tarde inaugurábase en Madrid a primeira librería feminista.

Xustamente durante o momento de maior efervescencia do movemento, perfiláronse as primeiras inconciliables diferenzas verbo do tipo de proposta que se debía defender. Non poucas feministas se sentiron decepcionadas pola escasa atención que o novo texto constitucional prestaba ós valores de paridade e de emancipación. Tampouco a relación cos partidos foi nada sinxela. Xa desde as eleccións xerais de 1977, houbo unha certa desconfianza pola atención, moitas veces meramente instrumental, das organizacións políticas ós intereses das mulleres e as súas reivindicacións. As particularidades do feminismo español, coas súas eivas e acertos, pódense explicar como consecuencia directa das condicións concretas dun país sometido durante anos ó xugo da ditadura, onde era difícil delimitar a loita pola reivindicación feminina e a loita contra o réxime. A maioría das militantes pertencían a partidos de esquerda antifranquista e, tras o paso á democracia, este vínculo supuxo un forte obstáculo para unha autonomía política real. Mais o sectarismo prevaleceu, sobre todo con ocasión das II Xornadas Feministas, celebradas en Granada en decembro de 1979, das Xornadas de Patriarcado e dos Encontros Feministas Independentes, celebrados en Barcelona entre maio e outubro de 1980. Ó final dos encontros fixose evidente a conclusión definitiva dunha fase e, quizais, de moitas aspiracións a unha acción común.

Un novo entusiasmo xurdiu só coa ascensión da esquerda ó poder e durante os

anos do goberno do PSOE, cando os principios de emancipación foron asumidos por fin como prioridade tamén por parte do mundo político. Os anos oitenta trouxeron a aprobación da lei do divorcio (1981) e a despenalización do aborto (1985). O movemento feminista, sometido nesta altura a unha dura proba polas escisións internas, semellaba dispersarse nunha miriade de correntes, un proceso que significou o paso de grupo político puro e duro a unha especie de «cultura» social difusa, instrumento quizais máis eficaz para acadar o desexado cambio da mentalidade xeral. Moitas asociacións pasaron a actuar dun xeito máis integrado e pragmático en nome das mulleres, abandonando posicións extremas a prol dunha presenza operativa na sociedade e servíndose frecuentemente de subvencións estatais.

Entre os principais logros daqueles anos cómpre sinalar a creación do Instituto da Muller, en outubro de 1983. Xunto a outros organismos de indubidable relevancia na loita contra a marxinação feminina, como a Subdirección Xeral da Muller e o Ministerio de Asuntos Sociais, o Instituto da Muller foi, e aínda é, o máis importante de ámbito español. O instituto non ten poderes executivos nin autoridades de control, nin conta con subvencións públicas; porén, dos anos oitenta en diante obtivo resultados significativos. A súa función foi sobre todo a de inducir outras institucións, públicas e privadas, a promoveren a paridade de sexos e, para iso, elaborou algúns documentos de vital importancia: os *Planes de la igualdad de oportunidades de las mujeres*. O primeiro plan comezou nos anos 1988-1990, o segundo en 1993-1995, o terceiro en 1997-2000 co nome de *Plan para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres*. O Consello de Ministros aprobou o cuarto plan o pasado 7 de marzo de 2003, para o trienio 2003-2006. Iniciativas análogas puxéronse en marcha tamén nas autonomías desde 1989 e hoxe existen programas similares en todo o terri-

Non poucas feministas se sentiron decepcionadas pola escasa atención que o novo texto constitucional prestaba ós valores de paridade e de emancipación

torio español, agás en Ceuta e Melilla. Os méritos e resultados dos plans foron moitos, se ben boa parte da súa valoración está aínda en curso; con todo, non faltaron fortes críticas por parte de moitos colectivos de mulleres que ven nos plans unha manifestación máis da política neoliberal e da globalización económica.

No derradeiro decenio do século pasado, a reflexión sobre a condición feminina sufriu un xiro, unha fase reflexiva impregnada de espírito polémico e dunha boa dose de frustración. Na raíz das posturas e condutas actuais encóntranse as pegadas das conquistas acadadas durante os



que a súa... das demandas... que esta... se debe principalmente... á anos setenta, dos progresos substanciais dos oitenta revisados e interpretados a través do individualismo dos noventa, das achegas das teorías de xénero contemporáneas de ámbito anglosaxón e do pensamento feminista posmoderno; todo revisado e corrixido á luz dunha consciencia superior alcanzada, en parte, gracias á confrontación internacional. Aquilo que outrora se vivía como ruptura e conflito, hoxe é máis ben sinal de independencia e autonomía, así como a experiencia colectiva dun tempo se converteu en parte integrante dun plano persoal e subxectivo onde todo se elabora a medida dos obxectivos específicos e das necesidades particulares.

É un feito innegable que, malia os enormes progresos acadados, as españolas están entre as mulleres máis insatisfeitas de Europa con relación á propia condición de xénero. Segundo estudos elaborados no ámbito comunitario, España e Alemaña son hoxe os países onde a percepción feminina das disparidades sufridas, en termos xerais e sobre todo no terreo laboral, é máis forte. Dúas de cada tres españolas —e ata catro de cada cinco nalgúns casos— subliñarían a existencia de situacións de discriminación nos terreos máis dispares.

O crecente ingreso da muller no mercado laboral constitúe un importante factor de cambio na sociedade española contemporánea, cando menos por ter alterado profundamente as bases das dinámicas matrimoniais, familiares e educativas. Algúns estudos puxeron de manifesto que a obtención dun papel extradoméstico introduciu unha importante alteración dos ciclos vitais, como a nupcialidade e a fecundidade, mais tamén dos procesos cognoscitivos, das actitudes e das prácticas das mulleres con respecto ás eleccións da propia existencia, cun significativo incremento da instrución en todos os niveis, tanto media como universitaria.

Ó longo da década dos setenta encamiñámonos cara a un proceso irrefreable, que se intensificou no decenio seguinte e que, a pesar da recesión económica xeneralizada dos últimos anos, elevou o número de españolas ocupadas nunha actividade laboral retribuída dos 3,76 millóns do ano 1976 ós 6,66 de 1999. En termos xerais, calcúlase que no segundo trimestre de 2003, dun total de máis de dezasete millóns de mulleres maiores de 16 anos, sete millóns e medio, aproximadamente, están en activo.

Emporiso, todo isto non foi acompañado dun aumento análogo do emprego feminino. O índice de desemprego das españolas é aínda hoxe o máis elevado da Comunidade Europea. Despois de pasar do 12 % de 1980 ó 30,5 % de 1995, o índice de desemprego feminino sufriu unha lixeira


O crecente ingreso da muller no mercado laboral constitúe un importante factor de cambio na sociedade española contemporánea, cando menos por ter alterado profundamente as bases das dinámicas matrimoniais, familiares e educativas

flexión, baixando ó 20 % no ano 2000. Con todo e iso, esta cifra segue sendo moito máis alta cá correspondente porcentaxe de desemprego masculino, que no mesmo período era do 9,7 %. Nos últimos vinte anos, se o índice de desemprego masculino se duplicou, o feminino triplicouse. A isto hai que engadir a escasa relevancia que se lle concede socialmente a este feito, dado o mantemento de estereotipos sobre a división sexual dos papeis que, polo tanto, minimiza a frustración feminina, a respecto da frustración do home, pola busca insatisfeita dun traballo extradoméstico.

Porén, a actividade das españolas de menos de 40-45 anos de idade é agora mesmo un elemento permanente, incluso con relativa independencia respecto do ciclo económico e das necesidades da economía familiar. Entón, o que parece aínda máis alarmante é a elevada porcentaxe de desempregadas na franxa de idade entre os 25 e os 35 anos: unha de cada catro mulleres. En tales circunstancias, a falta dun traballo retribuído convértese non só na frustrada obtención da independencia económica, *conditio sine qua non* para a propia afirmación persoal e para a emancipación da familia de orixe, senón que tamén inflúe directamente sobre a posibilidade de afrontar un matrimonio ou aceptar unha maternidade. Innegablemente, o status de traballadora ten hoxe moita máis aceptación social có de ama de casa, e o número de mulleres que deciden manter o traballo despois do matrimonio, e mesmo tras o nacemento dos fillos, aumenta significativamente, mentres que en 1977 catro de cada cinco mulleres abandonaban a súa actividade despois do primeiro parto. A verdadeira novidade na mentalidade das españolas da última xeración non sería, polo tanto, o desexo de entrar no mundo do traballo, aspiración que comparten coas súas nais, senón o feito de permanecer na categoría da poboación activa dunha maneira cada vez máis semellante á dos homes. Pero tamén é certo que todas estas traballadoras exercen xeral-

mente un número limitado de profesións (por exemplo, de tipo administrativo) e de actividades (como o ensino primario e medio), e ocupan en xeral posicións xerarquicamente subalternas, segundo un fenómeno de segregación «ocupacional» e «vertical».

O campo profesional é probablemente no que, en todos os niveis, foron sempre máis evidentes as diferenzas entre as declaracións de igualdade xurídica e os obxectivos realmente acadados en paridade. A Constitución democrática de decembro de 1978 establece, no artigo 35, o dereito ó traballo e a unha retribución xusta, e condena



integrado e pragmático en nome das mulleres. Tamén establece, no artigo 14, o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres, e no artigo 9, o principio de non discriminación. Isto foi apoiado posteriormente polo apartado segundo do artigo 9; baseándose nel, as institucións públicas responsabilízanse de garantir as condicións necesarias para a plena realización da liberdade e da igualdade dos individuos. No artigo 14, ratifícanse os principios xerais de paridade de trato entre homes e mulleres. Tamén son importantes algúns artigos do Estatuto dos Traballadores, nos que se dispón a nulidade de calquera norma, cláusula contractual, acordo individual ou decisión unilateral que recolla formas de desigualdade retributiva, podéndose promover accións legais por discriminación no traba-

O campo profesional é probablemente no que, en todos os niveis, foron sempre máis evidentes as diferenzas entre as declaracións de igualdade xurídica e os obxectivos realmente acadados en paridade

llo, tanto por iniciativa da parte lesa como por iniciativa de asociacións representativas. Tamén o Plan Nacional de Acción para o Emprego do 2002 prevía explicitamente medidas de inserción e formación destinadas a mulleres desempregadas, a promoción das empresarias e o incremento de formas contractuais non precarias.

Sobre disto, melloraron as condicións de vida das mulleres para favorecer a súa posibilidade de ingreso no mundo do traballo; por exemplo, aumentou a escolarización pública ós tres anos de idade, co que se alivian as responsabilidades da maternidade. Porén, non se introduciu aínda ningunha medida específica en termos de equidade salarial a pesar de que, na actualidade, as españolas perciben retribucións un 30 % aproximadamente inferiores ás dos seus colegas masculinos.

A orientación nesta materia, xunto ó tamén importante papel da maxistratura, depende de todas as formas da acción do legislativo, e a presenza feminina na maioría das institucións públicas do Estado é aínda moi escasa. No ano 2000 había só trescentas corenta parlamentarias mulleres fronte a oitocentos corenta e un homes, a pesar de que a poboación feminina supera o 50 %. Por outra parte, cómpre ter en conta que o 83,6 % das deputadas considera que esta diferenza se debe, principalmente, á discriminación sufrida dentro do partido ó que pertencen, e máis do 44 % dos deputados homes reconece esta falta de oportunidades.

Máis en xeral, o groso das políticas públicas de xénero concreouse na normativa de protección, é dicir, no regulamento da actividade laboral durante a maternidade e na prohibición de desempeñar tarefas consideradas perigosas, pesadas ou insalubres. Ademais, existen tamén iniciativas e programas gubernamentais de igualdade e equiparación do dereito, é dicir, disposicións puntuais coas que se procurou minorar esas diferenzas que, con todo, se daban entre homes e mulleres no mercado de tra-

ballo, pero que non se podían atribuír a unha desigualdade xurídica expresa.

No tocante á igualdade de feito, houbo algunhas reformas importantes, aínda que cun certo atraso con respecto á media europea. Entre as máis significativas destaca o recoñecemento das responsabilidades familiares tamén para os traballadores homes, a pesar de que no ano 1996 só o 1 % deles solicitou un permiso de paternidade fronte ó 99 % das mulleres que recorreron ó de maternidade.

Á parte dos datos numéricos e das leis, as españolas de hoxe encóntanse —en termos relativos— nunha condición claramente peor cá da xeración precedente. En 1976, o 95 % das mulleres activas tiña un emprego estable fronte ó 70 % das traballadoras de hoxe en día. A persistencia de prexuízos faise evidente: a afirmación de formas de traballo atípico leva a que prevalezan modalidades contractuais precarias, mentres a difusión do tempo parcial parece adoptar o carácter dunha nova disparidade sexual que limita visiblemente as posibilidades de ascensión laboral das traballadoras implicadas neste fenómeno. Datos do Instituto da Muller revelan que no cuarto trimestre do 2002, o 82,9 % dos contratos a tempo parcial foi asinado por mulleres, porcentaxe que baixa ó 35,9 % para os contratos a tempo completo.

No contexto das metamorfoses que se produciron en España desde 1975 ata hoxe, causaron grande impacto sobre todo as relativas ós mecanismos familiares. Cómpre revisar a transcendencia que tivo a transición política como primeira e única causa dos cambios, subliñando o papel que desempeñou a familia como principal axente de transformación da sociedade. Ó recoñecemento do divorcio, do aborto, da igualdade xurídica entre os cónxuxes e á equiparación legal dos fillos tidos dentro e fóra do matrimonio engadíronse importantes avances culturais como consecuencia directa da afirmación de valores laicos fronte ó anterior monopolio dunha ríxida

No contexto das metamorfoses que se produciron en España desde 1975 ata hoxe, causaron grande impacto sobre todo as relativas ós mecanismos familiares

ética católica. Un exemplo disto é a progresiva afirmación das unións de feito, a maior liberdade sexual e a difusión de movementos sociais homosexuais.

A clave para interpretar as características máis destacadas da diferente relación existente entre a muller e a familia encóntrase, quizais, na importancia crecente que se lle dá á calidade existencial da independencia. No canto de se ocupar unicamente no ámbito doméstico como sucedía antano, as españolas, igual ca no resto de Europa, interézanse cada vez máis na propia educación e na afirmación laboral, condición esta última esencial para obteren o compoñente



máis desexado da independencia: a autosuficiencia económica. O aumento da formación profesional e as novas necesidades de eficiencia, esixidas pola competitividade e polo desexo de se facer valer na propia carreira extradoméstica, tiveron unha influencia directa sobre a elección de casar ou non casar e cando, ter fillos ou non, cando e cantos.

É sabido que a redución da natalidade foi tan importante que España se converteu no país coa taxa máis baixa do mundo. As familias con tres fillos baixaron do 5,3 % de 1985 ó 2,9 % de 1990 e ó 1,7 % de 1995, mentres que as de dous fillos pasaron do 10,9 % de 1985 ó 7,8 % de 1995. A partir de

1980, empézase a notar un aumento da idade en que as mulleres casan; así, se en 1981 o 39,7 % das rapazas entre 20 e 24 anos estaban casadas, en 1991 a esa mesma idade só o estaban o 21,6 %. Unha evolución que se observou, en parte, tamén para os homes.

Igualmente, está a mudar o papel tradicionalmente asignado ás mulleres como nais, enfermeiras e asistentas domésticas, aínda que as opinións ó respecto son ben diferentes segundo as diversas franxas de idade, e así como coexisten mentalidades opostas, constátase tamén a concorrencia de comportamentos heteroxéneos. En relación ás tarefas e traballos domésticos, a situación descrita polas estatísticas do ano 2000 evidencia que os homes van asumindo de vagar a responsabilidade das actividades domésticas. Aínda que a desproporción entre ambos os sexos é aínda enormemente desequilibrada en detrimento das mulleres, pódese falar dunha transformación das dinámicas na repartición dos papeis e das relacións de poder no seo da familia, gracias á lenta pero progresiva introdución de ideais como a igualdade, a liberdade e a solidariedade, etapas dun verdadeiro proceso de democratización social. Algo semellante sucede no coidado dos fillos. Constátase un paulatino aumento do tempo que os homes dedican a estas tarefas, aínda que en medida decididamente inferior ó que lles dedican as nais, talvez porque elas poden servirse —a miúdo máis por imposición que por elección— dun maior número de medidas legais —sobre todo no campo laboral— que terminan por lles adxudicar este traballo.

Outro importante aspecto, relacionado tanto coa difusión de formas inéditas de convivencia de parella como co cambio de mentalidade das españolas, ten que ver coa elección consciente do número de embarazos. Este é un punto crucial polas consecuencias directas que ten sobre a saúde das mulleres, sobre a difusión e utilización de métodos anticonceptivos, e tamén porque ofrece a ocasión de valorar os instrumentos

A clave para interpretar as características máis destacadas da diferente relación existente entre a muller e a familia encóntrase, quizais, na importancia crecente que se lle dá á calidade existencial da independencia

que a sociedade española pon ó noso dispor para satisfacer esta nova esixencia. Canto ó dereito á interrupción voluntaria do embarazo, a loita para logralo foi das máis difíciles; foron numerosos os obstáculos que se tiveron que superar e as contradicións que seguiron ás políticas executadas. Só a fins do ano 1983 se aprobou unha despenalización parcial, que non entrou en vigor ata xullo de 1985 por mor do recurso de inconstitucionalidade promovido por Coalición Popular (o actual Partido Popular). Coa Lei 9/1985, legalizouse ó cabo a interrupción do embarazo, sempre que se limitase a casos de intervención terapéutica, malformacións conxénitas do feto, riscos físicos ou psíquicos para a nai e a casos de violación, e recollendo o dereito dos médicos á obxección de conciencia. Por outra parte, ó non haber infraestruturas sanitarias adecuadas, deixouse nas mans de asociacións privadas o labor de satisfacer a crecente demanda de servizos de planificación familiar. Esta reforma foi seguida dunha maior tolerancia por parte da opinión pública e, de feito, como demostran as sondaxes, os que se declaraban contrarios á legalización do aborto pasaron do 60 % de 1979 a un 33 % en 1983. Nos últimos dez anos, a porcentaxe de abortos creceu en España de maneira exponencial, cun aumento dun 57 % entre 1990 e 1999; o incremento foi aínda meirande entre as novas xeracións, chegando ó 74 % nese período.

Para adiantar un primeiro balance, cómpre sinalar que o resultado da investigación sobre a condición da muller, entendida como persoa e como cidadá, na sociedade española revelouse asemade positiva e negativa. En virtude das moitas metas acadadas e daquelas que están por concretar, o longo e difícil camiño da emancipación feminina e da equiparación entre home e muller percorreuse con determinación e con resultados merecentes de encomio pola súa eficacia e rapidez de actuación. Pero este camiño é, sen ningunha

dúbida, negativo se consideramos as múltiples contradicións, reconsideracións e atrasos, excesivos e imperdoables, que aínda hoxe se acumulan en prexuízo das mulleres. Como exemplo emblemático desta ambigüidade basta botar unha ollada ós medios de comunicación nacionais, voz e imaxe da sociedade española contemporánea, coma de calquera outro país occidental. Aínda que as regras tiránicas do mercado e da audiencia non ofrezan as mellores condicións para a afirmación de temáticas relacionadas coa emancipación, o que a prensa, a televisión e, sobre todo, a publicidade nos amosan das mulleres adquire un signifi-



cado que vai moito máis alá dunha simple representación da realidade, pero que ó mesmo tempo é espello e demiurgo. A utilización do corpo feminino como decoración, como un obxecto máis na lista da compra, adquire dimensións tremendas precisamente durante a transición, e non cambia máis que superficialmente durante os anos sucesivos. Parece coma se a tan cobizada liberdade se reducise á facilidade para mostrar mulleres novas, o máis espaldas posible e en papeis marxinais ou degradantes, en nome da pasividade e da subordinación. A tendencia a propoer e aceptar este modelo aumentou nos últimos anos e, paradoxalmente, pasamos das feministas

A utilización  
do corpo  
feminino como  
decoración,  
como un  
obxecto máis  
na lista da  
compra,  
adquire  
dimensións  
tremendas  
precisamente  
durante  
a transición,  
e non cambia  
máis que  
superficialmente  
durante os anos  
sucesivos



**Cómpre medir constantemente, con espírito crítico e consciente, a distancia que separa os homes e as mulleres**

dos anos setenta, na procura dun aspecto o máis andrónico ou masculino posible, á feminidade exasperada e agresiva dos noventa, unha arma máis para triunfar na competitiva realidade contemporánea. O tipo ideal feminino, caracterizado por un indefinido, mais substancial, elemento de limitación e carencia con respecto ó masculino, propón unha imaxe comunicativo-simbólica da muller non só discriminatória, senón tamén frecuentemente responsable de certas representacións misóxinas do grupo social feminino como ideal «cabeza de turco» posmoderno. Este estereotipo cultural non é contrarrestado, nin sequera onde sería importante infundir categorías conceptuais máis igualitarias, é dicir, na escola primaria e secundaria. Un estudo patrocinado polo Instituto da Muller no 2000, realizado sobre textos escolares e materiais didácticos empregados en centros públicos e privados, revela que, a pesar das disposicións normativas e das, aínda con todo, significativas melloras, non só as mulleres están escasamente representadas; tamén se repite o cliché que as asocia co mundo familiar, máis que co profesional, individuos menos capaces de autoafirmarse có home.

Daquela, confirmase un mecanismo da comunicación común a todos os países máis industrializados e caracterizado pola

consolidación de procesos de regresión e primitivismo en canto ó prototipo feminino proposto, co agravante de que tales valores, amplificadas acriticamente polos medios de comunicación, producen fenómenos de identificación e reforzan os prexuízos colectivos. Estes factores, fortemente discriminatorios, amais de non se corresponder co papel histórico desempeñado polas mulleres, representan unha verdadeira ameaza para as moitas —pero aínda demasiado poucas— conquistas obtidas tras séculos de loita pola emancipación.

A contribución máis importante e aínda pendente é quizais a de suxerir posteriores estudos e análises dedicados á realidade de xénero española, examinando novas e ata o de agora ignoradas cuestións, individualizando particularidades e anomalías dun fenómeno supranacional, cando menos europeo. Novas e, ata o de agora, ignoradas situacións sociais preséntanse á atención da crónica e do debate político, como —para recordar os temas máis candentes—, a alarma pola violencia de xénero e á cuestión da inmigración feminina. Cómpre medir constantemente, con espírito crítico e consciente, a distancia que separa os homes e as mulleres, unha distancia moi difícil de calcular no seu verdadeiro alcance xa que esas mes-

mas diferenzas, as esixencias expresadas, as aspiracións reivindicadas e a percepción do «eu» como suxeito de xénero, maniféstanse con características cambiantes e variables conforme evolucionan os tempos e as condicións específicas.

NOTAS

- <sup>1</sup> No ano 2000, o Instituto Nacional de Estatística calculou un índice de desemprego equivalente ó 25,6 % das mulleres activas con idades comprendidas entre os 25 e os 29 anos, e ó 23,6 % de mulleres entre os 30 e os 34 anos.
- <sup>2</sup> O Plan Nacional de Acción para o Emprego 2002 encóntrase na rede no enderezo: <http://www.inem.es/inicial/plan2002.pdf>
- <sup>3</sup> *Indicadores sociales de España*, Madrid, INE, 1997, páx. 67.
- <sup>4</sup> Datos elaborados polo Centro de Investigacións Sociolóxicas, en *Situación social de la mujer en España*, Madrid, Instituto de la Mujer, 1986, páx. 197.

BIBLIOGRAFÍA ESENCIAL

Alberdi, I., e P. Escorio, N. Matas (2000), *Las mujeres jóvenes en España*, Barcelona, Fundación “La Caixa”.

Barrio E. (1996), *Historia de las trasgresoras. La transición de las mujeres*, Barcelona, Icaria.

Campillo Iborra, N. (2002), *Género, ciudadanía y sujeto político. En torno a las políticas de igualdad*, Valencia, Institut Universitari d’Estudis de la Dona-Universitat de València.

Domínguez Alcón, C. (2001), *Construyendo el equilibrio. Mujeres, trabajo y calidad de vida*, Madrid, Instituto de la Mujer.

Escario, P., e I. Alberdi, A. I. López Accotto (1996), *Lo personal es político. El movimiento feminista en la transición*, Madrid, Instituto de la Mujer.

Folguera, P. (1997), «Democracia y cambio social: de la democracia representativa a la democracia paritaria (1975-1996)», en E. Garrido (coord.), *Historia de las mujeres en España*, Madrid, Síntesis, páxs. 549-571.

Iglesias de Ussel, J. (1998), *La familia y el cambio político en España*, Tecnos, Madrid.

Meil, G. (2000), *La postmodernización de la familia española*, Acento, Madrid.

Muñoz, B. (coord.) (2001), *Medios de comunicación, mujeres y cambio cultural*, Madrid, Dirección



General de la Mujer de la Comunidad de Madrid.

Pérez-Díaz, V., e E. Chuliá, C. Valiente (2000), *La familia española en el año 2000. Innovación y respuesta de las familias a sus condiciones económicas, políticas y culturales*, Madrid, Colección Economía Española, Fundación Argentaria-Visor Dis.

Ramos, M. D., e M. T. Vera (coords.) (2002), *Discursos, realidades, utopías. La construcción del sujeto femenino en los siglos XIX y XX*, Barcelona, Anthropos.

Suárez Llanos, M. L. (2002), *Teoría feminista, política y derecho*, Madrid, Dykinson.

Valiente Fernández, C. (1997), *Políticas públicas de género en perspectiva comparada: La mujer trabajadora en Italia y en España (1990-1996)*, Madrid, UAM.

Villota, P. de (coord.) (2000), *En torno al mercado de trabajo y las políticas de igualdad de oportunidades en España*, Madrid, Asociación Cultural Al-Mudayna.

VV. AA. (1999), *Las españolas en la transición. De excluidas a protagonistas (1973-1982)*, Madrid, Biblioteca Nueva.

MARCELLA AGLIETTI  
UNIVERSIDADE DE PISA

# ¿QUE PROTAGONISTAS, QUE VALORES?

## O SEXISMO NOS LIBROS DE TEXTO

ENCARNA HIDALGO VILLARROYA / ÀNGELS CABA GUSI

O tema deste artigo ten sido obxecto de preocupación e de reflexión para nosoutras durante os moitos anos de relación con adolescentes que tratan de entender o mundo que os rodea e situarse nel. ¿Que sociedade, que axentes sociais son os que se presentan como obxecto de estudo?

A pregunta carece de sentido se confundimos a historia co pasado. A historia é unha determinada explicación do pasado coñecido na que se realizou unha selección en función dos aspectos que se consideran significativos, poñéndoos en primeiro plano, e relegouse o que se coida insignificante.

Baixo a suposta obxectividade do currículo de Historia e dos libros de texto, preséntase adoito unha visión reducionista e dicotómica da sociedade actual e do pasado histórico. Esta visión non só deixa fóra a metade da humanidade, as mulleres, senón que tampouco reflicte as actividades e valores da maior parte da outra metade (Mainer, 1995).

No ensino secundario faise unha síntese das disciplinas académicas e téndese a reproducir de forma acrítica os protagonistas, modelos e valores lexitimados polo discurso académico máis convencional, que responde á cultura hexemónica (Gimeno, 1983). Daquela, é fundamental levar a cabo unha análise epistemolóxica para clarificar a quen situamos no centro do escenario social e a quen nos afixemos a identificar



como protagonistas da historia e cal é a noción de ser humano que lle presentamos ó alumnado.

A investigación histórica desenvolveu xa múltiples camiños —introdución da variable «xénero» (Amelang e Nash, 1990), análise social desde a teoría xeral do conflito (Juliano, 1992), egohistoria (Borderías, 1991)— que permiten achegarnos a unha historia máis polifónica. Con todo, o currículo oficial e os libros de texto non recollen estas contribucións. Neste sentido, é notable o retroceso da LOCE con respecto ó currículo máis aberto da LOXSE, que permitía tomar como referencia problemas sociais relevantes —e non as disciplinas—

e sacar á luz libros como os de Ínsula Barataria (1996) ou Caba e outras (2001).

**A historia desde o punto de vista androcéntrico**

Analizaremos agora a opción metodolóxica que se aplica. A. Moreno (1986: 22) caracterizou o protagonista do discurso histórico como o arquetipo viril, que non representa a todos os homes senón o colectivo hexemónico:

En griego, *aner-dros* hace referencia al ser de sexo masculino [...] de una determinada edad (que no es niño, ni adolescente, ni anciano), de un determinado status (marido) y de unas determinadas cualidades (honor, valentía) viriles. [...] Referirnos a *aner-dros*, en sentido estricto permite diferenciar lo masculino en general, de una determinada forma de conceptualizar lo masculino en función de la participación en el poder bélico-político.

Este colectivo viril dominador identifícase como superior e sitúase no centro do sistema social e como punto de referencia (androcentrismo). En palabras de Aristóteles (*Política*<sup>1</sup>, IV): «Para facer grandes cousas cómpre ser tan superior ós seus semellantes como o é o home á muller, o pai ós fillos e o amo ós escravos».

Entre as diversas posibilidades de relación entre os seres humanos —convivencia, colaboración, axuda—, só as de dominio e explotación, propias do colectivo hexemónico, se naturalizan atribuíndollas a todo o xénero humano (lexitimación do militarismo e do imperialismo). O sistema de dominio expansivo implica unha determinada organización interna da comunidade. Respecto á produción de bens, a vontade de dominio expansivo require que unha parte do colectivo se especialice en levalo a termo, perpetualo e amplialo. O resto da sociedade ten que producir non só para a súa

supervivencia, senón para manter aqueles especialistas (naturalización de relacións de dominio clasista e sexista). A relación coa natureza tamén é de espoliación, xa que o obxectivo da produción non é obter bens para a supervivencia, senón acumular excedentes para ampliar a explotación. O progreso concíbese como dominio da natureza.

O escenario onde se desenvolven estas actividades é o espazo público, que se constitúe en obxecto central de estudo. Preséntase a sociedade escindida en dúas esferas —a pública e a privada— cunha relación xerárquica entre elas. Todo o que fai referencia á esfera doméstica, onde ten lugar a reprodución no amplo sentido da palabra (biolóxica, diaria e xeracional), desvalorízase xa que é considerado non significativo e relegado ó esquecemento.

A centralidade que se lle asigna ó espazo público implica que, ó falar de economía, só se consideran as actividades da esfera da produción mercantil. A esfera da produción doméstica, que era o ámbito básico de produción nas sociedades preindustriais e onde actualmente se xeran case a metade das rendas familiares (Borderías, 1994; Amoroso e outras, 2003) non aparecen no currículo.

**Ferramentas para mirar con lupa**

Para podermos comprobar o que inclúen e o que exclúen os libros de texto, queremos presentar unha ferramenta que se desvelou ben útil: as fichas de lectura crítica non androcéntrica (anexo)<sup>1</sup>.

Son especialmente indicadas para analizar o que se coñece como o xurdimento das «primeiras civilizacións», é dicir, inicio da división social do traballo, da desigualdade social e sexual —esclavismo, familia patriarcal—, do Estado, do imperialismo...

Trátase de ir extraendo información textual ou gráfica e situala na ficha correspondente (personaxes e actuacións ou escenarios e ámbitos) e ir marcando con cruces

Todo o que fai referencia á esfera doméstica, onde ten lugar a reprodución no amplo sentido da palabra, desvalorízase xa que é considerado non significativo e relegado ó esquecemento

de que se fala. Na primeira ficha hai que sinalar de que suxeito se fala, de que xénero, de que idade, de que clase, de que etnia e desde que punto de vista se elaborou o texto. Por veces cítase un grupo non dominante, pero desde o punto de vista hexemónico. Por último sinálase de que tipo de relacións humanas se fala. Na segunda ficha sinálase a que tipo de espazo se fai referencia, que paradigma económico se usa e como contemplamos o progreso e a ciencia.

A pesar de que a súa utilización é lenta, o resultado é moi útil tanto para o profesorado como para usalo na clase co alumnado. As ausencias de información por unha parte e as concentracións por outra, resultan moi elocuentes para clarificar de que falamos e o que calamos.

Se cadra pensades que na maioría dos libros actuais aparece algunha referencia á situación das mulleres. É certo, aínda que case sempre é para ilustrar a súa posición de subordinación ou para denunciar a discriminación que sofren. Esta visión vitimista produce efectos negativos xa que naturaliza as relacións xerarquizadas e atribúe pasividade e subordinación ás mulleres ó longo do devir histórico.

## Efectos sobre o alumnado

Existen múltiples estudos sobre a ausencia ou a presenza das mulleres nos materiais didácticos da nosa disciplina. En M. Moreno (1992: 168), que segue sendo un dos máis completos, chégase ás seguintes conclusións:

- ▲ «La acción de las mujeres en el desarrollo de la humanidad es neutra o nula.
- ▲ Si una mujer quiere destacar en la sociedad tiene que asumir un patrón de conducta masculino.
- ▲ Las pautas de comportamiento masculino son más valoradas por la sociedad.
- ▲ La principal función de las mujeres es la de ser madres y esposas. Secundaria-

mente pueden acceder a otro tipo de actividad, siempre que lo haga compatible con el cuidado de los hijos y el marido».

Estes modelos de pasividade, marxinalidade e febleza contradinse coa realidade (que é moito máis complexa e rica) e coas expectativas das nosas alumnas. Polo tanto, a elas resultaralles moi difícil identificarse cos protagonistas da historia e, xa que logo, encontrar xenealoxías que as axuden a definir o seu papel no mundo.

O que se fai cos rapaces é reforzar o arquetipo viril, coas súas insuficiencias (agora que tanto se fala de intelixencia emocional) e deformacións. A mensaxe para eles é:

- ▲ O home é suxeito da historia e colabora no desenvolvemento da humanidade.
- ▲ Os arquetipos masculinos que se ofrecen desde as páxinas dos manuais de Historia caracterízanse pola fortaleza, o desprezo á vida, a enerxía, a inexistencia de vida privada e a carencia de sentimentos compasivos e afectivos.
- ▲ Transmíténlles a importancia que a sociedade confire ó home.

Cremos que a ensinanza das ciencias sociais debería axudar o alumnado a comprender o mundo que o rodea e a buscar o seu lugar en relación coas outras persoas e co contorno natural. Para iso ha clarificarse o papel fundamental que tiveron e teñen as mulleres na dinámica social. Deste xeito ofreceríanselles ás alumnas xenealoxías coas que poder identificarse nunha época das súas vidas na que están inmersas na configuración de identidades. Unha visión máis complexa da dinámica social é tamén fundamental para ofrecer outros modelos máis positivos ós alumnos (fronte a modelos de competitividade e dominio que levan a relacións agresivas —na casa, nos estadios, nas patrias—). O arquetipo viril non só é reducionista para as mulleres, tamén os homes reais teñen cuestionado e cuestionan aspectos do estereotipo.

O arquetipo viril non só é reducionista para as mulleres, tamén os homes reais teñen cuestionado e cuestionan aspectos do estereotipo

EXERCICIOS DE LECTURA CRÍTICA NON ANDROCÉNTRICA. FICHA 1: personaxes e actuacións																	
TEXT./ILUST. (páx. e orde textual)	SUXEITO			XÉNERO			IDADE			ÉTANIA		CLASE		P. DE VISTA		REL. HUM.	
	Indiv.	Col.	Imp.	Fem.	Mas.	Xen.	Criat.	Adult.	Mai.	Dom.	Non dom.	Dom.	Non dom.	Dom.	Non dom.	Colaboc.	Dominio

EXERCICIOS DE LECTURA CRÍTICA NON ANDROCÉNTRICA. FICHA 2: escenarios e ámbitos												
TEXT./ILUST. (páx. e orde textual)	ESPAZOS						ECONOMÍA		PROGRESO		CIENCIA	
	Empobre.	Enriquec.	Rural	Urbano	Doméstic.	Extradom.	Necesid. prod/cons	Oferta/demanda	Mellora glob. cond. vida	Acumul. e con/explo territorio	Present. neutra	Visión crítica

NOTA

<sup>1</sup> Estas fichas foron reelaboradas, a partir das que usaba Amparo Moreno na facultade de Ciencias da Comunicación da UAB, por parte dun grupo do ICE da U. B. do cal Encarna Hidalgo facía parte.

BIBLIOGRAFÍA

Amelamng, J., e M. Nash (ed.) (1990), *Historia y género: las mujeres en la Europa Moderna y Contemporánea*, Valencia, Alfons el Magnànim.  
 Amoroso, M. I., e outras (2003), *Malabaristas de la vida*, Barcelona, Icaria.  
 Borderías, C. (1991), «Las mujeres autoras de sus trayectorias personales y familiares: a través del servicio doméstico», *Historia y Fuente Oral*, 6, Barcelona.  
 Borderías, C., e C. Carrasco, C. Alemany (1994), *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*, Bar-

celona, Icaria.  
 Caba, A., e M. Casanova, P. Edo, E. Hidalgo (2001), *El siglo XX en primera persona. Ciències Socials 4t d'ESO*, Barcelona, Octaedro.  
 Gimeno, J. (ed.) (1983), *La enseñanza, su teoría y su práctica*, Madrid, Akal.  
 Ínsula Barataria (1996), *Ciencias Sociales. Geografía e Historia. ESO (1.º, 2.º, 3.º e 4.º)*, Madrid, Akal.  
 Juliano, D. (1992), *El juego de las astucias. Mujer y construcción de modelos sociales alternativos*, Madrid, Horas y Horas.  
 Mainer, J. (1995), «¿Nuevos libros para reformar la enseñanza? Apuntes sobre los textos escolares de Ciencias Sociales para la Secundaria Obligatoria», *IBER Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 4.  
 Moreno, A. (1986), *El arquetipo viril protagonista de la historia*, Barcelona, La Sal.  
 Moreno, M. (ed.) (1992), *Del silencio a la palabra. Coeducación y reforma educativa*, Madrid, Ministerio de Asuntos Sociais.

**ENCARNA HIDALGO VILLARROYA**  
**ÁNGELS CABA GUSI**  
 PROFESORAS DE SECUNDARIA



# O SÉCULO XX EN PRIMERA PERSONA<sup>1</sup>

## UNHA EXPERIENCIA DIDÁCTICA

ÀNGELS CABA GUSI / ENCARNA HIDALGO VILLARROYA

O obxectivo deste artigo é dar a coñecer os fundamentos didácticos e os resultados da aplicación do libro de texto *El siglo XX en primera persona* en dúas aulas de cuarto de ESO do instituto de secundaria Manuel Carrasco i Formiguera de Barcelona desde o curso 2001-2002.

Na decisión de escribir un libro de texto de Xeografía e Historia interviñeron dous factores: en primeiro lugar, a insatisfacción ante unha maioría de manuais cunha marcada tendencia androcéntrica que non ten nada que ver nin coa realidade social nin coas experiencias —moito máis complexas e ricas— dos rapaces e as rapazas dos nosos institutos. En segundo lugar, a longa experiencia na elaboración de materiais didácticos demostrounos a necesidade de cambiar o enfoque da historia do século XX. Cumpría desprazar o ámbito público do centro do discurso his-

tórico, que só representa unha minoría de persoas, e situar nun lugar preferente o espazo familiar-doméstico, recoñecendo a súa importancia como escenario e motor do desenvolvemento de todas as actividades humanas.

Para conseguir este obxectivo, utilizamos a xeración como unidade básica do tempo histórico. Entendemos o ensino como unha práctica de intercambio entre persoas irrepitibles e en relación directa coas doutras xeracións. A transmisión xeracional das experiencias é un elemento de conexión entre o pasado e o presente que ofrece ó alumnado situacións e feitos que lles resultan máis achegados. Déuselles prioridade ás fontes orais e ó método biográfico, destacando tamén a literatura e a fotografía como fontes que permiten así mesmo rescatar e ampliar aspectos da realidade social e da vida privada.

**A historia de tres xeracións**

O libro estrutúrase a partir da vida de tres xeracións da familia dunha rapaza –Clara– da mesma idade cás alumnas da clase: a xeración das avoas e os avós (entre 1920 e 1950); a das nais e pais (de 1950 a 1980), e a do alumnado (desde 1980 ata a actualidade).

Cada xeración iníciase cunha unidade centrada en Cataluña e España que serve de fío condutor. Nestas tres unidades, analízanse os principais cambios producidos na nosa sociedade. Cada xeración complementábase con tres unidades máis que corresponden a zonas do mundo que tiveron unha influencia relevante nos procesos sociopolíticos dos anos estudados. Na xeración das avoas e os avós (1920-1950) son a Alemaña nazi, a URSS e a China. Na das nais e os pais (1950-1980) compáranse dous modelos de sistema capitalista: Suecia e os Estados Unidos. Chile e a África negra completan a análise deste período. Na xeración do alumnado (1980 ata hoxe) estúdase a situación dos países islámicos, a desaparición do bloque socialista e a situación do Extremo Oriente.

Os conceptos vanse introducindo gradualmente. Máis que explicar a materia, trátase de fornecerlles ós alumnos e ás alumnas documentos e cronoloxías complementarias que lles permitan unha aproximación ós fenómenos históricos. Os materiais e as actividades de ensinanza-aprendizaxe fan posible que o alumnado traballe autonomamente a partir de documentos –en especial fontes orais– e propostas de traballo que facilitan a aprendizaxe por descubrimento. En relación coa linguaxe, púxose moita atención na adecuación á idade e en evitar o sexismo.

O profesorado dispón dun amplo abano de actividades adaptables ás características da clase. Utilízanse procedementos como a empatía, as distintas formas de captación, organización e comunicación da información, mapas conceptuais, debates na clase ou elaboración de dosieres de prensa. Para

aplicar os procedementos básicos ofrécense orientacións no apartado «Como se fai» de cada unidade. Deste xeito, o alumnado desenvolve estratexias de aprendizaxe que lle permiten analizar criticamente os fenómenos sociais. Cada unidade conclúe cunha actividade de síntese e unha autoavaliación de valores que complementa a autoavaliación inicial. Para finalizar, ofrécense suxestións de lecturas e filmes para ampliar a información.



**A aplicación na aula**

«Facer este traballo abriume os ollos, fíxome ver que detrás de todas as guerras hai persoas, vidas de persoas» (Júlia).

«Creo realmente que nun tipo de guerra como esta todos somos perdedores porque, en definitiva, pérdese unha época da vida. No caso da miña avoa tamén lle esnaquizou a infancia e, polo tanto, a posibilidade de desenvolverse libremente» (Hector).

«Esta entrevista creo que nos servirá a todos para comprendermos a pobreza e o medo daqueles tempos e para deixar constancia da memoria histórica porque esta xeración está a piques de desaparecer e se non lembramos, acabaremos esquecendo» (Albert).

Estas son algunhas das conclusións do traballo sobre fontes orais realizado este curso como actividade final da unidade 1.

Máis que explicar a materia, trátase de fornecerlles ós alumnos e ás alumnas documentos e cronoloxías complementarias que lles permitan unha aproximación ós fenómenos históricos

As dúas clases de cuarto de ESO tiñan que buscar testemuños familiares sobre as condicións de vida durante a guerra civil. A causa da idade —algúns avós e avoas eran criaturas durante a guerra—, fixéronse tamén entrevistas entre a veciñanza e en residencias da terceira idade. Os resultados das entrevistas son moi interesantes, tanto polo valor e a diversidade dos relatos das experiencias vividas —testemuñas de moitas zonas de España, de ambos os bandos, de zonas rurais e urbanas...— como polo



grao de reflexión alcanzado polos rapaces e rapazas. O alumnado explicoulle ó resto da clase os aspectos máis destacados das súas entrevistas. Este feito permitiu obter unha visión máis ampla da guerra civil. O traballo completouse coa visita á exposición do Museo de Historia de Cataluña: *Las prisioneras de Franco* e o testemuño directo de María Salvo da Asociación Les Dones del 36 [As Mulleres do 36].

As valoracións do conxunto destas actividades foron moi positivas. Eles e elas recoñeceron o impacto dos testemuños e o interese da información obtida. Ó rematar a unidade, a maioría do alumnado sinalou na

autoavaliación de valores como os máis importantes: ser conscientes do protagonismo das mulleres en todos os ámbitos da vida social, a transmisión de experiencias persoais entre xeracións como elemento de conexión entre pasado e presente e as repercusións das guerras na vida cotiá.

Entre outros exemplos de procedementos utilizados, podemos destacar os excelentes resultados dos exercicios de empatía, como as dramatizacións, a redacción de cartas e diarios persoais, os debates na clase ou coloquios nos que tiñan que defender opinións contrarias ás súas. A simulación dun debate sobre a lei de sufraxio universal nas Cortes da Segunda República permitiu valorar a transcendencia da loita das mulleres para conseguiren o dereito ó voto e analizar os argumentos que se utilizaban para xustificar as desigualdades de xénero. Na xeración das nais e os pais (1950-1980), dramatizáronse as relacións afectivas entre homes e mulleres durante o franquismo. A clase, dividida en grupos de catro ou cinco persoas, preparou o guiión dos personaxes que quería representar. Para facelo tiveron que documentarse solicitando información á familia. Os resultados sorprendéronos ó descubriren aspectos do contexto social da época que descoñecían.

A utilización destes procedementos crea unha dinámica interactiva na aula: o profesor ou a profesora implicase moi directamente no que se está a traballar na clase. Os alumnos e as alumnas decátanse de que aquilo que están estudando ten relación con cuestións moi próximas e que, polo tanto, lles afectan directamente e lles interesan moito. O troco de experiencias e traballos facilita a tarefa cooperativa e o alumnado con dificultades ten a oportunidade de avanzar na aprendizaxe.

En conclusión, trátase de que as rapazas e os rapaces atopen na clase un espazo de formación que lles permita valorar a importancia das contribucións de xeracións anteriores e ter consciencia do seu papel activo na sociedade na que viven.

NOTAS

<sup>1</sup> Àngels Caba, Mercè Casanova, Pepa Edo, Encarna Hidalgo (2001), *El segle xx en primera persona. Ciències Socials*, 4t ESO, Barcelona, Octaedro.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Botey, J. (1986), *Cinquanta-quatre relats d'immigració*, Barcelona, Centre d'Estudis de l'Hospitalet, Deputación de Barcelona.  
 Borderías, C., e outras (1994), *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*, Barcelona, Icaria.  
 Borderías, C. (1997), «Subjetividad y cambio social en las historias de vida de mujeres: notas sobre el método biográfico», *Arenal*, vol. 4, núm. 2. Granada.  
 Moreno, M. (coord.) (1992), *Del silencio a la palabra. Coeducación y reforma educativa*, Madrid, MAS, Instituto de la Mujer.  
 Piussi, A. M.<sup>a</sup> (1996), *Saber que se sabe. Mujeres en educación*, Barcelona, Icaria.  
 Vilanova, M. (1995), *Les majories invisibles. Explotació fabril, revolució i repressió*, Barcelona, Icaria.

**Anexo: Índice da Unidade 9**

UNIDADE 9. O noso tempo. España e Cataluña.

3.<sup>a</sup> Xeración : 1980-Hoxe

**INDICE:**

1. As novas inmigracións
  - 1.1. De Marrocos a Hospitalet  
Actividades
  - 1.2. ¿Que significa ser inmigrante hoxe?  
Actividades
2. **Novas familias. Novos traballos**
  - 2.1. ¿Traballar ou estudar?  
Actividades
  - 2.2. ¿Familia non hai máis que unha?  
Actividades
3. **Un futuro incerto**
  - 3.1. Novas formas de traballo  
Actividades
  - 3.2. Novas formas de vida  
Actividades

**Como se fai**

Análise dunha profesión  
 O relato e o comentario dos resultados dunha enquisa

**Autoavaliación de valores**



**ÀNGELS CABA GUSI**  
**ENCARNA HIDALGO VILLARROYA**  
 PROFESORAS DE ENSINO SECUNDARIO

# AS MULLERES NO ARQUIVO HISTÓRICO

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

**E**ntre a inxente e variada documentación asentada actualmente no Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia, un fondo especialmente importante pola súa especificidade é o relacionado coa participación sociopolítica das mulleres durante a época do franquismo. De aí que a presentación dunha escolma introdutoria deses fondos teña grande atractivo para os investigadores interesados na historia de xénero.

Basicamente, os fondos proceden de doazóns particulares, da documentación xerada por algunhas empresas con maioría de traballadoras no seu cadro de persoal, ou das estruturas organizativas de CC.OO. que, xunta outros provedores, fixeron posible a existencia dun corpo documental que ocupa mormente o período que vai desde os anos sesenta ata a actualidade.

A tipoloxía documental é moi variada tanto no que se refire ós documentos como ó soporte. Dispoñemos dunha importante cantidade de fondos gráficos, dos que fai parte a colección fotográfica coa que ilustramos este número da revista. As imaxes sobre o traballo das mulleres en diferentes sectores da produción van desde fins do século XIX ata a actualidade. Igual importancia teñen os adhesivos e carteis que recollen diferentes aspectos da problemática que afecta o mundo da muller, as súas loitas e reivindicacións ou a súa articulación socio-cultural e política.

Entre os fondos documentais destacan os procedentes dalgunhas empresas, que permiten coñecer as condicións de traballo e

os elementos de conflitividade durante o franquismo: convenios colectivos ou actas de xurados de empresa como Pysbe, Álvarez, Pebsa, Peninsular Maderera e outras. Outra documentación é a que reflite a militancia sindical das mulleres, centrada sobre todo na participación en Comisións Obreiras, e que se enriquece continuamente coa que procede das estruturas sindicais.

Así mesmo, na hemeroteca do Arquivo dispoñemos de prensa especificamente referida ás mulleres na etapa franquista. Trátase dos medios de comunicación e propaganda utilizados na loita polas liberdades que as mulleres levaron a cabo dentro do chamado Movemento Democrático de Mulleres; dispoñemos dalgunhas cabeceiras editadas clandestinamente como *A Muller e a Loita*, *Alborada*, e outros boletíns de fábrica como *A Nosa Loita*, da empresa de cerámica e vidro Álvarez de Vigo. A documentación do arquivo complementase cun fondo de fontes orais, que no caso das mulleres está dando os seus primeiros pasos, e con diversos estudos sobre a violencia de xénero, os problemas da inmigración feminina e outras publicacións aínda vivas como a revista *Trabajadora*, editada pola secretaría da Muller de CC.OO., e *Andaina*, revista galega de pensamento feminista.

Esperamos, pois, que a escolma presentada sexa de interese para os nosos lectores e que os investigadores poidan ter unha referencia dos fondos documentais que poden consultar no arquivo histórico asentado na Fundación 10 de Marzo.

# La mujer y la lucha

SEPTIEMBRE 1968

UNA PUBLICACION NUEVA PARA UNA MUJER NUEVA

5 PTAS.

NUMERO VI

## MEDIO AÑO DE NUESTRO B O L E T I N

Este es el sexto número de nuestro Boletín, medio año de actividad de las mujeres se ha visto reflejado en el mismo, junto a sus opiniones y problemas. Nos ha permitido ver, ante todo y sobre todo, que sólo merced al interés y esfuerzo de las propias mujeres, sólo gracias a su entusiasmo, a su decisión y tenacidad en la lucha pudo aparecer este Boletín, pues, aparte su importante apoyo económico que nos ha permitido confeccionar este modesto periódico, aparte decíamos este apoyo, existe otro más valioso y más difícil: el apoyo moral, el apoyo de la participación, el apoyo por medio de la colaboración escrita, de la discusión, de la difusión...

La crónica de la vida de la mujer no ha hecho más que comenzar a desarrollarse y afianzarse en nuestro Boletín. Es indudable que en lo sucesivo, una vez superado el paréntesis de las vacaciones, comenzarán de nuevo a llegarnos

¡MUJER! DESDE TU HOGAR, DESDE TU BARRIO, FABRICA O LUGAR DE TRABAJO CONTINUA ENVIANDONOS TU COLABORACION: DENUNCIA TUS PROBLEMAS. ¡ES TU BOLETIN: DIFUNDELO!

=====

### SEPTIEMBRE: TIEMPO DE BASES

Dentro de unos días el Señor Castiella volará a Norteamérica para tratar de la renovación de los acuerdos militares del régimen con los Estados Unidos.

Dentro de unos días volverán a renovar la hipoteca militar que pesa sobre nuestro país. Lo único que exigirán serán unos cuantos millones de dólares más cuyo destino, de obtenerlos, sólo las altas jerarquías se beneficiarán.

Y entretando, los riesgos permanentes que las bases militares entrañan, lesos sí que los disfrutaremos en grandes proporciones!

Muchas de las que leen estas líneas están enteradas pero otras no, y conviene que sepan lo que pasa en el mundo y lo que pasa en nuestro país. Conviene asimismo que reaccionen, que denuncien. Pues no es encerrándose en una jaulita-hogar, encerada y pulida, tratando de imitar a esas "mujercitas ideales" que exhiben como el mayor galardón el vivir ajenas a lo que sucede a su alrededor, en un "cielo" al que las bombas o las convulsiones sociales no respetarán. Sólo se puede ser "ideal" en la medida en que este adjetivo se refiera a un ser humano integrado en el mundo de todos no en uno especial e irreal.

Los pactos militares y cuantas decisiones se tomen sin contar con el pueblo, hombres y mujeres, al final, éstos los invalidarán.

=====

las noticias procedentes de los barrios, de las fábricas y lugares de trabajo, a través de las cuales podremos poseer una información completa de las diferentes actividades de la mujer encaminadas a la superación de las limitaciones impuestas por una sociedad que precisa de cambios tan esenciales que la lucha de todos y cada uno de sus miembros más conscientes y responsables se hace imprescindible.

Es importante señalar una vez más, la necesidad de hacernos llegar las noticias con datos concretos y detallados de cada acción emprendida por grupos de mujeres, ya sea en los barrios, fábricas, etc. Una de las finalidades más importantes de nuestro Boletín es servir de unión entre todas nosotras, manteniéndonos informadas y al corriente de lo que hacen las demás mujeres y también de sus opiniones sobre las cuestiones que de un modo especial puedan interesarnos.

### DESPIDOS EN NUMEROSAS FABRICAS MADRILEÑAS

No es nada insólito sino algo cada vez más frecuente. Y esta situación afecta, tanto al obrero como a su familia, a su mujer.


¿Cómo reacciona ésta? En algunos casos, sufriendo resignadamente las consecuencias.... Pero, en otros, deciden participar ellas también en la lucha por remediar esta situación.

Celebran asambleas (mujeres de los despedidos de F.A.S.A. Sevilla), van en conisión a protestar ante la dirección de la fábrica y piden solidaridad a los demás trabajadores (Marconi), se ponen en contacto entre sí para denunciar con energía la falta de garantías y el desamparo en que se encuentran los trabajadores.

A LAS MUJERES DE TODOS LOS DESPEDIDOS les exponemos estos ejemplos, invitándolas a seguir estos caminos y otros que ellas mismas puedan encontrar.

¿O pensáis que la solución es únicamente lamentarse?

=====



EDITORIAL

Como nuestro BOLETIN carece de grandes "cerebros" periodísticos, creamos que esta - poesía, de una de nuestras compañeras, refleja - muy bien nuestro sentir:

MULLER  
 NOVIA ETERNA  
 NO FACER E DESFACER;  
 SIN VIDA, VIVES  
 E NA TUA MIRADA  
 BOBINA  
 CADEAS QUE NON MAXINAS  
 SE DELATAN

PORQUE FAS A HUMANIDADE  
 DANCHE GRORIA SIN VICTORIA  
 ;E POÑENTE FECHAS PRA  
 HISTORIA!  
 RENEGA DO ALTAR EN QUE TO  
 MULLER: E (PAS  
 VAIXA Ó CHA, E VIVE...  
 ;E LOITA...

dez.eme 44 MARZO 2004



## ORGANO DE LA MUJER DEMOCRATICA

AÑO - 2º MES DE SEPTIEMBRE 1.970 Nº 1.

Esta hoja está abierta a todas las Mujeres gallegas y en particular a las obreras, campesinas, estudiantes e intelectuales, conscientes de la lucha que tenemos que sostener en GALICIA, para ser considerada como ser humano libre y para hacer triunfar nuestras reivindicaciones que, cada trabajadora consciente que la emancipación de la MUJER se conseguirá en la lucha de todos - unidas, poniendo cada injusticia a la luz del día, luchando codo a codo, podremos conseguir, que a trabajo igual, salario igual, acceso a todos los puestos de trabajo y a los cargos públicos, salario íntegro y vacaciones suficientes durante la maternidad, que el hecho de casarse no signifique la pérdida del puesto de trabajo; escuela de formación a todos los niveles, casa cunas, cantinas escolares y dispensarios infantiles modernos, suficientes escuelas y centros coloniales de vacaciones que faciliten la tarea de la Mujer- Madre en general y de la Madre trabajadora en particular.

## == MADRE GALICIA ==

Despierta del arrullo de los pinos y las rias,  
de esta nana que empobrece nuestra vida,  
música nueva del yunque y del martillo,  
te salude en la alborada cada día.


Renace de la sabia que riega tus bosques,  
soy tú hija, escuchame !Madre Galicia!,  
deshazte de la hojarasca que se pudre en el suelo,  
y como abono, puede hacer brotar nueva semilla.

Deja atras la leyenda suave dulce y mansa,  
cambiala por los calificativos, trabajador, libre y culto,  
!Madre Galicia!, si nosotros no lo vemos, si los niños,  
la puerta verde abramos todos, aunque esté muy oculta.

Tú que me lees, si eres gallega y gallega te sientes,  
ayúdame y dame la mano, yo la sentire,  
y a mí vez se la daré a otras, todo es empezar,  
!En cono de amor y lucha, si es preciso morire!.

Mujeres del campo, del mar y de la ciudad,  
!hermanas mias!, !hijas todas de la Madre Galicia!,  
empecemos hoy a luchar, !nuestra Madre perece!  
!Revivamosla! !En nuestra lucha puede estar su vida!

**X**ORNADAS  
FEMINISTAS



**CONTRA  
A VIOLENCIA  
MACHISTA**

MARZO 2004

46

dez.eme





**SANTIAGO**

# acercamiento a los estudios de género

Alcalá de Henares  
24 y 25 octubre 2001

Organiza:  
Secretaría Confederal  
de la Mujer de CC.OO.






**A igualdade de xénero  
no traballo:  
unha prioridade de  
comisións obreiras**



**secretaría confederal  
de la mujer**

**CC.OO.**



**Inmigración  
en Feminino**



# A violencia contra as mulleres: un problema social



**CC.OO.**  
sindicato nacional de cc.oo. de galicia  
secretaría da muller



secretaría confederal  
de la mujer

**CC.OO.**



**INFORMACION SOBOR DOS  
METODOS  
ANTICONCEPTIVOS**

**ASOCIACION GALEGA DA MULLER  
MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES DE GALICIA**



# SEXUALIDADE FEMENINA

ASOCIACION GALEGA DA MULLER  
MOVEMENTO DEMOCRATICO DE MULLERES DE GALICIA

**A LIBERTADE DE  
SER NAI  
PASA  
POLA LIBERTADE  
DE NON SELO**

**A.G.M.  
M.D.M.G.**

**ORGANIZACION SINDICAL**  
VICESECRETARIA NACIONAL DE ORDENACION SOCIAL

**INSTRUMENTOS DE RATIFICACION  
DE LOS CONVENIOS INTERNACIONA-  
LES DE TRABAJO RELATIVOS A LAS  
PRESTACIONES DE SEGURIDAD EN  
LA EDIFICACION, AL TRABAJO  
NOCTURNO Y SUBTERRANEO DE  
LAS MUJERES, INDEMNIZACION  
POR ENFERMEDADES PROFESIONA-  
LES Y PROTECCION DEL SALARIO**

**18**

Anexo del núm. 157 del BOLETIN DE DIVULGACION SOCIAL

---

MADRID  
Septiembre  
1959

CASO DE NO HABER INSCRIPCIONES PARA MUJERES EN ESA DELEGACION, LA PRESENTE OFERTA DE TRABAJO DEBERA SER RETENIDA EN ESA DELEGACION UN MES, EN LUGAR DE 10 DIAS COMO SE INDICA EN EL APARTADO 1.4 DE LA CIRCULAR 25/63

INSTITUTO ESPAÑOL DE EMIGRACION

Sección de E. Continental

Registro General SALINA
27 NOV 1963
NÚMERO 32893

AL-475

MINISTERIO DE TRABAJO INSTITUTO ESPAÑOL DE EMIGRACION Delegación Provincial de LA CORUÑA
30 NOV 1963
ENTRADA
Número 3465

Ajunto se remite a V.S. contrato muestra de la operación de la referencia, visa do por la Comisión Alemana de Colocación y Seguro de Paro y aprobado por este Instituto, que será cumplimentado por esa Delegación Provincial con el contingente señalado a esa provincia de ..... **.CINCO PEONES FEMENINOS.** .....

Al propio tiempo se adjuntan **.CINCO.** ejemplares de las condiciones laborales de la empresa referida, para que en colaboración con los Servicios de Colocación lleguen a conocimiento de los trabajadores interesados, debiendo quedar éstos suficientemente impuestos de sus condiciones de contratación.

La tramitación de esta oferta de empleo deberá ajustarse, inexcusablemente, a lo preceptuado en la Circular nº 25, de 25 de Mayo de 1.963.

Dios guarde a V.S. muchos años.  
Madrid, **27 de noviembre de 1963**

EL JEFE DE LA SECCION,



Sr. Delegado Provincial de E. Continental en

**CORUÑA**

Se ruega que las trabajadoras sean de la provincia de **.-Victoria**

**Arbeitsvertrag**  
**Contrato de trabajo**  
**MUESTRA-MUSTER**  
für die Beschäftigung eines spanischen Arbeitnehmers

ZONA DE RECLUTA

*Victoria*  
*La Comuna*

para el empleo de un trabajador español **industria metalúrgica**

Zwischen dem Arbeitgeber **Richard Sieper & Söhne G.m.b.H.**  
Entre la empresa

mit Sitz in **Müsen Kreis Siegen**  
con domicilio en

vertreten durch  
representada por

und dem Arbeitnehmer  
y el trabajador

geboren am  
nacido el

wohnhaft in  
domiciliado en

Familienstand: ledig / verheiratet / verwitwet\*)  
estado civil: soltero / casado / viudo\*)

wird folgender Arbeitsvertrag vereinbart:  
se conviene el siguiente contrato de trabajo:

I

Der Arbeitgeber verpflichtet sich, den Arbeitnehmer  
La empresa se obliga a emplear al trabajador

als **peón femenino (para trabajos ligeros,** (Bezeichnung der Tätigkeit)  
en calidad de **fáciles y limpio)** (especificación de la actividad)

in **Müsen Kreis Siegen** (Ort der Beschäftigung)  
en (indicación del lugar de trabajo)

vom **día de llegada**  
desde el día

frühestens vom Tage des Eintreffens des Arbeitnehmers am Beschäftigungsort ab,  
que no podrá ser anterior de la llegada del trabajador al lugar de empleo,

bis zum **por 1 año** zu beschäftigen  
hasta el día

Der Arbeitnehmer verpflichtet sich, während der genannten Zeit bei dem Arbeitgeber eine Tätigkeit dieser Art auszuüben.  
El trabajador se obliga a ejercer su actividad en la empresa contratante en la clase de trabajo y período antes citados.

II

Der spanische Arbeitnehmer erhält hinsichtlich des Arbeitsentgelts, der sonstigen Arbeitsbedingungen und des Arbeitsschutzes keinesfalls eine ungünstigere Behandlung als die vergleichbaren deutschen Arbeitnehmer - des Betriebes\*)

En lo referente a retribución, condiciones de trabajo y protección laboral, el trabajador español tiene derecho a un trato que no podrá ser, en ningún caso, menos favorable que el de un trabajador alemán - de la misma empresa -\*) cuyo grado de cualificación sea equiparable.

\*) Nichtzutreffendes streichen  
\*) táchese lo que no interesa

MARZO 2004

54

dez.eme

## RESOLUCIONES SOBRE LA MUJER

Este primer Congreso de la C.S. de CC.OO. refleja el gran avance realizado por nuestro sindicato en la sensibilización respecto a la problemática de la mujer, en la asunción de sus reivindicaciones no solo profesionales y laborales, sino también las que se refieren a asistencia sanitaria, (anticonceptivos) la falta de servicios colectivos, (guarderías, comedores colectivos...) así como sus problemas en el terreno jurídico (divorcio, patria potestad, código penal...

La propia experiencia ha demostrado que la transformación de las estructuras económicas del capitalismo, es condición necesaria pero no suficiente, para eliminar la discriminación de la mujer.

Es necesario afrontar una lucha específica contra las mentalidades y costumbres, -- arraigadas durante siglos, incorporadas por el capitalismo para asegurar así la reproducción del papel de inferioridad de las mujeres. Esa es la necesidad objetiva -- de la que nace el movimiento feminista. Partiendo de esa conciencia, un número cada vez mayor de mujeres une sus energías de lucha contra todo el sistema económico, político e ideológico que hace posible la opresión de la mujer.

En esta lucha de las mujeres, las asalariadas jugarán un papel importante en la -- orientación correcta de la lucha. Debe existir pues una relación estrecha entre la lucha de la clase trabajadora y la específica de las mujeres como tales. Ambas deben reforzarse mutuamente para la conquista de la sociedad socialista.

La división de papeles entre el hombre y la mujer, en la pareja, la familia, el trabajo y la actividad social, forma parte del aparato ideológico del capitalismo.

Así pues, la lucha contra la discriminación de la mujer es una aportación de profundidad, de enriquecimiento de la lucha por una sociedad sin clases. Esta aportación es especialmente importante porque moviliza a nuevas capas de la población en torno a las contradicciones no sólo económicas, sino culturales y morales del capitalismo e incorpora nuevas fuerzas a combatirlo.

Debemos valorar claramente ese potencial, porque la lucha de las mujeres como tales es un movimiento aún joven, con indefiniciones e inmadurez considerables y sería grave que por falta de sensibilidad de las fuerzas de clase, se orientara bajo un supuesto radicalismo hacia posiciones políticas y sociales reformistas.

El movimiento feminista debe encontrar en el movimiento obrero y sus organizaciones el aliado que le permita realizar sus objetivos en toda su profundidad y amplitud.

Defender las reivindicaciones específicas de la mujer y un nuevo papel de ésta en toda la actividad social, exige también una forma específica de organización. Así hoy están constituidas secretarías de la mujer en la casi totalidad de los órganos de dirección a los distintos niveles de CC.OO.. El balance de la corta etapa en que funcionamos así, es altamente positivo:

- El grado de sensibilidad y de comprensión del conjunto de CC.OO. hacia la problemática de la mujer ha crecido sensiblemente.

Nuestros planteamientos reivindicativos y la concepción de este área de trabajo, se han definido y homogeneizado en gran medida; fruto de ello ha sido la elaboración de la plataforma para las elecciones sindicales y las propuestas unificadas por la Comisión de la Mujer para las ponencias del Congreso.

- Esta mayor elaboración y organización del trabajo sobre la mujer ha contribuido a prestigiar su papel dentro del Sindicato (uno de los argumentos utilizados para desprestigiar a las mujeres y su lucha es su incapacidad de organización).

- Muchos de los planteamientos de esta Comisión estatal de la Mujer y de las de las nacionalidades, regiones, etc., han tenido ya una repercusión en la lucha reivindicativa inmediata: Convenios de Hostelería de Madrid, los C. estatales de Artes Gráficas



## MERCEDES NÚÑEZ: RESISTENTE EN VENTAS E RAVENSBRÜCK

CARME VIDAL

**D**urante os últimos anos da súa vida, Mercedes Núñez visitaba centros de ensino; explicáballes ós rapaces o horror nazi e intentaba localizar a todos os galegos que sufriran os campos de concentración. As fotografías falan dela como unha muller madura e serena, coma calquera avoa de pelo branco ou calquera vella e paciente profesora. Resulta difícil imaxinar que detrás desa imaxe tranquila se agochase a

biografía dunha resistente, a historia dunha muller que padeceu a represión nos lugares de exterminio máis cruelmente imaxinados.

Á memoria de Mercedes Núñez cheguei pola lectura de *El carrito dels gossos*, o libro que publicou en catalán para relatar o terror do campo de concentración de Ravensbrück, onde estivera recluída. «Escribirei isto aínda que non o faga moi

ben e a pesar do meu vocabulario, empobrecido polo exilio; relatarei o que alí vin», di Mercedes nas primeiras páxinas deste libro que viu a luz en 1980 e que se converteu nun dos máis aterradores documentos de denuncia do horror nazi. O relato non é en absoluto distante, quen escribe para dar conta de tanta atrocidade é unha das súas vítimas, unha muller á que lle custa resistir ata aquel sinalado 14 de abril de 1945 en que o campo é liberado, xusto cando as súas minguadas condicións físicas íana conducir directamente á cámara de gas. Á vista do que alí conta, enténdese tamén o esforzo de Mercedes por intentar que todo aquilo non quedase no esquecemento e colaborar para que nunca máis se repetise.

Foi o seu fillo, Pablo Iglesias Núñez, quen me achegou outro documento non menos aterrador. Para a miña sorpresa, trátase doutro libro de Mercedes Núñez, *Cárcel de Ventas*, publicado en 1967 no seu longo exilio parisiense. O exemplar gardado na casa familiar tiña escrita á man unha dedicatoria para o fillo que dicía: «Para ti, que construíras o comunismo na nosa terra».

Mercedes Núñez non estivo só nun campo de concentración nazi, tamén viviu as atrocidades do cárcere franquista. A través da súa vida pódense percorrer algúns dos episodios máis dramáticos da historia contemporánea. Con ela débúxanse as traxectorias de moitos republicanos que sufriron a represión, que marcharon polos Pireneos, formaron parte da resistencia, foron deportados a campos de concentración e que, á fin, continuaron ata o derradeiro dos seus días no alento dunha militancia que é a única que pode explicar a súa supervivencia. En dúas ocasións sente, pois, Mercedes Núñez a necesidade de botar man do papel e a pluma para contar unha historia que tamén era a súa. Nela, as razóns que a levan a escribir son claras: quere deixar constancia do que pasou, daquilo que os historiadores non contan

porque son as historias que ela viviu e oíu ás compañeiras da cadea e do campo de concentración. Só as que estiveron dentro saben o que se podía sufrir no cárcere de Ventas ou no campo de Ravensbrück. Busca, deste xeito, non só denunciar a represión senón, e de modo especial, converterse na voz de tantas mulleres que padeceron o terror canda ela. En boa medida, son elas as protagonistas dos seus escritos.



### Libros para o combate

«Explica ós da rúa o que viches aquí. Esta frase, pronunciada por unha reclusa de Ventas ó darlle a aperta de despedida, estívome rañando a conciencia como unha promesa non cumprida... ata que, a vinte anos de distancia, como puiden, como souben, preparei este relato, forzosamente incompleto». Mercedes escribe por un mandado. É unha muller, sen nome, quen lle pide que se converta en testemuña de todas elas, e os seus libros comparten esa circunstancia de orixe con outras memorias que ela mesma atesoura na súa casa, nunha biblioteca que se nutre especialmente de bibliografía dos mesmos acontecementos históricos que ela viviu. As memorias de Tomasa Cuevas, de Neus Catalá, de Juana Doña ou de Soledad Real comparten coas de Mercedes Núñez o convertérense no que Shirley Mangini cha-

30/77

5<sup>e</sup> RÉGION MILITAIRE  
 État-Major  
 Bureau F. F. C. I. régional  
 N° 2.414 - BR FFLC/FI/4  
 C. A. 5<sup>e</sup>  
 le 26.1.1950 TOULOUSE

MODÈLE NATIONAL - SÉRIE SPÉCIALE  
 Révisé le 18.07.1947  
 (M. n° 4300 FFLC/FI de 3 Décret 1947  
 CM n° 4300 FFLC/FI de 3 dtd 1947)

### CERTIFICAT D'APPARTENANCE AUX FORCES FRANÇAISES DE L'INTERIEUR

LE GÉNÉRAL COMMANDANT LA 5<sup>e</sup> RÉGION MILITAIRE, certifie que :

M<sup>me</sup> HUNZÉ Mercedes alias BARCELONN (Espagne)  
 née le 16.1.1911 à BARCELONN (Espagne)  
 actuellement domiciliée à DRANCY St. RUF Eugène Melin - DRANCY

**A SERVI DANS LES FORCES FRANÇAISES DE L'INTERIEUR**

au titre des formations suivantes, ~~composées de soldats et de sous-officiers~~ dans les départements ci-après :

F.F.F.F. 5<sup>e</sup> Brigade de Guerrilleros Espagnols de I.I.1943 au 25.5.1944 (Aude)  
 du XXX au XXX  
 du XXX au XXX

**Circonstances particulières**

Le 25.5.1944 M<sup>me</sup> HUNZÉ Mercedes a été arrêtée par la Gestapo - Internée à CARCASSONNE Fort ROMAINVILLE puis déportée à SARRERBOCK - RAVENSBROCK rapatriée le 25 Mai 1945. - Pensionnée à 100 % par décision du Centre de Réforme de PAU en date du 4.7.1946.  
 La présente attestation constitue un Certificat de présence au Corps.  
 Elle a été établie à l'intention de l'ANISORADÉ.  
 domiciliée à

A TOULOUSE le 26 JANVIER 1950 MM

Le Général de C.A. D'ANSEINE  
 Commandant la 5<sup>e</sup> Région Militaire

Références particulières éventuelles : Certificat N° 2.414  
 daté le 26.1.1950 de la  
 Seine en date du 10.10.1946.

*Admiral*

N.B. - La présente pièce est le certificat d'appartenance original ; le détenteur ne doit pas en signer, sans préavis, et contre reçu, dans les procédures administratives s'il y a lieu.

ASSOCIATION NATIONALE  
 DES  
 ANCIENS COMBATTANTS DES  
 FORCES FRANÇAISES DE L'INTERIEUR  
 FRANCS-TIREURS ET PARTISANS FRANÇAIS  
 ET DE LEURS AMIS

PARIS, le 2 avril 1952 1952

- ATTE STATION -

Adresse postale  
 27, Boulevard des Halles  
 PARIS-2<sup>e</sup>  
 Tél. : RC Châtelet 46-26

C.C.P. (Chèques) n° 19.45  
 C.C.P. (Banque) n° 46.26  
 Référence à appeler : M/AF N° 1701

Je soussigné, Lieutenant-Colonel Fernand VIGNÉ, liquidateur national du Mouvement "F.F.F.F." certifie sur l'honneur que :

Madame HUNZÉ Mercedes  
 27, rue Eugène VARLIN à DRANCY (Seine)


faisait bien partie du mouvement F.F.F.F. - Département de l'Aude, depuis le 1.1.1943, au moment de son arrestation qui a été effectuée par la Gestapo à CARCASSONNE, à la suite d'une dénonciation de ses nombreuses actions de résistance contre l'armée ennemie. - Il meurt de son groupe furent arrêtés le même jour - Date de l'arrestation : le 25 Mai 1944.  
 Internée à CARCASSONNE, Fort ROMAINVILLE est ensuite déportée à SARRERBOCK et RAVENSBROCK d'où elle a été rapatriée le 25 mai 1945.

Fait à Paris, le 2 avril 1952, pour servir et valoir ce que de droit.

F. VIGNÉ  
 Lieutenant-Colonel  
 Liquidateur National

ASSOCIATION NATIONALE  
 DES ANCIENS COMBATTANTS DES  
 FORCES FRANÇAISES DE L'INTERIEUR  
 FRANCS-TIREURS ET PARTISANS FRANÇAIS  
 ET DE LEURS AMIS

MARZO 2004 58 dez.eme





mou a «voz urxente do testemuño colectivo». Todas elas eran mulleres militantes, activistas, e a súa escrita plural responde tamén ó seu compromiso político. Destacan nas súas memorias a solidariedade das mulleres en situacións de represión; case todas regresaron en canto puideron á actividade política no exilio, na clandestinidade ou na restauración despois da morte de Franco.

Pouco fala dela mesma nos seus dous libros. Mercedes Núñez compón a súa historia a través de tantas vidas que compartiu, e é esa forma de escribir a que nos debuxa tamén o seu propio retrato. Militante comunista e muller solidaria, nesas dúas condicións agocha a súa forza. Despois de ler o seu paso polo cárcere de Ventas e a dramática experiencia no campo de Ravensbrück, onde a piques estivo de perder a vida, Mercedes aparécenos como unha sorte de ser invencible. Do amplo álbum de fotos que o seu fillo garda na casa, hai unha especialmente estarrecedora. A imaxe corresponde ó ano 1966,

cando nai e fillo fan a primeira viaxe a Galicia tras o seu longo exilio francés. Foi Mercedes quen escolleu a rúa e lle pediu ó fillo que lle tirase o retrato. Confesoulle entón que naquel xusto lugar a prenderan de moza, acusada de militancia comunista. Trasladárase de Barcelona á Galicia das súas orixes na procura dun anonimato que non resultou tal. Deron con ela e comezou así o seu calvario na cadea franquista. Volvía Mercedes e quería regresar tamén a aquel momento. Ó primeiro intre no que lle quitaron a liberdade.

### **A rapaza do xoieiro de Bergondo**

O destino de Mercedes Núñez, coma o de tantas nenas burguesas do seu tempo, estaba marcado por unha infancia de piano e francés e as aspiracións a un bo matrimonio ou a se converter nunha monxa con dote. Filla do xoieiro de Bergondo establecido nas Ramblas, José Núñez Otero, e da barcelonesa Ángela

Targa, contra os seus desexos forma parte do Club Feminino de Sporto e da Agrupación Amics del Sol, e fórmase en contabilidade e idiomas para traballar como administrativa. Pero non tardará tampouco en ter na súa man a carta de militante de esquerdas, primeiro nas Xuventudes Socialistas e despois no PSUC, partido ó que se afilia en 1936. Mercedes encárgase de funcións burocráticas do partido na sede da Pedrera e chega a traballar no consulado de Chile cando o poeta Pablo Neruda o dirixía. A carta de presentación non era a máis acaída para ficar tranquila nunha cidade acosada pola ocupación fascista. Ten a idea de que en Galicia continúa a ser a filla do xoieiro das Ramblas que volve cada verán, e decide ir para aló, segura de que ninguén pode adiviñar veleidades comunistas naquela rapaza ben da burguesía comercial catalá.

Trabucábase. En 1939 detéñena na rúa Real e pasa o seu primeiro tempo de cativerio no cárcere da Coruña. Son poucos días e noites interminables en vela, iluminadas polo impertinente faro da Torre de Hércules que tempo despois lembrará como unha das primeiras torturas. Ó pouco, Mercedes Núñez é trasladada ó cárcere de Ventas, unha prisión da que se conta que só en 1939 estiveron detidas entre nove mil e once mil mulleres.

A cadea madrileña supón un corte radical na vida de Mercedes. As situacións que a cotío se viven dentro da prisión exercen sobre ela unha maduración dos seus ideais. Crente ata entón, será o comportamento represor das monxas que gobernan o presidio o que a arredará de vez da relixión. Non pode ter ningún tipo de achegamento a esa fe que se alía con tanta facilidade cos métodos terroristas do golpe militar.

Pasarán vinte anos ata que Mercedes Núñez se poida enfrontar á memoria de Ventas, onde entra cunha condena de doce anos e un día. O que alí vira era tanto e tan doloroso que dúas décadas despois aínda

pode ser precisa. Afirmo que quere ser fiel a todo o que pasou, e con esa votade compón un dos máis terribles frescos que reflite como se exercía a tortura durante o franquismo. En *Cárcel de Ventas* recolle a solidariedade da Peque, a valentía das Trece Rosas, a resistencia de Maruja G. diante da tortura, a dignidade de Clara ou a dor insoporable de dona Pepita ó saber que lle mataran os seus dous fillos.

Cando Mercedes Núñez sae de Ventas atravesada os Pireneos cara ó exilio francés, coma tantos republicanos. Co nome de *Paquita* participa dos labores da resistencia ata que a Gestapo a detén en Carcasonne o día 25 de maio de 1944, nunha emboscada na que caeron once compañeiros refuxiados. Está no Fort de Romainville antes de ser trasladada ó campo de concentración de Sarrebrück, paso previo ata ser conducida a Ravensbrück. Mesmo nas duras condicións de control e terror ás que estaba sometida, Mercedes participa en sabotaxes na fábrica de armamento próxima a Leipzig e pertencente ó Komando HASAG no que está recluída, e é precisamente esa posibilidade de seguir participando na resistencia a que en certa maneira a mantén viva. «Dábannos de comer unha sopa por día, máis nada. Había que traballar doce horas de pé. Nós tiñamos que pasar pola máquina setecentos obuses cada día. Pero os magnates da industria tiñan os seus técnicos que calcularan cientificamente que, co réxime que levabamos, un deportado podía vivir uns nove meses. Non se enganaban moito. Despois dos nove meses íamos para o gas e viña outro. Alí estabamos seis mil mulleres condenadas a morrer», relatou tempo despois nunha entrevista. De todo o que viviu nos campos de concentración nazis deixou Mercedes Núñez constancia en *El carretó dels gossos*, un libro que entra de cheo na campaña para impedir a desmemoria que continuaría ata a súa morte. O texto recolle episodios dunha crueldade dificilmente imaxinable.

FECHAS			VICISITUDES
Dia	Mes	Año	
10	Abril	1940	Con esta fecha se oficia al Juzgado Mtar. Permanente nº 8, recordándole se encuentra incomunicada la Srta. Targa por si considera oportuno darlos órdenes para que le sea levantada dicha incomunicación. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> El Subdirector, <i>[Signature]</i> El Oficial, <i>[Signature]</i>
12	Abril	1940	Se recibe y una oficio del Juzgado Mtar. Permanente nº 8, en el que ordena sea levantada la incomunicación de esta detenida, se comunica a la Srta. Jefe de Servicio para su cumplimiento. Se participa. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> El Subdirector, <i>[Signature]</i> El Oficial, <i>[Signature]</i>
14	Junio	1940	Se pregunta situación procesal de esta detenida, al Permanente nº 8, significándole que de no serle ratificada la prision en el término de ocho dias a contar de la fecha, procederemos a ponerla en libertad inmediatamente, de acuerdo con la Ley de 9 de Enero de 1.940. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> El Subdirector, <i>[Signature]</i> El Oficial, <i>[Signature]</i>
20	Junio	1940	Se recibe un oficio del Juzgado Mtar. Permanente nº 8, ratificando la prision de esta detenida, en su virtud se participa. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> El Subdirector, <i>[Signature]</i> El Oficial, <i>[Signature]</i>
26	octubre	1940	Comparece a Consejo de Guerra en virtud de orden que se une al exp. de MERCEDES NUÑEZ TARGA, en nº 57634, reingresando. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> El Subdirector, <i>[Signature]</i> El oficial, <i>[Signature]</i>
23	mayo	1941	Se recibe y una relación que envia la Prision de Guerra a quien ha comunicado Capitanía General que esta reclusa tiene disidencia la sentencia impuesta en Consejo de Guerra sumº 57634. V2. B2. El Director, <i>[Signature]</i> La Subdirectora, <i>[Signature]</i> El oficial, <i>[Signature]</i>

**Mercè Núñez Targa**

---

# EL CARRETÓ DELS GOSSOS

Una catalana a Ravensbruck



dez-eme 61 MARZO 2004

**NATIONAL DE LA LÉGION D'HONNEUR**

HONNEUR PATRIE



LE PRÉSIDENT DE LA RÉPUBLIQUE FRANÇAISE  
GRAND MAÎTRE DE L'ORDRE NATIONAL DE LA LÉGION D'HONNEUR

nomme par décret de ce jour, Mademoiselle **N U N E Z** Mercédès  
Ancien Sergent des Forces Françaises de l'Intérieur  
né e le 16 Janvier 1911 à **Barcelone** ( Espagne )


**CHEVALIER DE LA LÉGION D'HONNEUR**

dre rang du 10 Avril 1959 et jouir de tous les droits, honneurs et prérogatives attachés à cette qualité.

Fait à Paris, le 2 Février 1960

é sous le N° 3.186 MU 60  
Services de la Médaille Militaire.

Par le Président de la République :  
LE GRAND CHANCELLIER DE LA LÉGION D'HONNEUR,  
*[Signature]*  
Général Astier



«Sempre me lembro da liberación: mulleres que morreron ás poucas horas puxéronse de pé nas camas berrando: ¡Xa están aquí!, ¡Xa están aquí!, xente que estaba desfeita completamente... penso que son unha das poucas superviventes das mulleres que estabamos alí. A nós tocáronnos os americanos e non se quixeron facer cargo de nós, dixeron que eramos civís. Logo chegou un médico canadense e veu xente da misión francesa. Leváronnos a un manicomio. Alí a xente morreu de présa. Parecía que estaba esperando a liberación para morrer». Así lembra Mercedes Núñez aquel 14 de abril de 1945 no que desafiuzada, e na enfermería confeccionou unhas bandeiriñas republicanas para que a saída do campo fose triunfal.

Durante a súa recuperación nun sanatorio nos Pireneos, coñece o militar republicano Medardo Iglesias, co que vivirá en París e terá o seu fillo Pablo. Quedábanlle aínda a Mercedes Núñez trinta anos de exilio en Francia, onde lle outorgarán as

máximas condecoracións militares e civís pola súa participación na resistencia. Nunca abandonou a súa militancia comunista e, desde o exilio, participou na fundación do Partido Comunista de Galicia; cando regresou definitivamente en 1975, tomou parte activa en distintas campañas electorais. Pouco antes de morrer en 1986, Mercedes Núñez seguía dando testemuño do horror da tortura e o exterminio nazi e reclamaba que se levantara un monumento ós galegos que sufriron os campos de concentración. Comparecera xa en 1945 como testemuña no xuízo celebrado en Leipzig contra o xefe da Gestapo, e a impresionante fotografía que se conserva do momento parece agora o máis acaído retrato de Mercedes Núñez, esa muller para quen a denuncia formaba parte do seu combate. «Non hai nada no mundo tan forte como a fraternidade dos que loitan xuntos por unha boa causa», deixou escrito nun dos seus libros, e só ese convencemento é quen de explicarnos agora a súa resistencia.

CARME VIDAL  
XORNALISTA

# AS PRIMEIRAS ELECCIÓNS DA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA E A MULLER


ROSA M.<sup>a</sup> CAPEL MARTÍNEZ

O dereito ó voto das españolas que reconece o artigo 36 da Constitución de 1931 só se puido exercer en dúas ocasións. Unha, da que acaban de cumprirse setenta anos, o 19 de novembro de 1933. A outra, o 14 de febreiro de 1936. En ambas as citas, as mulleres tiveron unha ampla implicación e a prensa constitúe un bo reflexo disto. De certo que a novidade da presenza feminina neste tipo de acontecementos convertíaa xa en noticia, pero non o é menos que o entusiasmo co que as españolas protagonizaron estes momentos atraeu os reporteiros españois e estranxeiros. Mesmo se conserva algunha foto coa indicación no reverso da maior asistencia feminina ca masculina ás urnas. A Guerra Civil, primeiro, e a ditadura de Franco, máis tarde, cortaron polo deréito o camiño de concienciación política iniciado coa República, e se a voz dos españois foi silenciada durante catro décadas, máis aínda o foi a das españolas, que viron perderse, ademais, as conquistas acadadas durante o primeiro terzo do século XX.

## O renacer do feminismo

Os cambios económicos e sociais que viviu o noso país a partir dos anos sesenta tiveron na situación da muller un dos seus principais barómetros. O descenso da natalidade, a crecente incorporación feminina ó traballo asalariado e a mellora dos niveis educativos alu-

mean un asociacionismo feminino e feminista disposto a impulsar a mellora na situación das españolas. Ó Seminario de Estudos sobre a Muller (SESM), creado por María Campoalange en 1960, únese o Movemento Democrático de Mulleres (MDM), un lustro máis tarde. Os anos setenta foron prolíficos neste terreo, iniciándose coa aparición da Asociación de Mulleres Xuristas (1971) por iniciativa de María Telo, impulsora dos cambios no Código Civil para terminar coa dependencia da muller casada respecto ó marido. Séguena, entre outras, a Asociación para a Promoción e Evolución Cultural (APEC, 1973), a Asociación de Mulleres Separadas Legalmente (1973) e a Asociación Universitaria para o Estudo e Promoción da Muller (AUPEPM). Tras a morte de Franco, acelerouse a creación de novos grupos —o Movemento de mulleres de Barcelona (Moviment de Dones de Barcelona), o Colectivo Feminista de Madrid, a Asociación Democrática de Mulleres (ADM), a Fronte de Liberación da Muller (FLM), a Organización Feminista Revolucionaria, etc.— e a incorporación das españolas á escena política. É tamén a etapa en que prolifera a prensa feminista, como *Vindicación Feminista*, e na que se acentúa o debate entre partidarias da dobre militancia —política e feminista— e defensoras da militancia única feminista. As reivindicacións dunhas e outras abranguían un amplo abano de dereitos: igualdade dos sexos nos distintos códi-



gos, igual salario por igual traballo, servizos sociais, legalización dos anticonceptivos e do aborto, creación de centros de planificación familiar; aprobación dunha lei de divorcio que resolvera os problemas ós que se enfrentaban as mulleres separadas, etcétera.

### As primeiras eleccións do novo estado

A convocatoria de eleccións para constituír o parlamento que elaborase unha Constitución foi o momento en que os españois recuperaron a súa condición de cidadáns. O Real Decreto Lei do 18 de marzo de 1977 devolvíalles a todos os maiores de 21 anos os dereitos electorais plenos e fixaba os comicios para o 15 de xuño seguinte. A vontade do goberno de non deixar fóra a ningún

grupo de poboación fixo que se permitira presentar candidaturas non só ás asociacións e partidos legalizados, senón tamén a grupos de electores que reuniran un número de sinaturas suficientes. Esta vía foi utilizada por formacións políticas sen legalizar, asociacións de veciños e de feministas para presentaren os seus candidatos.

Segundo o estudo *Mujer y...15 de junio*, as mulleres sumaron 653 nas listas de candidatos ó Congreso por todos os partidos, o trece por cento deles. A maior parte ocupaba postos na segunda metade desas listas, o que lles restaba posibilidades de saíren elixidas. Dos partidos de implantación nacional, o que máis mulleres incluíu foi o PCE, seguido de PSOE, AP, PSP-US e UCD. O PNV só presentou candidatas nunha provincia, mentres as formacións catalanistas o fixeron nas catro de Cataluña. Por circunscripcións electorais,

case a metade mantén a media nacional de representación feminina ou a supera, destacando Valladolid, onde se alcanzou o dezanove por cento. A outra metade sitúase por baixo, e mesmo Huesca, Ceuta e Melilla non presentaron ningunha muller. Para o Senado, a presenza feminina redúcese aínda máis: só trinta e sete candidatas, o catro por cento do total.

É difícil, por non dicir imposible, establecer criterios claros que xustifiquen a desigual presenza feminina nas distintas circunscricións. Hainas ricas e pobres; agrarias e industrializadas; rurais e urbanas; grandes e pequenas. Cabe dicir, polo tanto, que esa presenza dependeu das actitudes dos partidos ou coalicións e da forma de elección existente para cada Cámara. A votación de listas pechadas e a representación proporcional para o Congreso era máis propicia á inclusión e elección de mulleres cá votación nominal e maioritaria establecida para o Senado. Neste caso, a obrigada confrontación directa con outros candidatos homes poucas veces favorece as candidatas polo peso das ideas tradicionais sobre a repartición de funcións entre os sexos e polo afastamento da muller da esfera política. En consecuencia, os partidos reduciron o seu número a aquelas que tiñan posibilidades de triunfo.

Aínda que a inclusión de mulleres nas listas electorais fose limitada, todos os partidos tentaron atraer os seus votos cunha publicidade específica e cos espazos que se lles dedicaron nos programas electorais. Entre eles existían claras diferenzas. As agrupacións de dereitas limitábanse a reivindicar a igualdade xurídica, laboral e educativa dos sexos, mantendo a idea da familia como o espazo feminino por natureza. Os partidos de esquerdas e as organizacións feministas incluían, ademais, a necesidade de establecer o matrimonio civil, o divorcio, a patria potestade compartida, a protección da maternidade voluntaria e das nais solteiras, a potenciación dos servizos sociais, a desaparición dos conceptos de adulterio e


amancebamento, etc. Algúns, como o PSP e a Fronte Democrática de Esquerdas, falaban tamén da despenalización do aborto.

Das eleccións do 15 de xuño de 1977, dúas formacións saíron configuradas como as máis importantes do arco político español: UCD e PSOE. Detrás situáronse: PCE, AP e PSP. As españolas, coma os españois, votaron maioritariamente as dúas primeiras, coa diferenza de que mentres as enquisas preelectorais daban a UCD un importante apoio feminino, o PSOE gañou ese apoio ó longo da campaña.

O Parlamento constituínte da nova democracia ía contar cunha representación feminina bastante limitada. Para o Congreso saíron elixidas vinte e unha candidatas —o seis por cento do total de deputados—; para o Senado, catro, ás que se uniron outras dúas de designación real —o dous con catro por cento da Cámara—. Por partidos políticos, os que presentaron maior número de deputadas foron PSC e PSOE, con dez cada un; UCD tivo sete, o PCE, tres e AP, unha. As senadoras repartíronse: dúas de UCD e unha do PSOE e DC. Polo xeral eran mulleres novas que viñan ocupando cargos nos órganos de decisión dos seus partidos ou dentro dos recentemente legalizados sindicatos.

Aínda que o número de candidatas e de deputadas en 1977 poida parecernos pírrico desde a perspectiva de hoxe, no seu momento significou unha importante conquista non só porque estabamos nos inicios dun novo período democrático logo de catro décadas de ditadura senón, tamén, porque as nosas vinte e sete parlamentarias nos situaban no décimo posto entre os Estados democráticos occidentais, por diante de países como Francia, Gran Bretaña, Canadá e os Estados Unidos. Apenas un ano máis tarde, a Constitución de 1978, ó establecer a igualdade entre os sexos e prohibir a discriminación no matrimonio e o emprego, ó garantir a igualdade legal como requisito imprescindible da convivencia democrática, abría o camiño a un futuro onde a igualdade real entre homes e mulleres sería posible.

# La cultura pasa por aquí



AV Monografías  
Ábaco  
Academia  
ADE Teatro  
Afers Internacionals  
Álbum  
Archiipiélago  
Arquitectura Viva  
Archivos  
de la Filmoteca  
Arte y parte  
Astrágalo  
Atlántica Internacional  
Aula, Historia Social  
L'Avenç  
Ayer  
Boletín de la  
Institución Libre de  
Enseñanza  
CD Compact  
El Ciervo  
Clarín

Claves de Razón  
Práctica  
CLIJ  
El Croquis  
Cuadernos  
de la Academia  
Cuadernos de Alzate  
Cuadernos  
Hispanoamericanos  
Cuadernos de Jazz  
DCidób  
Debats  
Delibros  
Dezeme  
Dirigido  
Doce Notas  
Doce Notas  
Preliminares  
Ecología Política  
El Ecologista  
Er, Revista de Filosofía  
Exit, Imagen y cultura  
Experimenta

El Extramundi y los  
Papeles de Iria Flavia  
La Factoría  
FotoVideo  
Goldberg  
Grial  
Guadalimar  
Guaraguo  
Hélice, revista de poesía  
Historia, Antropología y  
Fuentes Orales  
Historia Social  
Ínsula  
Intramuros  
Jakín  
Lápiz  
Lateral  
Leer en primavera,  
verano, otoño, invierno  
Letra Internacional  
Letras Libres  
Leviatán  
Litoral

Mas Jazz  
Matador  
Melómano  
Mientras Tanto  
La Mirada Limpia  
Nickel Odeon  
Nuestro Tiempo  
Nueva Revista  
Ópera Actual  
La Página  
Pasajes  
Papeles de la FIM  
Papers d'Art  
Política Exterior  
Por la Danza  
Primer Acto  
Quimera  
Quórum  
Raíces  
Reales Sitios  
Reseña

Revista  
HispanoCubana  
Revista de Estudios  
Ortegaianos  
RevistaAtlántica  
de Poesía  
Revista de Libros  
Revista de Occidente  
Ritmo  
Scherzo  
El Siglo que viene  
Síntesis  
Sistema  
Sociedad Geográfica  
Española  
Temas para el Debate  
A Trabe de Ouro  
Turia  
Utopías/Nuestra  
Bandera  
Veintiuno  
El Viejo Topo  
Visual  
Zona Abierta



Asociación de  
Revistas Culturales  
de España

## Exposición, información, venta y suscripciones:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid  
Teléf.: 91 308 60 66  
Fax: 91 319 92 67  
<http://www.arce.es>  
e-mail: [info@arce.es](mailto:info@arce.es)

# UN CONCEPTO

## *Violencia de xénero*

PILAR GONZÁLEZ GARCÍA

As Nacións Unidas (A/CONF 144 / 17, 1991) afirman que a violencia que sofren moitas mulleres, tanto nos países desenvolvidos coma nos non desenvolvidos, está relacionada co status de desigualdade das mulleres en todas as sociedades e que a súa orixe enraíza na estrutura do matrimonio, na familia e na sociedade, sendo imposible, polo tanto, comprender a súa natureza sen ter en conta o contexto social e ideolóxico dentro do cal a violencia se produce.

Calquera explicación debe ir alén das características do agresor, da vítima, da familia e da sociedade. Sinálase (ONU) que para erradicar a violencia cómpre en primeiro lugar erradicar a desigualdade de xénero.

En efecto, a violencia exercida sobre as mulleres ha abordarse desde unha perspectiva de xénero se queremos un cambio que promova e conduza, se non a unha erradicación a medio prazo, si a unha progresiva diminución desta, coas consecuencias positivas que produciría tal cambio na sociedade.

Neste contexto, *perspectiva de xénero* significa que en calquera intervención, do tipo que sexa —preventiva, asistencial e outras—, debe reflectirse que homes e mulleres asumen o xénero masculino ou feminino tal e como as normas socioculturais o demandan. Neste sentido, hai que ter en conta que certos trazos e características persoais se educan de diferente xeito se se é neno ou se se é nena, que se asumen os papeis marcados polo xénero, que



todos e todas vivimos no pasado e no presente con normas de xénero impostas socialmente. Con estas premisas, esta problemática enténdese, vese e valórase de distinta maneira.

A partir desta perspectiva de xénero imos afondar un pouco máis no termo *violencia de xénero*. Sabemos que a violencia se dá só nos humanos, que é aprendida e que, en calquera das súas manifestacións (física, psicolóxica, social...), é unha das formas de exercer o poder que utiliza a forza para subxugar a outra «parte».

Así, por medio da violencia son sometidos pobos, persoas, etnias..., sempre por «quen é máis» —máis e mellor, claro— «có outro». Con esa premisa, calquera forma é válida para someter e conservar o poder e os privilexios que este leva consigo. Nunha sociedade androcéntrica con referentes xerárquicos (o poder está totalmente xerarquizado) e ademais con valores patriarcais (tamén o poder), a violencia de xénero cumpre unha función social: manter o poder nas mans de quen xa o ten.

Debido a que os atributos masculinos son considerados positivos —é bo ser valente, rápido, lóxico, racional— e os «atributos»

femininos son considerados negativos —non é tan bo ser lento, intuitivo, afectivo—, en xeral, está profundamente enraizado no inconsciente colectivo que o asociado ó masculino e a masculinidade é positivo e o asociado ó feminino e a feminidade é negativo. Daquela, por forza o cambio social ha ser moito máis lento do que quixeramos.

Vemos que os valores «masculinos» están enfocados cara á produción e os valores «femininos» cara á reprodución (habería que ver cómo se lle pode dar o biberón a un bebé de forma forte, lóxica e rapidamente; empuriso, parece máis saudable facelo de maneira suave, afectuosa e tranquilamente) e, neste sentido, encontrámonos na paradoxal situación de que desde algúns estamentos se fan «grandes esforzos» para que aumente a taxa de natalidade, aínda que o feito reprodutor en si mesmo está desvalorizado. Se se valorasen algúns atributos femininos como o «coidar», talvez os homes se implicasen máis na crianza, e aínda que antropoloxicamente nos sigan explicando que todo iso responde ás necesidades dunha sociedade de cazadores, xa extinguida hai un monte de séculos, na actualidade non nos serve de desculpa.

Estamos no século XXI, e o ano pasado morreron en España noventa e sete mulleres como consecuencia directa da violencia de xénero. Ano tras ano repítense as violacións, crimes, mutilacións, etc. de mulleres en todo o mundo. Podería parecer incluso que esta violencia arrequece, pero como este problema comeza a facerse visible a fins do século pasado, non podemos saber se vai a máis ou a menos porque carecemos de datos.

Non quero entrar na expresión final e máis dura desta violencia (o número de mulleres asasinadas, unha cada cinco minutos nos Estados Unidos); voume centrar noutras violencias moito máis sutís que, polo feito de nacermos mulleres, sufrimos toda a nosa vida.

Por sermos nenas edúcannos neses valores femininos e así atopámonos con situacións difíciles de comprender, como por exemplo o que me comentaba unha amiga: «a miña sobriña ten cinco anos e faise responsable de lle adminis-

trar as pautas médicas no colexio ó seu irmán, que ten oito». A consecuencia de situacións análogas a esta é que se instala no inconsciente colectivo que as nenas son máis maduras e responsables cós nenos, polo menos no terreo do «coidar», coma se fose connatural ó sexo.

Edúcannos para facermos responsables do benestar dos demais, e topamos con casos tan absurdos como que nenas de 5 ou 6 anos se preocupan pola saúde dos seus papás. Cóidanos coma se foran seres máis débiles ca elas e con máis necesidades, e responsabilízanse de algo que non é función delas. Con esa idade xa figuran pequenas mamás case perfectas, preocupadas do benestar da casa, nalgúns ordes que elas xa controlan. Así como as nenas de 5 ou 6 anos xa teñen aprendidas esas cuestións, tamén os nenos teñen aprendido que eles non son os que se han preocupar diso, da cousa de coidar.

Como consecuencia, máis adiante, na idade adulta, encontramos a expropiación absoluta de tempo e de espazo das mulleres. Sobre o tempo de ocio das mulleres, o que nos contan as estatísticas é que carecemos del. Nalgúns casos, en países desenvolvidos, este tempo de lecer das mulleres non chega nin a un tercio do tempo de ocio dos homes; escusamos comentar o que ocorre nos países chamados non desenvolvidos. Esta expropiación do tempo é outra violencia de xénero que se exerce sobre as mulleres con consecuencias directas na súa saúde, o mesmo que a expropiación dos espazos. Aquí poñerei un claro exemplo que se dá moito na vida política deste país. Para que unha muller chegue a un posto político importante xa tivo que traballar, como mínimo, o dobre cós seus compañeiros. Unha vez aí, nas listas electorais colócanas en postos baixos, e se algunha acada os primeiros lugares, as listas móvenas na medida en que se vexan posibilidades de que alcancen cargos públicos importantes, de xeito que o acceso a espazos de poder segue séndolles expropiado ás mulleres dentro dos partidos políticos.

Pero sabemos que hai outras moitas violencias: diferenzas salariais, diferenzas xudiciais (Themis realizou un grande estudo sobre

as diferenzas nas sentenzas xudiciais en razón do xénero), diferenzas sanitarias (a síndrome de Yentl refírese ó nesgo, inconsciente ou non, na investigación e asistencia biomédica: a igual patoloxía ou sintomatoloxía, téndese a explorar a fondo o home e a administrar ansiolíticos e antidepressivos ás mulleres), etc.

Como vemos, a violencia de xénero, como modo de relación, está instalada na nosa sociedade e na nosa cultura; non só impregna as persoas individualmente senón a sociedade. Pode falarse, por tanto, de *violencia de xénero institucional*: as institucións están formadas por persoas que pola súa vez se insiren nunha cultura e nunha ideoloxía cargadas de estereotipos, valores, crenzas e actitudes nesgadas polo xénero. O panorama que nos encontramos promete ben pouco.

Dentro do ámbito doméstico, as mulleres non estamos seguras. De feito é o espazo máis perigoso para nosoutras pois a maioría dos asasinatos e agresións que se inflíxen a mulleres ocorren dentro do espazo privado ou doméstico. O que para o home é «o descanso do guerreiro», para a muller, en moitos casos, é o seu cadaleito. Fálase moito ultimamente da *violencia doméstica*, intentando esconder nese termo a violencia de xénero que existe na actualidade; pero o termo, en si mesmo, é confuso. «Doméstico» refírese a todo o que hai na casa, no fogar, ó privado, ó familiar, ós lazos de parentesco, ás relacións de afectividade. Porén sabemos que o maltrato e os asasinatos se producen maiormente sobre as mulleres, é dicir que aínda que o ámbito onde se producen é moitas veces o doméstico, en realidade trátase de violencia de xénero. O sexo e a idade son os dous eixes fundamentais do poder dentro do espazo privado; isto dá lugar a que a violencia a reciban as mulleres, as nenas e nenos e as persoas maiores. Insisto, ó falar de violencia doméstica ou familiar elúdese mencionar o problema polo seu nome: violencia de xénero. Así, na medida en que non o nomeamos volve estar oculto, o problema pasa a ser unha cuestión privada e pódese seguir tratando desde o punto de vista privado, familiar; fálase entón de familias disfuncionais e inténtase separar

de novo o espazo privado do público, co que «deixa» de ser un grave problema político e social.

Xa falamos dalgún tipo de violencia que se descarga sobre as mulleres nos espazos públicos: violacións, acosos sexuais no traballo, «maltrato» nas institucións —sanitarias, xudiciais, municipais, etc.—. Nestes ámbitos, coma no privado, existen relacións de poder cuxos parámetros veñen determinados en exclusiva polo modelo masculino, de aí que o que teña que ver coa muller ou co feminino se desvaloriza de entrada, chegando mesmo a depreciarse aquelas profesións, institucións e ámbitos públicos onde as mulleres foron e son maioría crecente, e que antes eran só ou maioritariamente masculinos (medicina, xudicatura). Vemos así como o mundo das relacións, sexan as privadas ou as públicas, segue as pautas das relacións de poder desde o modelo masculino (positivo, forte, xerarquizado), que ten o poder por pertencer sen máis a ese sexo privilexiado: home e de xénero masculino, fronte a un modelo feminino (negativo, non xerárquico —que non é o mesmo que sen orde—) e que polo simple feito de pertencer ó sexo muller e ó xénero feminino carece, de entrada, de ningún tipo de poder. Daquela, o que ocorre no ámbito doméstico é fiel reflexo do que ocorre no ámbito público (aínda que neste a violencia física directa é menor).

As relacións que se establecen en xeral, sexan do tipo que sexan e independentemente de onde se dean, poden ir cargadas de «balas». Como a desigualdade entre homes e mulleres na práctica está servida, séguese considerando a muller «menos» có home, inferior a el. A violencia como medida de control sobre as mulleres cumpre a función social de que nada cambie na estrutura fundamental do poder. Igual que un pobo invade outro porque cre ser mellor ou porque se cre con dereito a facelo, a violencia sobre as mulleres ten as mesmas raíces. Neste caso non é un pobo o que invade outro: é un xénero asociado ó sexo masculino, macho, o que invade outro xénero asociado ó sexo muller, femia, colonización e subxúgao.

**PILAR GONZÁLEZ GARCÍA**

PSICÓLOGA  
EX DIRECTORA DA CASA  
DE ACOLLIDA DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

# HOMENAXE A MANOLO VÁZQUEZ MONTALBÁN

PARANINFO DA UNIVERSIDADE DE BARCELONA,  
21 DE OUTUBRO DE 2003

ROSA REGÀS\*

**F**oi nesta universidade, no patio de letras, onde vin por primeira vez a un Manolo Vázquez Montalbán moi noviño. Desde aquel día do mes de outubro de 1959 seguíu a súa traxectoria literaria e política e busquei na súa amizade antiga e profunda, pero tamén en xornais e revistas, a súa voz que me había mostrar sempre o camiño polo que conducir inquedanzas e curiosidade sobre a vida política e a realidade da nosa sociedade, o mesmo que facemos desde hai tempo unha inconmensurable cantidade de cidadáns de todas as partes.

Des que nos chegou a trágica nova da morte de Manuel Vázquez Montalbán no aeroporto de Bangkok, coma se el mesmo se convertese nun dos seus innumerables personaxes e da forma máis dramática posible quixese explicarnos ata que punto vivía con paixón a ficción que el mesmo creaba, a prensa e os medios de comunicación do país non deixaron de darnos información sobre as infinitas facetas creativas dun home que aproveitou cada momento da súa vida para crear e loitar e recuperar a memoria histórica e reivindicar a xustiza, a igualdade e a liberdade como dereitos fundamentais de todo ser humano que vive neste mundo.


Mesmo ás persoas, cada vez máis numerosas, que lemos e seguimos toda a

súa extensa e extraordinaria obra, deixounos unha sensación de sorpresa e admiración novas. É unha obra vasta, literaria, política, que une a paixón pola poesía, pola ficción, polo ensaio, pola crítica, pola información, cunha actitude de compromiso político e social.

Porque Manuel Vázquez Montalbán foi un dos grandes creadores do noso tempo, o máis grande do noso país, estou certa. O máis lido e o máis traducido a máis linguas. E iso non se consegue sen dúas calidades extraordinarias que os deuses só conceden ós seus elixidos: unha incabable capacidade de fabular e de crear mundos de ficción e unha inconmensurable competencia para o traballo, sendo as dúas xuntas a base imprescindible onde edificar este mundo de ficción, elaborar sen deter o pensamento e a crítica e deixar que a mirada de poeta sobre a realidade se versifique, se converta en poema e non morra en si mesma coma se fose un proxecto sen futuro, unha mentira.

Pero non foi só isto o que fixo Manolo. Cada xornal, cada revista, cada emisora de radio, cada TV, atopou a palabra dun amigo, dun coñecido que nos descubriu aspectos inéditos dunha vida de mil facetas distintas que deixou o ronsel da súa honestidade, dos seus coñecementos, e sobre todo da axuda que nunca lle negou a

\* TRADUCIÓN DO CASTELÁN: ANTONIA TATO FONTAÑA



A Manuel Vázquez Montalbán, J. Ballester

ninguén. Colaboracións en toda clase de publicacións, as máis famosas e as que comezaban e necesitaban un empurrón para continuar e resistir, actuacións a prol dos dereitos pisados, das tropelías das autoridades do país e do mundo enteiro, presentacións de libros de autores descoñecidos e coñecidos, intervencións e mitins en barrios e vilas, mesas redondas nas facultades e librarías sobre literatura ou política, lecturas poéticas. A actividade de Manuel Vázquez Montalbán fainos pensar nun home que tiña o don de estar en distintos lugares á vez sempre que se tratase de colaborar con quen o necesitase. Coma se tivese nas mans non unha vida senón moitas vidas distintas e moitas máis horas có común dos mortais deste mundo, vidas que vivía sen o orgullo nin a vaidade de quen tería todo o dereito de se considerar unha excepción.

Pero de todos os Manuel Vázquez Montalbán que descubrimos nos últimos días e de todos os que coñecemos, se cadra hoxe teríamos que lembrar aínda con máis intensidade, con máis saudade, o home que con sensibilidade e certeza soubo ler, analizar e criticar a realidade que nos envolve, esta realidade polo cambio da cal non fixo máis que loitar. E non só agora que quen máis quen menos se atreve a dicir o que lle peta, senón cando estabamos dominados

por unha ditadura e calquera manifestación contraria ó ditador era un delito. Manolo sabía buscar unha fenda nas barreiras e prohibicións daquel réxime ominoso para facer oír a súa voz que denunciaba e que orientaba e que daba azos para a protesta. Desde aquel primeiro e difícil tempo, sempre que tivemos necesidade atopamos a súa opinión, que non pretendía nin xamais pretendeu impoñer ós demais senón que emanaba da vontade profunda de crear o diálogo e o debate, consciente como era de que só co diálogo e o debate se chega ó coñecemento e a acción.

Quizais porque se lle afinaran a vista e a ironía cos moitos anos de exercicio, era quen de penetrar á primeira nunha declaración, nun problema, nun conflito, nunha mentira oficial, descubrir o que agachaba e explicar con claridade e contundencia a súa estrutura e orixes e tamén as súas funestas consecuencias. Quizais fose esta visión da realidade a que, debidamente reinventada e fabulada, lle servía de escenario ás súas espléndidas novelas, ós seus poemas.

Con fidelidade ás ideas que deu mantido sempre des que comezou a pensar, Manuel Vázquez Montalbán demostrounos que virar a chaqueta e renegar da propia historia pode darnos ás veces máis poder e unha economía máis sólida, pero nunca serve nin para adqui-

rir nin para conservar o prestixio, a admiración e o amor dos que están á nosa beira, dos que nos coñecen e mesmo dos que non comparten o noso ideario e a nosa posición política. Con ironía ou sarcasmo, ou con tenrura, pero sempre con intelixencia, foi fiel ó que defendía, sabendo como sabía que é ás ideas que permanecen ó que hai que ser fiel e non tanto ás persoas que veñen e van e que ás veces tamén rifan e se contradín.

Talvez por isto coa súa actitude de intelixencia viva e activa, de loita por un mundo mellor que cría posible aínda que cada vez máis difícil, fixo máis por Cataluña, pola España plural e atreveríame a dicir que polo mundo enteiro, do que tería feito involucrándose en bandeiras da cor que fosen e fabricando canóns da potencia que sexa, tralos cales tantas veces os nosos líderes agochan as propias ineficacias e deficiencias, e outras intencións e violencias non confesables cun entusiasmo tan baleiro de contido para a poboación que non fan senón anular o seu pensamento e o seu sentido da crítica.

Todo isto non son gabanzas ó amigo morto, senón que é o mesmo que viña dicindo sempre que tiven ocasión cando estaba vivo, o mesmo que lle dicía a el cando me deixaba.

**ROSA REGÀS**  
ESCRITORA

## MANUEL VÁZQUEZ MONTALBÁN

**N**o tempo transcorrido desde o número anterior de DEZ·EME, a perda irreparable dun amigo, Manuel Vázquez Montalbán, comocionou profundamente a todos os que formamos parte da Rede de Arquivos Históricos de CC.OO.

Manuel Vázquez Montalbán foi un prolífico escritor que transitou por todos os campos da creación literaria. Poeta, novelista, ensaísta e xornalista, recibiu numerosos premios e foi traducido a multitude de linguas. O sentido falecemento foi reco-

Que as palabras que Manuel Vázquez Montalbán sementou con tanta coraxe en miles e miles de páxinas durante os últimos cincuenta anos, cheguen ó noso entendemento e á nosa conciencia nesta hora triste en que a apatía da esquerda, a falta de conciencia solidaria que nos rodea e o desprestixio da intelixencia política se estenden polo país e polo mundo queréndonos convencer de que non paga a pena loitar pola xustiza e que o politicamente correcto é a falta de criterio, o exabrupto, a manipulación e a mentira que, xaora que si, nos levan directamente á involución.

Agora faltaranos a súa voz, unha das voces máis poderosas da esquerda, para nos amosar o que tantas veces esconde a realidade e a manipulación da linguaxe. Faltaranos a voz, a presenza, a amizade, o amor, o sorriso irónico e cada unha das expresións creativas e de loita dunha das persoas máis dotadas de toda a nosa historia. Ata agora Manolo Vázquez Montalbán fora o noso referente, agora teremos que nos conformar con telo como modelo.

É certo que nos quedan as palabras e a memoria que, como di nun dos seus poemas, viaxarán connosco ata a nosa morte, pero tamén o é que dunha ou outra maneira teremos que aprender a vivir sen el.

llido por todos os medios de comunicación, que glosaron e gabaron amplamente a figura literaria e o seu talante humano; sirvan como exemplo os números correspondentes de *El Viejo Topo* ou *Le Monde Diplomatique*.

Intellectual irreductible da esquerda política, sempre desde a súa militancia no PSUC, o partido dos comunistas cataláns, ou desde Iniciativa, Vázquez Montalbán fixo realidade o compromiso social como referente crítico nos difíciles tempos da ditadura

franquista, na transición ou durante o transcurso desta etapa democrática caracterizada polo conformismo intelectual nun mundo globalizado por guerras inxustas e pola explotación económica, que non se cansaba de denunciar. Os que o coñecemos, ou liamos e compartiamos con el as ideas, as loitas e as esperanzas, tiñamos un referente permanente coa súa presenza cotiá na prensa, coas entregas literarias e cos seus ensaios, que nos facían sentir acompañados e presentes na sociedade e non tan «sós e rodeados», como el mesmo manifestara nunha coñecida columna. Desa relación, anónima pero familiar, con multitude de lectores, el era consciente, como tamén tivemos ocasión de comprobar, e nunca defraudaba as nosas expectativas.

A súa actitude solidaria tamén se reproducía no marco do traballo intelectual, sempre disposto a colaborar con toda iniciativa cultural que tivese como referente as ideas que tantos compartimos en España. A pesar das múltiples actividades e dos compromisos persoais, nunca deixaba de atender e cumprir desinteresadamente co que se lle demandaba. Na Rede de Arquivos Históricos de CC.OO. podemos dar testemuño e

non queremos deixar de recoñecelo; aí quedan os excelentes textos que nos brindou: «Quessada. Malos tiempos para Prometeo» en *Quessada. Arte y Compromiso* (Fundación 10 de Marzo, 1997-2000); «Solidaridad o barbarie» en *Arte y solidaridad. Milán 1972-Barcelona 1997* (Fundación Cipriano García, 1997) ou «Las huelgas ya no son lo que eran», en *Las huelgas de 1962 en Asturias* (Fundación Juan Muñoz Zapico, 2002).

Desde a Fundación 10 de Marzo, e na crenza de reflectirmos o sentir de numerosos amigos, pensamos que agora estamos algo máis orfos sen o seu ton literario ou periodístico, ese ton que nos axudaba a reflexionar, a sorrir —amargamente ás veces— e co que se comunicaba con todos nós e nos alimentaba intelectualmente na nosa soidade. Manolo, gracias pola túa colaboración cando a solicitamos, gracias por Sixto Cámara, por Manolo V el Empecinado, por Luis Dávila, pola Baronesa d'Orcy, por Caperucita e o lobo feroz, por Carvalho e por todos os teus restantes nomes. Quedamos, unha vez máis, sós, co teu exemplo e a túa lembranza que permanecerá en todos nós mentres eses nomes se manteñan na nosa vida.

## MANUEL VÁZQUEZ MONTALBÁN NA REDE

<http://www.vespito.net/mvm/indesp.html>

<http://www.rebellion.org/mvm/>

<http://www.cult.gva.es/dglab/images/bibliografiavazquezmontalbanII.pdf>

<http://www.msu.edu/user/colmeiro/carvalho.html>

<http://www.folk.uio.no/jmaria/VazquezMontalban/page2.html>

<http://www.edicionesb.com/carvalhogastronomico/vmontalban.htm>

[www.lemondediplomatique.es/vazquezmontalban](http://www.lemondediplomatique.es/vazquezmontalban)

## MEMORIA HISTÓRICA


JOSÉ GÓMEZ ALÉN

**E**sta nova sección que incorporamos á revista pretende ser un espazo informativo sobre algunhas das actividades que por toda a xeografía española se están a desenvolver por iniciativa de diferentes asociacións e institucións, coa finalidade de contribuír á recuperación da memoria histórica democrática, o seu significado e a importancia da súa difusión nos medios de comunicación.

asociacións que tomaron a palabra tras as intervencións dos portavoces dos partidos políticos alí presentes. Foi este un acto de xustiza histórica, un emotivo reencontro coa memoria democrática que chega con atraso de máis e que vén a paliar o abandono institucional no que se atopan as vítimas da Guerra Civil e do franquismo. Hoxe, vinte e cinco anos despois de que botara a andar a Constitución democrática, cómpre unha reparación moral que debe partir da condena da ditadura franquista por parte da máis alta institución política, acompañada da necesaria eliminación de todo os símbolos e monumentos erixidos pola ditadura en toda a xeografía española.



O primeiro acontecemento de interese foi o **acto de homenaxe ós represaliados do franquismo** que, con motivo do vinte e cinco aniversario da Constitución española, celebraron os grupos políticos representados no Congreso dos Deputados, coa excepción do Partido Popular. Na sala de columnas das Cortes reuníronse represaliados chegados de todas as comunidades autónomas e representantes de diversas



Unha segunda actividade é a **exposición As Prisíons de Franco (Les Presons de Franco)**, que desde fins do mes de novembro e ata o mes de abril estará aberta ó público no Museo de Historia de Cataluña. Deseñada e excelentemente estruturada polos seus comisarios, os historiadores

Ricard Vinyes e Manel Risques, a exposición ofrece mediante todo tipo de obxectos, documentación, fotografías, debuxos e pinturas, unha visión xeral do sistema carcerario da ditadura franquista. A través da exposición pódese seguir a estratexia xurídica, política e social da actividade represora do franquismo e os diversos instrumentos utilizados polo aparato do Estado co obxecto de aniquilar os restos da tradición republicana e imposibilitar calquera indicio de oposición política á ditadura.

En seis apartados desenvólvense diferentes aspectos da represión franquista. No primeiro, «A vitoria», preséntase o triunfo dos sublevados contra a República e o inicio dunha nova orde política xunto ás forzas sociais e políticas que a van soste, como foi o caso da Igrexa católica.

Un segundo ámbito da exposición recolle «Os camiños da prisión»; pártese da derrota militar e engloba as diferentes actitudes de resistencia social ou política: a guerrilla que caracteriza os primeiros momentos da ditadura ou, a partir dos anos sesenta, as loitas sociolaborais ou a configuración e fortalecemento da oposición política que conducirá a loita polas liberdades, a amnistía e os estatutos de autonomía. Este apartado engloba tamén os instrumentos xurídicos, as diversas instancias xudiciais e a armazón legal que facilitaba o exercicio da represión indiscriminada.


No terceiro apartado, «A tortura», descríbese a utilización deste instrumento de desmantelamento moral e social de toda resistencia política. Neste sentido, a tortura sen límites nin control foi exercida polos funcionarios do Estado e polos grupos violentos amparados polo aparato represor da ditadura.

O cuarto espazo expositivo, «O universo penal», desenvolve o funcionamento do sistema penitenciario, as condicións da vida cotiá nos cárceres e as estratexias de resistencia e solidariedade que os presos eran capaces de pór en marcha para sobrevivir á dureza da reclusión.

O apartado «Extramuros» mostra os efectos daquela realidade na vida familiar dos presos, a existencia de mecanismos de control dos que conseguían saír, que pasaban a un estado permanente de liberdade vixiada. Inclúese aquí a articulación de redes de solidariedade que se ocupaban de amparar as familias dos detidos ou de contribuír ás mobilizacións pola súa liberdade. O derradeiro apartado, «Amnistía, memoria histórica», presenta esta reivindicación social como un dos recursos de mobilización fundamentais da oposición política á ditadura.

A preparación desta importante mostra, porén, non acadou a colaboración necesaria por parte dalgúns instancias da Administración política do Estado. A Dirección Xeral de Institucións Penais, dependente do Ministerio do Interior, denegoulles ós comisarios a utilización de determinada documentación orixinal, o que pon de manifesto que aínda está por normalizarse o funcionamento democrático das nosas institucións políticas no tocante ó patrimonio histórico sobre determinadas etapas, que nos pertence a todos e que debe ser coñecido pola sociedade. A citada dirección xeral denegou neste caso a utilización de documentos importantes para entender o alcance da represión durante a ditadura; trátase de varios libros de actas do cárcere de Segovia relacionados coa prisión de mulleres e a fuga de presos, así como os expedientes carcerarios do poeta Miguel Hernández, finado na prisión de Alacante en 1942, e do dirixente comunista Julián Grimau, executado no cárcere de Carabanchel en 1963. Desde a Fundación 10 de Marzo mostramos o noso rexeitamento a esas actitudes escurantistas que aínda percibimos en determinadas forzas políticas e saudamos a oportuna iniciativa desta exposición que, pola súa calidade, rigor historiográfico e significado, se converte nun acontecemento de rexeneración ética que nos indica o camiño a prol da reparación moral e histórica que merecen aqueles que sufri-

ron a dureza da represión e ós que coa súa capacidade de resistencia contra a ditadura contribuíron á conquista das liberdades democráticas. É unha exposición, pois, de visita obrigada, que debería iniciar un percorrido por toda a xeografía española. En palabras de Margarida Sala, do Museo de Historia de Cataluña: Les Presons de Franco é unha exposición adaptada a todos os públicos, que facilita a comprensión histórica dos mecanismos represores utilizados pola ditadura e que permiten sentir a voz de todos aqueles ós que sempre lles foi negada».



Outra exposición vén a enriquecer o noso achegamento a un dos aspectos máis determinantes do século XX: a participación política da muller. Trátase de **O Voto das Mulleres. 1877-1978**, presentada na Biblioteca Nacional en Madrid e organizada pola Fundación Pablo Iglesias coa colaboración da Universidade Complutense; actualmente pode visitarse en Granada e viaxará á Coruña ó longo deste ano. A comisaria da mostra é Rosa M.<sup>a</sup> Capel Martínez, historiadora da Universidade Complutense de Madrid.

A exposición percorre a historia da loita polo dereito ó voto das mulleres a través de documentos, fotografías, gravados,

carteis, folletos, periódicos e revistas, debuxos, cartas e documentos persoais, publicacións e diversos obxectos. Preséntase dividida en cinco seccións que desenvolven os aspectos máis importantes desta historia, que comeza coa Revolución Francesa e a Ilustración. A segunda sección dedícase a «A muller española entre a tradición e o cambio (1877-1936)», onde se plasman aspectos sociais, culturais, educativos, a vida cotiá ou o traballo das mulleres en España ata 1936.


A terceira sección desenvolve o tema «Feminismo e voto en España», centrado basicamente no debate sobre o sufraxio durante a II República. A cuarta sección, «Pioneiras na política durante a II República», sitúanos diante das biografías daquelas mulleres que tiveron un destacado papel nesa etapa histórica: Clara Campoamor, Margarita Nelken, Victoria Kent, María Lejárraga, Dolores Ibárruri ou Federica Montseny.

Por último, «Da Constitución de 1978 á paridade», presenta a recuperación do dereito ó voto e algúns aspectos da participación política das mulleres en España coa conquista da democracia.

A exposición inclúe un catálogo, tamén dirixido por Rosa M.<sup>a</sup> Capel, que é fiel reflexo da exposición e inclúe os textos dos investigadores que a complementan.



Tamén en Galicia tiveron lugar algunhas actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica (ademais das que neste sentido organiza a nosa Fundación e que se recollen noutra sección).





O Partido Comunista de Galicia e o Foro pola Memoria organizaron no cemiterio civil da Coruña un acto de **homenaxe ós guerrilleiros comunistas executados co 'garrote vil' o 6 de novembro de 1948**, José Gómez Gayoso, secretario xeral do Partido Comunista de España en Galicia naquela altura, e Antonio Seoane Sánchez, xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia. No acto inaugurábase tamén un monumento conmemorativo, obra do arquitecto galego Celestino García Braña, sufragado con achegas diversas e a edición dunha litografía do pintor ourensán Xaime Quessada. Nesta lembranza, os guerrilleiros homenaxeados foron loados por diversas persoeiros da cultura galega como Isaac Díaz Pardo e o catedrático emérito da Universidade de Santiago, Xesús Alonso Montero; tamén participaron diversos dirixentes de Esquerda Unida e do Partido Comunista de España e de Galicia. Tivo lugar tamén un recital poético de Marcos Ana co acompañamento musical do grupo A Quenlla. Con motivo deste acto, os asistentes foron agasallados cun volume edi-

tado por Ediciós do Castro e que presentou o seu editor, Isaac Díaz Pardo; o libro, coordinado por Xesús Alonso Montero e Xosé Ramón Fandiño, contén unha selección de poemas sobre os mencionados guerrilleiros e diversas cartas e documentación referida ó proceso que os condenou a morte.



Un sentido similar de recuperación histórica ten a **edición de Prisión Central. Celanova (1939-1940)**, breve volume que recolle testemuños e cartas dos presos confinados no convento de Celanova convertido en prisión e dedicado a outro prisioneiro de guerra, o asturiano Luis Alonso Sánchez. O facsímile vai acompañado doutro breve volume obra de Xesús Alonso Montero que lle serve de prólogo.

**JOSÉ GÓMEZ ALÉN**

DIRECTOR DA FUNDACIÓN  
10 DE MARZO


# A DIGNIDADE DAS MULLERES NO CÁRCERE

DAVID SIMÓN LORDA

Ricard Vinyes (2002),  
*Irredentas: las presas  
políticas y sus hijos  
en las cárceles de Franco*,  
Madrid, Ediciones  
Temas de Hoy,  
288 p xinas

Á espera de que nun par de días se emita o documental «Las fosas del olvido» no programa Documentos TV na segunda canle da televisión estatal —quitando que xurdan motivos «de interese xeral»—, seguimos hoxe (fins de xaneiro de 2004) se poder ver aqueloutro documental, «Los niños perdidos del franquismo», realizado por Montse Armengou e Ricard Belis co asesoramento do historiador Ricard Vinyes, e que xa se emitiu nalgunhas canles autonómicas. Este documental deu orixe ó libro (ou viceversa) *Los niños perdidos del franquismo* (Plaza y Janés, 2002), que puxo de manifesto a represión á que foron sometidos nenos e mulleres nos cárceres franquistas. Desta obra demos conta noutro numero de DEZ·EME, e hoxe comentamos algúns aspectos do libro *Irredentas: las presas políticas y sus hijos en las cárceles de Franco*, de Ricard Vinyes, que afonda aínda máis no mundo carcerario das presas políticas e na violencia que sufriron.

A verdade é que, malia ter lido xa uns cantos artigos e traballos sobre a represión, a lectura de *Irredentas* déixao a un desacougado, e



moitos dos testemuños que aparecen nas súas páxinas fan estarrecer só de imaxinar a miseria, a soidade, as tundas e torturas sistemáticas, as agresións sexuais e a incerteza cons-

tante a mercé dos caprichos e arbitrariedades ás que se viron sometidos todos os presos do franquismo, pero especialmente as presas políticas, os seus fillos e as súas familias.

Coma en *Los niños perdidos del franquismo*, faise fincapé nas «desaparicións» e a separación dos fillos das presas baixo a xestión dos aparatos de seguridade e represión franquista, moi en convivencia coa Igrexa católica. Moitos deses nenos e nenas acabaron nas redes de Auxilio Social e nos centros benéficos do Estado e da Igrexa. Vinyes, novamente e como facía en *Los niños perdidos del franquismo*, compara estes feitos cos ocorridos na Arxentina durante a ditadura militar entre 1976 e 1983. En España, a perda, desaparición e secuestro foron o resultado da «purificación» do país, asumida polo Novo Estado. As bases científicas achegábaas o psiquiatra militar Vallejo Nágera que, cos seus libros, coas conferencias na Escola Penitenciaria e coas súas afirmacións, construíu unha auténtica deshumanización do «outro», do vencido; conseguiu «psiquiatrizar» a disidencia e impregnar por diversos camiños o universo penal e a sociedade do Novo Estado, o cal viuse coa posibilidade —e a necesidade— de actuar terapéuticamente sobre os opositores (e sobre a súa descendencia) para os transformar en habitantes non conflictivos (pero co estigma de «roxos») da nova España.

En 1944 había uns doce mil nenos e nenas ingresados en centros públicos e relixiosos, pero ademais o Estado franquista, valéndose das delegacións do Servizo Exterior de Falange, urdiu numerosas misións semisecretas en México, Guatemala, Bélxica, Francia, Inglaterra e outros países, destinadas a capturar fillos de republicanos que pasaban a engrosar os centros de Auxilio Social e

dos diferentes padroados creados para xestionar este importante volume de menores de idade.

É obrigado lembrar aquí a serie de álbums de Carlos Giménez titulados *Paracuellos*, unha sincera e testemuñal obra mestra do cómic español que chegou ás miñas mans hai xa algúns anos. Abofé que non dei comprendido o alcance do que plasmaba e denunciaba naquelas historias sinistras dos nenos dos fogares de Auxilio Social ata que non lin os libros de Vinyes.

Les estaban esperando los hermanos, frailes, monjas, hermanas, sores y curas de los Asilos, Casas de Mendicidad, Colonias y Talleres, los jueces de los tribunales Tutelares de Menores, los instructores el Frente de Juventudes y las camaradas de la Sección Femenina, enfermeras, celadoras y matronas de Auxilio Social, que recogían su cosecha día a día para hacer de aquellos españolitos, aún contaminados por el virus del odio rojo, hombres de aquella España en la que comenzana a amanecer... (A. Martín, s. d.)<sup>1</sup>

Outro aspecto que se analiza e disecciona maxistralmente no libro é a vida nos cárceres: a saturación, a fame, o frío e a violencia repítense cadora; son numerosos os testemuños das frecuentes agresións sexuais de gardas e funcionarios (coído que nunca se puxera tan ás claras nos traballos sobre a represión en España) e, de resultas, os embarazos e traumas das presas.

Tamén repasa as formas de organización e resistencia das presas políticas fronte ás comúns.

Estas tramas organizativas, ás veces moi conectadas co exterior das prisións, contrarrestábanse coas constantes expedicións (traslados) de grupos de presas dun cárcere a outro; atravesaban España en vagóns de gando, en condicións que recordaban os traslados dos xudeus cara ós campos de concentración. Eran moitos días de viaxe, de sede, de morte, de suicidade; eran horas e horas nas vías mortas das estacións, á mercé das inclemencias do tempo, alleas ó seu inmediato futuro e o dos fillos que ían canda elas... Esa incerteza constante acerca de calquera nimio aspecto da súa existencia é algo que recalcan os testemuños recollidos por Vinyes.

O suicidio tamén o trata nalgunhas páxinas de *Irredentas*. Ás veces era un derradeiro acto de desesperación, e outras por non sucumbir ante o asedio da armazón católico-funcionarial. É este un tema pouco estudado, agás nos traballos de Conxita Mir verbo da represión na posguerra en comarcas rurais catalás. No traballo de Mir, o suicidio talvez tivera moito que ver con aspectos da presión veciñal, as redes de vixilantes/confidentes militantes católicos e a miseria económica á que se viron arrastradas todas as vítimas da represión. A todo isto sumábanse dentro da prisión o desexo de non renderse ante o réxime, que pretendeu por todos os medios transformar a identidade e domear as actitudes e ideas das presas, para o que utilizou, á parte da tortura, tres elementos clave: a alimentación, a hixiene e a sanidade. O tema do suicidio introduce un punto no que investigadores da represión franquista empezan a interesarse agora que imos coñe-

cendo máis e máis datos sobre foxas comúns, testemuños, cifras e feitos ata o de agora ocultos ou descoñecidos. Refírome ás repercusións psíquicas e ós mecanismos de defensa adoptados polas vítimas, e tamén pola propia sociedade, para afrontar as penalidades das múltiples perdas, humillacións, torturas físicas e psíquicas que sufriron centos de miles de españois naqueles longos anos. Coido que non hai moitas publicacións con carácter interdisciplinario (do campo da antropoloxía, a socioloxía ou a psicoloxía) que acometan esta cuestión, aínda que en Galicia xa empezan a escoitarse voces que desde a disciplina e a profesión da Historia demandan a súa realización. No campo da psicoloxía, a psiquiatría e a psicanálise, hai investigacións e intervencións en comunidades de Sudamérica e Latinoamérica, onde a violencia política, o exilio, a morte e as torturas a mans das ditaduras foron constantes. Talvez destes traballos de alén do Atlántico poidamos tirar experiencias e reflexións. A modo de exemplo cito un dos textos xa «clásicos»<sup>2</sup> no tema: o libro de Maren e Marcelo Viñar, *Fracturas de Memoria. Crónicas para una memoria por venir* (Uruguay, Trilce, 1993), obra amparada e xerada en grupos de traballo dos anos 1989-1990 da Oficina Sanitaria Panamericana (OPS/OMS) sobre violencia e saúde en América

Latina. De aí entrecolleemos unha cita que fala da importancia de sacar á luz e do esquecemento todas as situacións de violencia política:

La tortura moderna del Estado es un serio problema de salud pública. El silencio y el olvido, la indiferencia y la impunidad que reproducen el trágico y lúgubre secreto de la cámara de tortura favorecerán la persistencia y reproducción de este mal endémico. No es ningún ánimo vengativo, sino preventivo el que anima a los que no podemos ni queremos olvidar.

Completa o libro de Vinyes un apéndice coa lista das Colonias Penitenciarias Militarizadas en 1943, tomado da Memoria do ano 1944 do Padroado da Merced. Este tema dos campos de concentración e de traballo é un aspecto que non domino<sup>3</sup>, porén si vou sinalar que a lista recollida en *Irredentas* fai unha referencia a Ourense: quince presos foron «contratados» polo bispo de Ourense para o acondicionamento do seminario de Ervedelo. Ese seminario celebraba estes días (xaneiro de 2004) o seu bicentenario e nos actos organizados para conmemoralo, presididos por monseñor Rouco e ó que acudiron autoridades locais, provinciais e autonómicas, non se fixo mención ningunha destes presos políticos, malia que no xornal local *La Región*, nun comunicado de José Cabañas (membro da ARMH e ARMH-Galicia) se sinalaba a súa historia e a súa relación «laboral-penal» co seminario... Pódese considerar anecdótico pero ten un importante valor simbólico nesta historia de convivencia de gran

parte da Igrexa católica española co fascismo franquista. Unha historia, por outra banda, chea de desencontros coas vítimas. Unha historia e uns anos que por veces semella perduraren ata os nosos días e que libros como o de Vinyes axudan a non os esquecer.

En *Irredentas*, Vinyes consegue situarse claramente nesa liña de investigación e de pensamento apuntada recentemente polo filósofo Reyes Mate, quen denuncia que vivimos nun estado de excepción latente que esquece as vítimas, nega a verdade dos seus testemuños e mira para outro lado. Reyes Mate (con xentes ó fondo como Franz Rosenzweig ou Primo Levi) anima a repensar a política, a ética e a historia coas miradas das vítimas. Esta proposta é para este filósofo aplicable a todo tipo de situacións de violencia política ou contra as persoas (vítimas das guerras, do holocausto nazi, presos de Guantánamo ou de Chechenia, inmigrantes...). Esperamos a publicación de novos traballos de Vinyes e doutros autores que afonden nesa liña de investigación.

#### NOTAS

<sup>1</sup> Tomado do texto de Antonio Martín, «La obra nacional de Auxilio Social», na páxina web do debuxante Carlos Giménez, [www.carlosgimenez.com](http://www.carlosgimenez.com).

<sup>2</sup> Pódese consultar en <http://gac-enredo.org>, que é a páxina do «GAC-Grupo de Acción Comunitaria "Centro de Recursos en Saúde Mental e Dereitos Humanos"».

<sup>3</sup> Recomendo a lectura das obras de Javier Rodrigo, ou para o caso galego a dos ourensáns Domingo Rodríguez Teijeiro ou Xulio Prada.

# RECUPERANDO O PROTAGONISMO NA HISTORIA

ISABEL ALONSO DÁVILA

**Encarna Hidalgo, Dolores Juliano, Montserrat Roset e, Àngels Caba (2003), *Repensar la enseñanza de la geografía y la historia: Una mirada desde el género*, Barcelona, Octaedro, 320 páxinas**

O título deste libro, *Repensar la enseñanza de la geografía y la historia*, e mais o subtítulo, *Una mirada desde el género*, achéganos moi ben ó seu contido. Está dividido en dúas grandes partes. A primeira, redactada pola antropóloga Dolores Juliano, preséntanos un estado da cuestión sobre o ensino das ciencias sociais desde un punto de vista non androcéntrico, mentres que a segunda, redactada polas demais autoras, que son profesoras de institutos de ensino secundario de Barcelona, aproxímanos a diferentes núcleos temáticos para traballar na aula.

Os nove conceptos elixidos: «creación artística», «espazo», «feminismo», «fontes», «xénero», «maternidade», «patriarcado», «traballo», «sexismo» e «androcentrismo», seguen un mesmo guión de desenvolvemento. Comezan cunha breve introdución na que se repasa a presenza ou a ausencia do concepto no currículo oficial e nos materiais didácticos existentes, e fórmulanse os obxec-

I. La enseñanza de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia desde un punto de vista no androcéntrico • II. Nucleos temáticos para traballar en el aula • Creación artística • Espacios • Feminismo • Fuentes • Género • Maternidad • Patriarcado • Trabajo • Sexismo y androcentrismo

Encarna Hidalgo, Dolores Juliano, Montserrat Roset y Àngels Caba

## Repensar la enseñanza de la geografía y la historia

UNA MIRADA DESDE EL GÉNERO




tivos das actividades propostas. A seguir preséntanse as propostas didácticas, que constitúen a parte máis desenvolvida de cada voz e que están formuladas para permitir

o seu uso directo na aula. A continuación trátanse cuestións de tipo conceptual que achegan o profesorado á complexidade e a profundidade das contribucións teóricas

sobre o tema concreto. E rematan cunha bibliografía moi interesante en todas as voces e que, sen renunciar ós textos máis importantes e que xa levan anos publicados —é dicir, sen renunciar á xenealoxía da teoría feminista e dos estudos sobre as mulleres—, preséntannos tamén os títulos máis recentes sobre o tema.

Na presentación do libro dinnos as autoras que «intentaron —curiosa utilización do verbo ‘intentar’ nun libro tan conseguido— proporcionar pautas e abrir posibilidades de traballo na aula ó profesorado preocupado polo limitado do contido do currículo oficial das Ciencias Sociais, Xeografía e Historia e dos libros de texto». Despois de ler o libro, coído que é posible afirmar que o intento está plenamente conseguido e non podemos deixar de estar totalmente de acordo con elas cando din que agora que preocupan a audacia e a competencia e que se valora máis a resolución negociada dos conflitos, pódese gañar moito incorporando os elementos positivos que achega á humanidade a tradición feminina.

Moitas cousas se poderían destacar da primeira parte, a escrita por Dolores Juliano, pero é especialmente significativa a claridade coa que articula a bifurca-



ción ou fenda aberta entre as autoimaxes xeradas polas mulleres dos sectores populares e os seus cuestionamentos implícitos, por unha parte, e a reivindicación feminista, por outra. A análise das autoimaxes e dos cuestionamentos implícitos que fai Dolores permítelle integrar con claridade como contidos das ciencias sociais os pequenos triunfos de moitas mulleres que ninguén teoriza, como mandar unha filla a estudar, obter unha relación sexual satisfactoria, negarse a unha voda imposta ou acadar a satisfacción da autosuficiencia económica. O continuo aumento das cifras de escolarización feminina e a solidariedade de xénero a través das xeracións de mulleres son dous dos exemplos que pon. E ó se preguntar cómo é posible detectar estes esforzos cuestionadores de moitas mulleres, atopa as súas fontes na literatura oral, os contos de fadas, a artesanía, a pintura, os bordados, etcétera.

A análise de Dolores Juliano sobre as mulleres inmigrantes

demostra o que poden dar de si estas perspectivas teóricas para abandonar tópicos e fuxir de visións vitimistas sobre as traxectorias vitais das mulleres.

Tamén hai aspectos moi interesantes na segunda parte, dedicada ós núcleos temáticos para traballar na aula, que, por outro lado, dialoga de continuo coa parte introdutoria de Dolores Juliano. Así, o recurso á experiencia cotiá ímolo encontrar no libro en moitísimas das propostas didácticas, cando as autoras propoñen traballos que conducen o alumnado á análise das súas propias experiencias cotiás, as das súas familias, as do instituto, as da súa cidade, etcétera.

Pero as propostas didácticas, amais de axudar a que o alumnado recoñeza a realidade social, tamén fan que interveña nela dirixindo cartas ó Concello, á Facultade de Arquitectura, preparando campañas de sensibilización... Sobre disto, moitas das propostas de traballo conectan os alumnos e alumnas cos seus desexos para o futuro e condúcenos a formulárense que sociedade futura queren e que se dispoñen a facer para conseguila. Por último, hai que sinalar tamén que moitas das propostas axudan o alumnado a poñerse no lugar do outro ou da outra, traballando con empatía.

Esta é, pois, unha obra de grande interese para seguir repensando o ensino da xeografía e da historia desde as perspectivas que os estudos de xénero e sobre as mulleres levan abrindo xa desde hai algunhas décadas e que tantas novidades importantes achegaron ós estudos históricos e xeográficos.

**ISABEL ALONSO DÁVILA**  
PROFESORA DE ENSINO  
SECUNDARIO

# AS PERDEDORAS DA GUERRA CIVIL

GUSTAVO BODELÓN VELASCO

**Dulce Chacón (2003),  
La voz dormida, Madrid,  
Alfaguara, 400 páxs.**

**E**las, as mulleres represaliadas polo franquismo, son as heroínas da novela. «A elas se les ha mutilado la memoria, se les ha condenado al silencio, se les ha secuestrado su propia historia, que es la historia de todos», afirmaba a escritora nunha conferencia de prensa celebrada pouco antes de morrer —*como del rayo*—.

Na mesma conferencia, Dulce Chacón reivindicaba a necesidade de rescatar a memoria das mulleres que perderon a guerra, porque «las heridas tapadas no se curan jamás. Aquí se ha cicatrizado en falso. No se puede olvidar, cuando te obligan».

A escritora defendeu o dereito á memoria desas mulleres que loitaron na fronte, que sufriron a terrible represión do franquismo e que padeceron máis có imaxinable nos cárceres dos vencedores.

Estamos na prisión de Ventas. Madrid. Van aparecendo as protagonistas: Hortensia, Elvira, Tomasa... A súa vida durísima no cárcere na inmediata posguerra, os sufrimentos, as causas das condenas. E paulatinamente, os seus retratos, con pinceladas breves, moi atinadas, moi definitivas:

Tomasa, a estremeña de pel citrina como de oliva que, por prin-



cipios, non quere ir ó taller de costura para redimir a pena: négase a coser uniformes para o inimigo.

Reme, si. Só sabe contar a súa historia, os seus mortos. Ela, tan maior e tan inocente. Cre que as súas veciñas tiveron a culpa... Pero non se pode ser tan inocente. Non se pode bordar unha bandeira republicana na casa, a carón da ventá. Non se pode saír á rúa co sorriso nos beizos, xusto ó día seguinte da toma de Teruel. E menos, nunha vila como a súa, onde os rebeldes non tiveron que disparar nin un só tiro. Debían de ser todos da CEDA.

Hortensia, Tensi, valente, miliciana e guerrilleira, mesmo preñada de cinco meses. Tensi, condenada a morte, escribe un caderno para o fillo, para cando ela non estea. Escribe que ingresaron doce

mulleres das Xuventudes Socialistas Unificadas; que a ela van incluíla nese expediente; que van ser xulgadas axiña. Trece, como as mozas que fusilaron o 5 de agosto do 39, as Trece Rosas.

Elvira, a máis nova de todas, que soportou a dor nos interrogatorios fincada de xeonllos sobre un puñado de garavanzos, sen despegar os beizos, sen desvelar a identidade do seu irmán Paulino, o buscado *Chaqueta Negra*.

Nesta primeira parte aparecen outros personaxes directamente relacionados coas anteriores: o avó de Elvira, Pepa, Paulino, don Fernando (na súa casa serve Pepa), Felipe (o home de Tensi, guerrilleiro), Benjamín (o home de Reme), a quen fixeron varrer as rúas da vila día tras día, ata que rematou a guerra.

Mesturada coa presentación dos protagonistas, xorde a historia dos amores de Pepita e Paulino, unha das liñas condutoras da novela. Como tamén o será a historia sentimental de Hortensia e Felipe, porque o amor está moi presente nesta durísima narración. Coma se unicamente moi adubada con amor, amizade, solidariedade, fose quen de tecer esta historia Dulce Chacón.

Esta primeira parte conclúe coa caída do grupo guerrilleiro comandado por Paulino. Doce compañeiros encontrarán a morte. Os cadáveres serán expostos perante o

horrorizado público. Só Paulino e Felipe se salvan e, baixo falsas identidades, acoden de visita ó locutorio da prisión de Ventas.

Arrinca a segunda parte coas vivencias e emocións que derivan desa visita: a inmensa alegría das presas por ver e falar co marido e co irmán, o insondable baleiro da súa falta. Elvira, incapaz de dominar a súa tristura, é castigada pola xefa das carcereiras, a sinistra irmá María de los Serafines, *La Veneno*.

Prepárase a fuga a Francia de Paulino e Felipe; nas súas falsas cédulas de identificación e salvocondutos chámanse Jaime Alcántara e Mateo Bejarano. Desde Toulouse, Paulino (agora Jaime) envíalle unha carta a Pepita na que se confirma o seu noivado, sen sospeitar que, ó facelo, a está enviando ós calabozos de Gobernación.

A detención de Pepita resultará decisiva para don Fernando, médico republicano, de familia afecta ó Réxime (o pai é amigo persoal de Franco) e que, farto de tanto sangue (presenciara os asasinatos de Paracuellos) abandonou o exercicio da medicina. Ó cabo acepta o cargo de médico de Ventas que lle ofrece seu pai, a cambio de que este utilice os seus poderosos resortes para liberar a Pepita.

Pero Pepita falará, contará a súa participación na curación dun fuxido. O médico está perdido, pero seu pai accede a intervir, coa condición de que esa relación se rompa.

A segunda parte segue introducíndonos no mundo pechado e atroz do cárcere; agora, desde o prisma do novo médico: miseria, sucidade, amoreamento. O cárcere de Ventas, mandado construír por dona Victoria Kent para cincocentas reclusas, estaba ocupado neste momento da historia por catorce mil mulleres.

Hortensia xa coñece a súa sentenza: é condenada a morte; tamén as catorce compañeiras de expediente. Son trece, como as trece rosas do 39. Ata que chegue a ratificación da sentenza, as presas pasan as mañás no patio procurando enganar a tristeza. Ó se achegar a noite non é posible o engano: a hora das «sacas» achégase, a funcionaria pode vir coa fatídica lista.

Ratificanse as sentenzas. Todas as execucións terán lugar cando se reciba o «enterado» do Xefe do Estado. Todas agás a de Hortensia, a quen lle conceden a graza de esperar a que naza o fillo.

En cumpríndose o mes e medio do nacemento da nena, Hortensia é fusilada. Na despedida dilles ás amigas que «nuestra obligación es sobrevivir y contar lo ocurrido, para que la locura no acompañe al silencio». O 6 de marzo de 1941, Hortensia mirou en fite o piquete e berrou: «¡Viva la República!». O seu delito, adhesión á rebelión.

A historia céntrase agora en Pepita, que vive na pensión de dona Celia, atende a sobriña e fai

por vida como costureira. Devece por saber de Jaime. Vai de visita a cotío ó cárcere, onde se informa de que está vivo, se cadra preto.

Dentro do penal argállase a fuga de Sole. Hai que impedir que se descubra o seu cargo de responsable do PC de Salamanca. No balbordo que finxen durante a representación de *La Tempranica*, dous camaradas disfrazados de falanxistas conseguen liberar a Sole e a Elvira. As dúas mulleres intégranse no grupo guerrilleiro do Chaqueta Negra.

A Garda Civil sorprende a partida no pico Montero, preto de Soto del Real, e alí caen Mateo mais seis camaradas. Pepita non vive agardando novas do seu mozo. Por fin recibe unha carta desde a prisión central de Burgos: Jaime —Paulino— está preso, pero vivo; caéronlle trinta anos durante os cales non perderá a paixón da loita.

Pasan os anos. Pepita está para cumprir os 42 e chega a derradeira carta de Jaime cun rumor esperanzador: a posibilidade do indulto, que ó pouco se confirma.

Dulce Chacón considerábase parte dunha xeración que «se siente responsable del silencio de sus padres». Un silencio que durou tempo de máis. «Ellas —sus testigos— pueden entender los silencios anteriores; pero un silencio en democracia non lo pueden entender».

Poucas novelas podemos cualificar de «imprescindibles»; *La voz dormida* é unha delas porque, entre outras moitas cousas de lacerante urxencia, axúdanos e guíanos no recoñecemento do papel que as mulleres desempeñaron durante anos decisivos para a historia de España.

**GUSTAVO BODELÓN VELASCO**

PROFESOR DE  
SECUNDARIA

# O FÍO LILA NA REDE

EDUARDO BRAGADO

Nesta entrega de DEZ·EME, a «Guía de recursos» vai da man de tres mulleres que pretenderon cambiar o seu mundo. Emmeline Pankhurst (1858-1928), Clara Zetkin (1854-1933) e Clara Campoamor (1888-1972) pedían o voto. O sufraxismo está na orixe do feminismo do século XX. Na loita polo dereito das mulleres a exerceren o voto nas eleccións, as militantes sufraxistas configuraron parte do discurso político feminista do pasado século, ensaiaron modos de protesta que asimilaron como seus os novos movementos sociais do derradeiro terzo do século XX, conviviron nas estruturas patriarcais das institucións partidarias dos seus tempos e dialogaron de xeito polémico con vellos e novos criterios de diferenciación, foran estes de clase, etnia ou crenzas.

A sufraxista inglesa, a revolucionaria xermana e a xurista madrileña termaron durante o primeiro treito do século XX do fío violáceo da tenrura subversiva ou da subversiva tenrura da que falaba Petra Kelly, líder primeira dos gloriosos oitenta do Die Grünen. Tres mulleres comprometidas no cambio social e que foron nalgún momento da súas vidas vítimas do cárcere, da represión e da marxinação; tres miradas da utopía que hoxe continúan cativándonos dende a gran rede ([www.nodo50.org/mujeresred/feminismo.htm](http://www.nodo50.org/mujeresred/feminismo.htm), Nodo 50, unha sempre segura referencia de partida para abordar a información alternativa).

Emmeline Pankhurst, nada en Manchester, despois de militar no

Partido Liberal (1889) fundou coas súas fillas Christabel e Silvia a Women's Social and Political Union (1903). A WSPU foi quizais a máis militante organización sufraxista, que pretendía «acción, non só palabras». Reclamaban o inmediato dereito ó voto para as mulleres británicas mediante accións espectaculares. Reforzaban as súas palabras rompendo cristais, rebentando os mitins dos partidos maioritarios, encadeándose nos portais das casas dos líderes. As súas protestas foron contestadas coa persecución política e a represión policial.

As Pankhurst foron arrestadas e pasaron polo cárcere en diversas ocasións; fixeron folgas de fame ata seren forzadas a alimentarse. Nunha ocasión, a Christabel botárona a empurróns dun edificio por preguntarlle a sir Edward Grey cales eran as intencións do Goberno británico sobre o sufraxio feminino (o primeiro ministro rexeitou contestar). Finalmente, o decisivo papel das mulleres británicas durante a Gran Guerra forzou o Goberno a aceptar o sufraxio feminino en 1918; nese mesmo ano a nai das Pankhurst abandonou a dirección do movemento sufraxista. En 1928, tres meses antes da morte de Emmeline, as mulleres inglesas exerceron o seu dereito ó voto.

En Europa, o movemento sufraxista inglés foi o máis potente e radical. A primeira petición a favor do voto feminino no Parlamento presentouna o deputado John Stuart Mill en 1839. As sufraxistas británi-

cas loitaron durante máis de cincuenta anos para persuadir os políticos da lexitimidade dos dereitos políticos das mulleres e bateron coa indiferencia ou a burla da patriarcal clase política victoriana. Como sinalou Rowbotham, as tácticas militantes da Unión naceron da desesperación tras anos de paciente constitucionalismo. ([www.creatividadfeminista.org/](http://www.creatividadfeminista.org/), é unha páxina mexicana de temática feminista, moi ben estrutura, áxil, con moita información e opinión plural.)

O primeiro documento colectivo do feminismo norteamericano, a Declaración de Seneca Falls, aprobada o 19 de xullo de 1848 (ano, tamén, da publicación do Manifesto Comunista) nunha capela metodista desta localidade do estado de Nova York, converteuse nun referente do primeiro feminismo. Di a declaración:

A historia da humanidade é a historia das repetidas vexames e usurpacións por parte do home con respecto á muller, e cuxo obxectivo directo é o establecemento da tiranía absoluta sobre ela. Para demostrar isto, someteremos os feitos a un mundo confiado. O home nunca permitiu que a muller exercera o dereito inalienable do voto. Obrigouna a someterse a unhas leis en cuxa elaboración ela non tivo voz.

Negoulle dereitos que se conceden ós homes máis ignorantes e indignos, tanto indíxenas como estranxeiros. Ó privala deste primeiro dereito de todo cidadán, o

sufraxio, deixouna sen representación nas asembleas lexislativas e oprimiuna dende todos os ángulos.

Se está casada, déixaa civilmente morta ante a lei.

Despoxouna de todo dereito de propiedade, incluso sobre o xornal que ela mesma gaña.

Moralmente converteuna nun ser irresponsable, xa que pode cometer toda clase de delitos con impunidade, con tal de que sexan cometidos en presenza do seu marido.

Por outra parte, a loita das mulleres por accederen ó sistema educativo estivo moi vinculada ó movemento sufraxista. A medida que a formación das elites femininas avanzaba, facíase máis difícil negarlles o dereito ó voto ás mulleres. O movemento sufraxista soubo aproveitar esta tensión. Ó longo da segunda metade do século XIX e principios do XX, as militantes sufraxistas multiplicaron as súas reunións, os seus actos públicos, as súas convencións e manifestacións. Fixéronse visibles na opinión política. Os desfiles sufraxistas transformáronse en procesións nas que mulleres, vestidas coas súas togas académicas, seguían os estandartes que reclamaban o voto.

O sufraxismo dotou a nacente democracia occidental de dúas grandes contribucións: a palabra «solidariedade» e novas e eficaces formas de loita cívica, que recolleron os novos movementos sociais de fins do século XX. Solidariedade viña a substituír o termo fraternidade, que tiña a súa orixe na raíz latina *frater* —‘irmán varón’—. A solidariedade, un termo acuñado polo sufraxismo, pasou a ser de uso

corrente, e así dicimos «liberdade, igualdade, solidariedade» agás cando falamos do emblema da revolución francesa. Pero aínda ten máis peso, se cabe, o repertorio de acción colectiva achegado polas mulleres na súa loita polo sufraxio dende a exclusión política. Un conxunto de formas de protesta adecuado para persoas non violentas e relativamente carentes de forza física. A manifestación pacífica, a tirada de panfletos, a interrupción dos oradores, o autoencadeamento, a folga de fame, foron empregadas polas sufraxistas e logo convertéronse en formas cotiás de protesta cidadá.

Clara Zetkin (1854-1933) foi un dos máis destacados persoeiros nos primeiros tempos do socialismo en Alemaña, e converteuse na primeira secretaria da muller da Internacional Comunista. A súa biografía representa a tensión entre o conflito de clase e o de xénero das mulleres que militaron nos partidos de esquerda no tránsito do século XIX ó XX e tamén a longa tradición antibelicista do movemento feminista. Zetkin participou na Executiva Nacional do SPD dende 1895 e aliñouse logo na ala esquerda do partido, fronte á posición revisionista de Bernstein e a ortodoxia de Kautsky dentro da socialdemocracia alemana. En marzo de 1915, organizou a Conferencia de Mulleres Socialistas, un primeiro paso para recompoñer o desfeito internacionalismo despois do inicio da Primeira Guerra Mundial. Durante a guerra aliñouse cos espartaquistas de Rosa Luxemburgo e Karl Liebknecht. Xunta deles promoveu a creación do Partido Comunista alemán en 1918. Tralo asasinato de Rosa Luxemburgo polos militares

alemáns, Zetkin converteuse na muller máis representativa do movemento obreiro alemán. Deputada no Reichstag en 1920, no ano 1921 convértese en secretaria da Internacional da Muller da Internacional comunista, na que foi membro do seu comité executivo.

O marxismo subsumiu a cuestión feminina na súa teoría xeral da historia. Engels, no seu texto *El origen de la familia, la propiedad privada y el Estado* (1884), sostivo que a dominación das mulleres non asentaba en causas biolóxicas —constitución física e capacidade reprodutora— senón sociais. A marxización da muller fundamentábase segundo Engels na súa exclusión da esfera da produción, provocada pola aparición da propiedade privada. Polo tanto, a liberación da muller realizaríase no seu proceso de retorno á produción de bens e de recuperación da súa independencia económica. A incorporación da muller ás esferas non domésticas do traballo atopou detractores dentro do propio socialismo; así, como sinalou Auguste Bebel na súa obra *La mujer y el socialismo*, a pesar da teoría, non todos os socialistas apoiaban a igualdade dos sexos. O eixe fundamental da loita de clases do socialismo tendía a separar as militantes socialistas das sufraxistas. A poderosa infraestrutura que tiñan as sufraxistas burguesas atraeu o apoio das traballadoras. As militantes socialistas apoiaban tacticamente os obxectivos das sufraxistas, pero tamén as acusaban de esquecer a situación de discriminación laboral das mulleres proletarias.

As socialistas organizáronse dentro dos seus propios partidos

para debateren os problemas específicos das mulleres. Conta Alexandra Kollontai, bolxevique e feminista, que no Primeiro Congreso Feminino de Todas as Rusias (decembro de 1908, San Petersburgo), a pesar de ela non poder asistir por estar baixo orde de busca e captura, foi quen de preparar unha intervención das mulleres traballadoras, que fixeron pública a súa problemática e abandonaron ostentosamente o congreso cando as feministas burguesas propuñan a creación dun centro feminino interclasista. As mulleres socialistas crían firmemente no vínculo da súa liberación de xénero coa procura da sociedade socialista, mais tamén eran conscientes de que tal reivindicación non era central para a dirección dos partidos socialistas.

A xurista madrileña Clara Campoamor é considerada unha das precursoras do feminismo en España, pois foi unha firme defensora da igualdade de dereitos da muller e durante a Segunda República promoveu o sufraxio feminino e a primeira lei do divorcio. Clara foi unha muller de orixe humilde que traballou ata 1909 como dependenta dun comercio, logo como funcionaria de correos e máis tarde como profesora da Escola de Adultos. A necesidade obrigouna a unha formación autodidacta que culminou en 1924 cando obtivo a licenciatura en Dereito e ingresou na Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación con 36 anos de idade. Seguiu así o ronsel deixado pola ferrolá Concepción Arenal (1820-1893). Durante os últimos anos da ditadura de Primo de Rivera dedicouse plenamente á avogacía e a reivindi-

car os dereitos da muller en múltiples conferencias e escritos. A súa intensa actividade ensaística, plasmada en diarios como *La tribuna*, *El sol* ou *Nuevo Herald*, obrigouna a pedir a excedencia do seu cargo de funcionaria do Ministerio de Instrución Pública. Iniciou a militancia política na Agrupación Liberal Socialista, máis tarde en Acción Republicana e finalmente no Partido Radical. En 1931 foi elixida deputada por Madrid canda Margarita Nelken e Victoria Kent. Nas eleccións constituíntes, as mulleres podían ser elixibles, mais non electoras.

Clara formou parte da Comisión Constitucional de vinte e un deputados, defendeu tenazmente que na Constitución se recollera o dereito da muller ó sufraxio, a igualdade legal dos fillos nados dentro e fóra do matrimonio e o dereito ó divorcio. O súa reclamación do dereito de voto para as mulleres pasou a ser discutida no pleno do Congreso dos deputados. Defendeu o sufraxio universal pleno fronte a Victoria Kent, que se opuña ó dereito electoral feminino porque cría que as mulleres influídas pola Igrexa votarían contra a República. Clara Campoamor e Victoria Kent, ambas republicanas e progresistas, desenvolveron un amplo debate na prensa sobre esta cuestión.

A posición contraria ó sufraxio feminino era compartida por boa parte dos deputados das Cortes constituíntes: os partidos de dereita tradicional e católica, por motivos ideolóxicos, e moitos republicanos de centro e esquerda, por consideracións electorais.

Finalmente, por unha estreita marxe de votos, aprobouse a inclu-

sión na Constitución da plena igualdade xurídica e política entre homes e mulleres: «*Os cidadáns dun e outro sexo maiores de 23 anos terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis*». Clara Campoamor acadara o seu obxectivo: o dereito da muller ó sufraxio. As españolas votaron por primeira vez nas eleccións de 1933, a pesar de que Clara Campoamor e Victoria Kent perderon o seu escano. Algúns deputados de esquerda republicana e socialista culparon da vitoria da dereita nas eleccións de 1933 á iniciativa de Clara Campoamor. ([www.mujer-plus.com](http://www.mujer-plus.com), a partir dun texto de Pilar Sariñena.)

En 1934, cando se produce a sublevación socialista de Asturias, Clara abandona o Partido Radical, por criticar a brutal represión contra os mineiros ordenada polo goberno republicano e dirixida polo xeneral Francisco Franco. En Asturias encargouse de presidir a Organización Pro-infancia Obrera. En 1936 publicou *El derecho de la mujer en España* e tralo golpe militar exiliouse en Francia, Bos Aires e Lausana, cidade Suíza onde ficou ata o seu pasamento. Morreu no ano 1972 no exilio, como moitas mulleres e homes que deron a súa vida pola defensa da fraternidade, da solidariedade.

**EDUARDO BRAGADO**

PROFESOR DE SECUNDARIA

[ebragado@mundo-r.com](mailto:ebragado@mundo-r.com)

# O DEBATE ESPAÑOL SOBRE A NACIÓN E AS NACIONALIDADES VISTO DESDE ITALIA

JORGE TORRES SANTOS

Os días 24, 25 e 26 de outubro tivo lugar en Novi Ligure —localidade da rexión italiana de Piemonte que nos últimos anos ten destacado polo seu grande interese pola cultura e a historia españolas— un congreso internacional sobre a evolución en España da idea de nación, nacionalidade e rexión durante o derradeiro cuarto de século. Trátase do terceiro destas características celebrado no último trienio, no que se descubriu cronoloxicamente todo o período. Estes congresos son parte das actividades do Instituto de Estudos Históricos Gaetano Salvemini (Turín), punta de lanza desde hai moitos anos dos estudos italianos sobre a historia contemporánea de España, e constitúen un momento de verificación de hipóteses do proxecto de investigación sobre a evolución da identidade nacional e dos nacionalismos periféricos no «modelo español» de articulación do estado, dirixido por Alfonso Botti.

Un dos puntos de forza do proxecto é o troco de visións sobre o argumento entre historiadores españois e italianos de afirmada sona, así como as posibilidades ofrecidas polas achegas de investigadores novos de ambos os países. Pola parte española, a participación nos congresos foi rica e variada: no 2001 presentaron os seus relatorios Javier Tusell, Julio Aróstegui, Pere

Ysàs, Borja de Riquer e Juan Pablo Fusi; no congreso de 2002: José Álvarez Junco, Abdón Mateos e Jordi Canal; e en 2003 participaron Santos Juliá, Xosé Manuel Núñez Seixas e José Luis de la Granja, e aínda que estaba previsto que o fixera tamén Jordi Solè Tura, no último momento non puido asistir. Pola parte italiana, o núcleo dos participantes está formado polo sempre crecente número de hispanistas, afirmados ou novos, que encontran na revista *Spagna Contemporanea* un importante punto de referencia común nas súas investigacións.

Cada un dos congresos dedicouse a unha fase do derradeiro cuarto do século XX en España (os dous primeiros afondaron nos anos da transición e nos da administración socialista; o último, ó período do primeiro goberno do Partido Popular). Por iso algunha das intervencións (Carmelo Adagio sobre políticas urbanas, Laura Carchidi sobre a idea orteguiana de nación, Carsten Humblebaek sobre a utilización política da memoria do pasado) son substancialmente a continuación no novo período de referencia doutros relatorios presentados por eles mesmos nos anos anteriores. Este ano, a análise estendeuse a algunhas cuestións referidas ó tema da investigación que non aparecían anteriormente, sobre as cales a visión abrangueu o con-

xunto do cuarto de século (Giorgio Grimaldi sobre os movementos ecoloxistas, Marcella Aglietti sobre a condición feminina, Jorge Torres Santos sobre os sindicatos). Tamén se analizaron desde diversos puntos de vista a proxección da nación na política exterior dos gobernos do PP e as súas discontinuidades respecto ás prioridades que marcaran a transición política e os gobernos socialistas (Marco Mugnaini, Guido Levi, Maria Elena Cavallaro), a discusión italiana sobre o modelo autonómico español (Simona Urso) e o léxico referido á identidade nacional e a cidadanía no debate sobre a Lei de estranxeiría (Marco Cipolloni). O coordinador da investigación, Alfonso Botti, realizou unha intervención sobre o estado desta, esbozando unha periodización sobre a ondulante visión da cuestión nacional no último cuarto de século no Estado español e presentou as primeiras conclusións dos dous primeiros congresos, entre as que destaca o feito de que a España democrática, malia o éxito da súa transición, non fora quen de nacionalizar significativamente os españois, circunstancia que se denota especialmente nas controversias dos últimos tempos.

A análise dos problemas ligados á crecente discusión sobre o sistema autonómico e as repercusións do Plan Ibarretxe estiveron moi pre-

sentes — como non podía ser doutra forma — nas intervencións dos participantes vindos das universidades españolas. O relatorio de Santos Juliá sobre «O sistema político e a nación», atribúe o feito de que «se dea por esgotada a Constitución na linguaxe dos nacionalismos» ó seu propio éxito: sería o bo resultado da Transición e da Constitución o que tería consolidado posicións desde as cales as forzas nacionalistas perseguen novos obxectivos «nin alcanzables nin desexables» nos anos da transición política. Estes novos obxectivos analizounos José Luis de la Granja no seu relatorio sobre o nacionalismo vasco, no que o autor, desde o pesimismo da razón, fixo unha pormenorizada crítica da historia e os obxectivos do PNV e súa evolución cara ó plan soberanista presentado nos últimos tempos. Pola súa banda, Núñez Seixas estendeuse na análise crítica sobre a visión que a dereita española ten do nacionalismo e o patrio-

tismo nos últimos anos, chegando ata o «patriotismo constitucional» aznariano.

A cuestión dos problemas actuais do modelo autonómico español planou tamén sobre o debate, e boa parte das conclusións (en particular as de Santos Juliá, De la Granja e Luis de Llera, bastante máis matizadas as de Núñez Seixas, Botti e Cipolloni) non son precisamente optimistas, nomeadamente no referido á situación do País Vasco, considerada con escasas saídas. Obviamente, o momento de celebración do congreso — fins de outubro — non permitía axuizar as perspectivas abertas tras as eleccións catalás que, se cadra, suavizarían un pouco os pesimismos.

O congreso serviu, tamén, para presentar dous libros de historia contemporánea de España recentemente publicados en Italia. O primeiro é de Alfonso Botti sobre a cuestión vasca, eficaz análise destinada ó público italiano (que segu-

ramente pode resultar útil para a superación da visión fragmentaria e pouco actualizada do problema existente en Italia); o segundo é unha obra conxunta de Santos Juliá e Giuliana di Febo sobre o franquismo.

Nos vindeiros meses, o conxunto dos relatorios dos tres congresos servirá de base para unha publicación pioneira en Italia sobre a cuestión nacional española e os nacionalismos periféricos nos últimos anos. É de esperar que impulse en Italia un mellor coñecemento do «modelo» español de construción do estado, tantas veces apreciado acriticamente desde a superficialidade, e ¿por que non?, o volume poida que se converta tamén nunha referencia historiográfica en España.

**JORGE TORRES SANTOS**

UNIVERSIDADE DE MILÁN

*ebragado@mundo-r.com*

Dezeme nº 8. 2004. ISSN 1576-4044. Páx. 89-91.

## V ENCONTRO DE INVESTIGADORES DO FRANQUISMO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

**C**elebrouse no campus de Albacete da Universidade de Castela-A Mancha o V Encontro de Investigadores do Franquismo. Os encontros, que veñen desenvolvéndose cada tres anos, están organizados pola Rede de Arquivos Históricos de CC.OO., sempre en colaboración cunha universidade; desta volta correspondeulle ó Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1.º de Maio

Durante tres días e seis sesións debatéronse os relatorios e as comunicacións presentadas polos máis de cen historiadores chegados de todas as comunidades autónomas e tamén dalgúns países europeos como Italia, Francia, Alemaña e Hungría, entre outros.

Os encontros queren servir de observatorio do estado da cuestión dos estudos sobre o franquismo e,

polo tanto, metodoloxicamente potencianse a comunicación e o debate entre os historiadores e investigadores que se ocupan deste período. Neste sentido, convén sinalar a presenza importante de comunicacións referidas ó tema das mulleres e o franquismo, o estudo dos espazos de sociabilidade e o asociacionismo, e as englobadas no apartado *Ideoloxía, cultura e medios*

de comunicación, o que nos permite coñecer cales son as tendencias e liñas de investigación predominantes na actualidade.

A primeira sesión: *Política: o réxime e a oposición*, introduciuna a profesora Encarna Nicolás que, ademais de valorar a importancia que xa adquiriron estes encontros, fixo algunhas consideracións sobre as dificultades que aínda hoxe atopan os historiadores para consultaren as fontes documentais, tanto pola súa dispersión como polas diferentes normativas de acceso que teñen as institucións que as custodian. Avanzou que unha das conclusións dos congresistas podería ser a de demandar das instancias correspondentes unha maior facilidade para acceder a toda a documentación existente en audiencias, gobernos civís etcétera e a de evitar a destrución dalgunhas fontes documentais, como está a acontecer. O relator desta sesión foi o profesor Manuel Ortiz que, nunha coidada e minuciosa intervención, diseccionou as vinte e nove comunicacións presentadas en catro bloques para facilitar o desenvolvemento do debate. Analizáronse aquí desde as organizacións sociopolíticas de oposición, como as Comisións Obreiras, ata algúns instrumentos do aparato do estado franquista, a represión e os campos de concentración, entre outros aspectos.

*Economía e sociedade* foi o tema da segunda sesión e o seu introdutor, Roque Moreno da Universidade de Alacante. Predominaron nesta sesión as comunicacións que desenvolvían desde diversos ángulos a política agraria do franquismo, os trazos das etapas da evolución económica e outros aspectos relacionados coa delincuencia ou as fontes documentais.

A terceira sesión dedicouse a *Ideoloxía, cultura e medios de comunicación*. O relator foi Jordi Gracia e o moderador Juan Sisinio Pérez Garzón, que encarreirou un debate moi vivo polo número de traballos presentados (trinta e un) e pola diversidade temática e metodolóxica empregada. A análise da prensa, a relación de Ortega y Gasset co franquismo, o compromiso dos artistas plásticos e a función social da arte foron os temas que suscitaron máis debate.

A cuarta sesión, *Asociacionismo e sociabilidade*, tivo como relator a Isidro Sánchez da Universidade de Castela-A Mancha, que presentou as canles por onde camiña o tema e os trazos que presenta o asociacionismo no franquismo xunta as ideas básicas que refliten as consignas emanadas da ditadura e que enmarcaban ese asociacionismo: «Patria, pan y justicia» ou «Una grande y libre». O profesor da Universidade de Oviedo, Jorge Uria, realizou un excelente traballo de presentación das dez comunicacións nas que se desenvolvían investigacións sobre fontes documentais e diversos modelos organizativos, tanto na emigración como nos diferentes sectores sociais no interior: estudantes, labregos, Organización Sindical ou movementos católicos, tratados sempre desde ó ámbito local.

*Muller e franquismo*, a quinta sesión, tivo un especial interese pola novidade desta sesión e pola calidade das diversas intervencións. Encargouse de introducila Giuliana di Febo, da Universidade de Roma, que salientou a importancia que están a acadar os estudos sobre a muller e o camiño percorrido ata este momento. Nesta mesa interveu como conferenciante Carne Moli-

nero da Universidade Autónoma de Barcelona, que expuxo con gran rigor a situación da muller no franquismo, destacando o papel que o novo estado xurdido da Guerra Civil confería ás mulleres e a influencia da Falanxe e a Sección Feminina na educación e na aceptación da submisión ante a hexemonía masculina. Destacou tamén o protagonismo da muller na resistencia antifranquista en determinados momentos e a necesidade de avanzar nos estudos sobre a intervención das mulleres dentro da historia da clase obreira. O debate das dezanove comunicacións presentadas articulouse a partir da intervención da relatora Conxita Mir, da Universidade de Lleida, que destacou a calidade dalgúns traballos e a importancia da interdisciplinariedade dos estudos e a relevancia historiográfica da historia de xénero. As comunicacións deste bloque, das que un terzo estaban asinadas por historiadores masculinos —novidade esta de certo interese—, abarcaron temas moi variados: desde as diversas formas de resistencia ó franquismo, a Sección Feminina e a muller, o traballo ata a represión e algunha incursión biográfica.

A última sesión dedicada a *Traballo e relacións laborais*, tivo como relator a José Babiano, director do Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1.º de Maio, que centrou a súa intervención en dúas cuestións ben interesantes: a reconsideración dalgúns aspectos do mercado de traballo e o tema da saúde laboral e a seguridade no traballo, campo este, na súa opinión, aínda por explorar. Babiano cuestiona a protección legal do emprego e da súa estabilidade, que considera unha falacia franquista. Rexeita a idea do pleno emprego e sinala a expulsión social

V ENCUENTRO  
DE INVESTIGADORES  
DEL FRANQUISMO

13, 14 y 15 de noviembre de 2003  
Campus de Albacete  
Salón de actos de la Escuela de Magisterio  
Universidad de Castilla La Mancha

segunda circular



desde o campo cara ós núcleos industriais de dous millóns de persoas nos anos cincuenta, e disinte, con variada argumentación, da lexislación que ofrece unha imaxe diferente da realidade. As dez comunicacións presentadas centráronse sobre todo en temas como a conflictividade que xeraban as relacións laborais e a organización do traballo.

En definitiva, as conclusións que

se poden tirar deste V Encontro son moi positivas. Gozan de excelente saúde, tanto polo número de traballos presentados, que continúa á alza, como polo seu contido e a aceptación do modelo e a estrutura dos Encontros, que permitiu esta vez que os asistentes contaran con moita antelación coas comunicacións presentadas en formato de CD-ROM, o que posibilitou o dinamismo e a riqueza dos

# CONVOCATORIA Ó I CONGRESO SOBRE A HISTORIA DO PCE (1920-1977)

A Fundación de Investigacións Marxistas, coa colaboración da Área de Historia Contemporánea da Universidade de Oviedo, organiza o I Congreso sobre a Historia do PCE (1920-1977). Os organizadores propoñense con este congreso contribuir á necesaria reflexión teórica e metodolóxica sobre a historiografía pasada, actual e futura da traxectoria do PCE como parte fundamental da nosa historia recente. Trátase de realizar un balance historiográfico das achegas feitas ata o de agora sobre esta organización política e das diferentes etapas da súa historia. O Congreso, que terá lugar na Facultade de Xeografía e Historia de Oviedo os

días 6 ó 8 de maio do 2004, desenvolverase en cinco sesións de traballo. A primeira, dedicada ó *Estado da Historiografía sobre o PCE*, correrá a cargo de David Ginard, da Universidade de Palma de Mallorca; a segunda sesión versará sobre as *Relaciones dos partidos comunistas europeos co PCE*; a terceira tratará a cuestión *O PCE: das súas orixes á fin da Guerra Civil*, que desenvolverá Rafael Cruz da Universidade Complutense de Madrid; na cuarta sesión, Hartmut Heine, da Universidade de Berlín, ocuparáse de *O Partido Comunista de España durante o primeiro franquismo (1939-1956)* e a derradeira sesión, *O PCE no tardo-*

debates, factor consubstancial coa orixe duns encontros que veñen dando importantes froitos historiográficos desde 1992.

Na última reunión da Rede de Arquivos Históricos de CC.OO., ante as diversas propostas presentadas por varias universidades, decidiuse aceptar e convocar, desde este momento, o VI Encontro de Investigadores do Franquismo, que terá lugar na Universidade de Zaragoza en novembro do 2006, e que estará organizado pola Fundación Sindicalismo e Cultura de Aragón e a Área de Historia Contemporánea desa universidade.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN  
10 DE MARZO



franquismo (1956-1977), terá como relatores os profesores Carme Molinero e Pere Ysàs da Universidade Autónoma de Barcelona.

Os interesados poderán inscribirse ata o día 10 de abril en:

**Fundación de Investigaciones  
Marxistas**  
Rúa Alameda, 5, 2.... esq.  
28014 Madrid  
Tel.: 91 4201388 / Fax: 91 4202004

# CONGRESO A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA

A Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática organizou o congreso A Represión Franquista en Galicia, o primeiro destas características que se celebra en Galicia. Esta asociación, con sede en Ferrol, creouse no ano 2002 coa finalidade de «lembrar e reivindicar a memoria de todas aquelas persoas que sufriron a morte, represión e cárcere na ditadura franquista».

O congreso, celebrado o pasado mes de decembro na vila de Narón, reuniu investigadores de diferentes ámbitos galegos que, en conxunto, achegaron corenta comunicacións. As xornadas científicas complementáronse con actividades paralelas como recitais poéticos, algunha exposición relacionada co tema central do encontro e a inauguración dun monumento que homenaxea os represaliados e represaliadas da comarca.

Nas sesións tratáronse diversos aspectos relacionados coas características da represión en Galicia, aínda que consideradas desde unha óptica local. Unha das sesións estivo dedicada á análise das fontes documentais e as dificultades que aínda subsisten para acceder a elas. Finalmente, o congreso aprobou unha serie de conclusións que polo seu interese reproducimos:

1. Dirixirse á FEGAMP e ás Deputacións para que estimulen no conxunto dos concellos galegos a recuperación da memoria histórica democrática para saldar a

débeda coas vítimas do franquismo e con todos os homes e mulleres que mantiveron en condicións extremadamente adversas a bandeira da liberdade e da democracia.

2. Incluír nesta petición a incorporación nos rúes, prazas, parques e monumentos, dos nomes das devanditas persoas e simultaneamente proceder á retirada da simboloxía franquista.
3. Devolución do patrimonio ás entidades afectadas polo golpe militar de 1936.
4. Dirixirse ó Parlamento de Galicia para que sexan rehabilitados moral e politicamente, e sexan compensados economicamente todos os represaliados da ditadura franquista.
5. Instar o Goberno da Xunta de Galicia e o conxunto dos poderes públicos para dispor de fondos económicos que permitan o financiamento dos traballos de investigación e recuperación da nosa historia, do noso patrimonio artístico e literario silenciado, e transmitilo ás novas xeracións e tamén para o correcto enterramento das vítimas que hoxe en día están nas foxas comúns.
6. Favorecer a apertura da totalidade dos arquivos para a investigación.
7. Dirixirse á Igrexa católica para que faga unha análise autocrítica do seu papel colaboracionista na represión desenvolvida pola ditadura franquista.

Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática  
 Congreso da memoria

**A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA**  
 Auditorio de Narón 4, 5, 6 e 7 de decembro de 2003



[www.congresodamemoria.org](http://www.congresodamemoria.org)

8. Estender as conclusións deste Congreso ó conxunto da sociedade galega, para que esta coñeza a extensión real e as consecuencias da violencia represiva en todas as súas manifestacións.
9. Que rematen as trabas administrativas para a legalización das entidades que traballan neste eido.
10. Amosar publicamente o apoio do Congreso á solicitude presentada e debatida no Parlamento español, no pasado setembro, a prol da anulación dos xuízos sumarísimos realizados no franquismo.

# CONVOCATORIA Ó III CONGRESO INTERNACIONAL HISTORIA A DEBATE

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14-18 DE XULLO DE 2004

**P**or terceira vez, e primeira no novo século, invitamos os historiadores do mundo a peregrinar a Santiago de Compostela no Xacobeo 2004 para reflexionaren e debateren xuntos sobre o estado da disciplina da historia e a súa relación coa historia inmediata.

A historia que se investiga, se ensina e se divulga non pode nin debe quedar á marxe do momento de aceleración histórica e, polo tanto, historiográfica que estamos vivindo.

Interésannos as últimas novidades sobre o método e a teoría da historia, a historiografía e a relación entre historia e sociedade. Buscamos afondar na elaboración dunha alternativa historiográfica e global para o século XXI que asegure unha nova primavera para o oficio de historiador e a escritura da historia, que contribúa ó fin histórico dun futuro mellor para toda a humanidade, para o cal contamos coa rede temática «Historia a Debate» e a colaboración de trescentas corenta entidades académicas de vinte e sete países (<http://www.h-debate.com/congresos/3/entidades/menu.htm>).

## Temas

### I. Reconstrución do paradigma historiográfico

#### II. Historiografía global

1. Historiografía dixital
2. Entre historiografías

### III. Paradigmas singulares

1. Historia mixta como historia global
2. Historia mundial como historia global
3. Novas formas de compromiso historiográfico
4. ¿É posible unha Historia Inmediata?
5. Os fins da historia, hoxe

### IV. Historiografía e actualidade

1. Historia e democracia
2. Historia e dereitos humanos
3. Formación histórica do suxeito político
4. Idea histórica de España
5. Memoria histórica activa

## Mesas redondas

### I. Grandes debates

- A. As formas de sociedade e as súas transicións
- B. Estado e sociedade civil na historia
- C. Protagonistas individuais e colectivos na historia
- D. Tendencias colectivas e individuos na historiografía
- E. Fragmentación da historia, globalización da sociedade
- F. Paradigmas actuais en ciencias sociais

### II. Historiografía inmediata

- G. Grupos, redes, movementos historiográficos
- H. Conceptos históricos e actualidade
- I. Historias oficiais

- J. Transicións á democracia
- K. Retorno da sociedade civil
- L. Pobos indíxenas, historiografía e actualidade

### III. Historia inmediata

- M. Once de setembro
- N. Globalización, antiglobalización, historia
- O. Europa na encrucillada histórica
- P. América na encrucillada histórica
- Q. Oriente e Occidente

Temario explicado, normas de participación e boletín de inscrición en:

<http://www.h-debate.com/congresos/3/menu.htm>

## Coordinador do III Congreso Internacional Historia a Debate:

CARLOS BARROS

Apartado de correos 427

15780 Santiago de Compostela (España)

Tel.: 981 52 80 58

fax: 981 81 48 97

[h-debate@cesga.es](mailto:h-debate@cesga.es)

[cbarros@wanadoo.es](mailto:cbarros@wanadoo.es)

[www.cbarros.com](http://www.cbarros.com)

Máis información en:


[www.h-debate.com](http://www.h-debate.com)

## ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

**Ó** longo dos últimos meses viron a luz os proxectos de actividades anunciados no anterior número de DEZ·EME, e o noso Arquivo Histórico mantivo o nivel de consultas que vén sendo habitual.

Das novas exposicións que estaba a producir a Fundación, temos que informar de que todas elas foron xa presentadas.



**Maximino Reboredo. Fotografías 1892-1899**

*Maximino Reboredo. Fotografías 1892-1899*, foi inaugurada na cidade de Lugo na sala de exposicións da Fundación Caixa Galicia. Esta exposición, producida conxuntamente co Centro Galego de Artes da Imaxe, contou coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e da Fundación Caixa Galicia. Recolle una selección de fotografías da colección inédita deste fotografo do século XIX conservada pola fami-

lia Reboredo e posta nas mans da nosa Fundación para a realización da exposición.

Este conxunto de imaxes configura un documento de grande utilidade para os estudos da sociedade galega do século XIX. Aínda que se centra principalmente na cidade de Lugo e a súa comarca, contén tamén imaxes doutros espazos urbanos e rurais galegos. Presenta trazos históricos, etnográficos e antropolóxicos de grande interese e reflicte diversos aspectos da vida cotiá.

Esta galería de imaxes pode dividirse en catro bloques temáticos. No primeiro recóllense as placas que reproducen o espazo urbano de Lugo e as súas xentes: mercados, rúas e prazas, espectáculos e conmemoracións. Inclúense tamén escenas doutras cidades como Ferrol ou A Coruña. Un segundo apartado recupera as paisaxes rurais onde homes e mulleres adquiren protagonismo xunto coas igrexas. O terceiro grupo de imaxes compóñeno os retratos individuais ou colectivos, e no último bloque aparece a morte: fotos de bebés, nenos ou adultos que representan, se cadra, o culto ancestral á morte en Galicia.

Un dos aspectos de maior interese é o contido social das imaxes, pois todos os grupos sociais están representados: as clases medias e populares, o campesiñado, os pequenos comerciantes e outros estamentos próximos as elites dominantes como son o exército e a Igrexa.

A exposición inclúe un catálogo con textos de Julio Reboredo e Xosé Enrique Acuña, comisarios da mostra, e outros de Antonio Prado e de María Jesús Saavedra.

A obra de Maximino Reboredo tamén se puido ver en Santiago durante o último trimestre do ano, na igrexa da Universidade.

### Arte y solidaridad.

#### Los pintores españoles

#### y el cartelismo sociopolítico

A exposición *Arte y solidaridad. Los pintores españoles y el cartelismo sociopolítico* iniciou o seu percorrido polas diferentes comunidades autónomas. Está producida pola Rede de Arquivos Históricos de CC.OO. e presentouse xa no Centro Municipal de Arte e Exposicións de Avilés e na Casa da Provincia da Deputación Provincial de Sevilla.

O obxectivo de *Arte y solidaridad...* é dobre: por un lado, contribuír á difusión dos fondos documentais — neste caso gráficos — asentados nos nosos arquivos; por outro lado, concibiuse como un acto de recoñecemento público e de homenaxe a todos os artistas plásticos que teñen colaborado coas organizacións sociopolíticas na loita polas liberdades democráticas durante a ditadura franquista.

A exposición recolle oitenta carteis dos máis de quince mil asentados nos arquivos históricos, e a súa importancia reside tanto na calidade artística dos carteis como no significado plástico dos seus autores, que representan a diversidade estética da arte contemporánea española que vai desde o informalismo e a abstracción ata os diferentes camiños estéticos que conforman o universo da figuración, como o cubismo, o surrealismo, o expresionismo, a arte pop, entre outras tendencias. Nela están representadas todas as comunidades autónomas e pintores como Picasso, Miró, Alberti, Tàpies, Genovés, Valdés, Ibarrola, José Ortega, Saura ou o Equipo Crónica, xunta de galegos como Díaz Pardo, Xaime Quessada, Seoane, Xosé Luís de Dios, Mercedes Ruibal e outros.

Tematicamente, a mostra identifícase coas preocupacións sociopolíticas das

organizacións que promovían a edición dos carteis. Está dividida en catro apartados. No primeiro, centrado na defensa da cultura pacifista e a solidariedade, os carteis representan alegatos contra a guerra ou resaltan o sentimento de solidariedade simbolizado no Primeiro de Maio. Un segundo apartado recolle os relacionados coas liberdades democráticas e a loita pola amnistía como principal referencia, xunta os que homenaxean a determinadas personalidades políticas ou defenden reivindicacións autonómicas e candidaturas electorais. O terceiro bloque, referido ó sindicalismo e o conflito social, está maioritariamente dedicado ás Comisións Obreiras e a salientar algúns conflitos laborais como as folgas mineiras. No derradeiro apartado concéntrase a obra que destaca as actividades culturais ou que serve de homenaxe a personalidades da cultura, como Castelao, Miguel Hernández, Antonio Machado, Alberti, Picasso ou Celso Emilio Ferreiro.

O catálogo da exposición incorpora unha escolma de poemas de autores tematicamente relacionados coa obra cartelística e unhas breves semblanzas biográficas dos artistas, xunto cos textos dos comisarios Jaime Brihuega e José Gómez Alén.

### Vida cotiá no primeiro franquismo. 1939-1952

Por último, a exposición *Vida cotiá no primeiro franquismo. 1939-1952* está xa ó dispor de todos os centros de ensino e entidades culturais que a soliciten. Esta mostra, preparada por un grupo de profesores de ensino secundario, presenta a situación da sociedade española na primeira etapa do franquismo. Através de fotografías, breves textos explicativos, carteis e outros instrumentos didácticos, desenvólvense os diferentes aspectos que caracterizaron esta etapa. Trátase pois dun percorrido pola situación económica e social, a vida cotiá, a represión, os riscos culturais e educativos

ou os movementos de resistencia. Elaborada cun claro sentido didáctico, pode ser empregada polos profesores para desenvolver o tema correspondente nos diferentes niveis do ensino secundario.

Outras exposicións tamén pasaron por diferentes cidades e temos que destacar a presenza de *Imaxe gráfica da II República*, da que xa teñen coñecemento os nosos lectores, e que permaneceu durante o outono no Forum Metropolitano da Coruña.

Polo que se refire ás **novas publicacións**, podemos subliñar, ademais dos catálogos xa citados, a edición da *Memoria de actividades da Fundación* correspondente ó ano 2002, na que se describe a procedencia e os trazos xerais dos fondos e legados documentais asentados no noso arquivo e as actividades desenvolvidas durante ese ano. Inclúese ademais un dossier de prensa que pon de manifesto a proxección social e informativa que tiveron as actividades.

Editouse tamén o facsímile do *Diario del soldado republicano Casimiro Jabonero*. Este militante republicano internado no campo de concentración da Lavacolla ó rematar a Guerra Civil deixou testemuño do seu paso por ese centro penal nun breve pero interesante diario co que podemos seguir a experiencia carceraria do protagonista e no que se refliten diversos aspectos relacionados coa vida cotiá dos prisioneiros de guerra. O diario vai acompañado das correspondentes notas de edición e dun estudo introdutorio de Víctor Santidrián, que contextualiza a participación de Casimiro Jabonero na Guerra Civil e os avatares do seu paso polos cárceres franquistas. Este libro coeditase coa Universidade Autónoma de Barcelona e coa colaboración do Concello de Santiago e a Concellalía de Cultura do Concello da Coruña.

**JOSÉ GÓMEZ ALÉN**

DIRECTOR DA FUNDACIÓN

10 DE MARZO

jalen@wanadoo.es

Ahora también en la red . . .

[www.archivoshistoricos.ccoo.es](http://www.archivoshistoricos.ccoo.es)

RED DE ARCHIVOS HISTÓRICOS **CC.OO.**

A Fundación estivo presente no V Encontro de Investigadores do Franquismo organizado pola Rede de Arquivos Históricos de CC.OO., nesta ocasión polo Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1.º de Maio; deste encontro informamos na sección Encontros da revista. O traballo colectivo da Rede de Arquivos permitiu tamén pór ó dispor dos investigadores a nova web onde é posible atopar a guía dos arquivos históricos e información xeral sobre ela ([www.archivoshistoricos.ccoo.es](http://www.archivoshistoricos.ccoo.es)).

Por último, a Fundación participou nos nosros eventos ligados á recuperación da memoria histórica. Destaca o ciclo de conferencias deseñado conxuntamente co Ateneo de Pontevedra e que neste período presentou as conferencias de Santiago Carrillo sobre *La Izquierda. Desde la transición a la actualidad. Problemas e perspectivas* e a do presidente do Principado de Asturias, Vicente Álvarez Areces, *Constitución y desarrollo autonómico*.

Así mesmo, colaboramos co Grupo Parlamentario de Izquierda Unida no acto de homenaxe ós represaliados do franquismo que tivo lugar no Congreso dos Deputados en decembro con motivo do vinte e cinco aniversario da Constitución española e ó que se fai referencia noutra sección da revista. Tamén participamos no congreso *A represión franquista en Galicia*, organizado pola Asociación Memoria Histórica Democrática (Narón, Ferrol), que igualmente se comenta noutra sección. Neste caso, a Fundación estivo presente nunha mesa sobre a «Recuperación da Memoria Histórica» e cunha das nosas exposicións, *Luís Seoane. 13 estampas de la traición*.

# PUBLICACIONES E REVISTAS RECIBIDAS

Nos últimos meses chegaron á nosa redacción diversas publicacións, das que brevemente damos conta nesta sección.

## Revistas

**Abaco. Revista de cultura y ciencias sociales** (Edita: CICEES. Director: Miguel A. Álvarez Areces), dedica o número 37 ós «Estilos de vida. Identidades y globalización del consumo», con artigos relacionados coa sociabilidade, a conservación da natureza, os medios de comunicación ou os novos estilos de vida, entre outros. Contén tamén un apartado dedicado a críticas e recensións.

**Cuadernos de Relaciones Laborales** (Edita: Escola de Relacións Laborais da Universidade Complutense de Madrid). O número 21 presenta unha serie de artigos englobados baixo o epígrafe «Ciudadanía, reconocimiento y distribución», que tratan diversas cuestións relacionadas co traballo e a súa problemática actual.

**Historia del presente**, número 2 (Edita: Asociación de Historiadores do Presente. Director: Abdón Mateos). A sección central versa sobre «La memoria de la Segunda República», con artigos de procedencia e temática variada. Outras seccións desenvolven aspectos teóricos, de historiografía, crónica de congresos; inclúe tamén unha sección dedicada á recensión de libros.

**El Viejo Topo**, número 189-190. (Edita: Ediciones de Intervención Cultural. Director: Miguel Riera). Revista de información xeral de política e cultura que nesta ocasión presenta artigos sobre a Guerra Civil e as Brigadas Internacionais, a cuestión do integrista relixioso, a Constitución da Unión Europea ou os problemas da esquerda política, xunto ás correspondentes

seccións de cine e crítica de libros.

**New Left Review** (Editor: Perry Anderson-Carlos Prieto). O número 23 da edición castelá contén diversos artigos sobre a globalización e a guerra. A sección «Polémica» céntrase na cuestión do nacionalismo. Inclúe un apartado de recensión de libros.

**Página abierta**, número 145. Revista de información política e sociocultural, editada pola cooperativa do mesmo nome e dirixida por Manuel Llusia. Neste número hai artigos sobre a inmigración, as centrais nucleares, cuestións internacionais e un debate sobre a violencia de xénero, xunta das habituais colaboracións de cultura.

**Pasado y memoria. Revista de Historia Contemporánea**, número 2 (Edita: Área de Historia Contemporánea e Departamento de Humanidades da Universidade de Alacante. Director: Glicerio Sánchez Recio). Número monográfico dedicado á Segunda República. Os artigos desenvolven aspectos políticos como a conformación do estado e os nacionalismos, ou as actitudes empresariais ante a República. Tamén presenta unha sección de novidades bibliográficas amplamente comentadas.

**Zona Abierta**, número 104-105 (Edita: Fundación Pablo Iglesias. Director: Ludolfo Paramio). Número dedicado a «Federalismo y Neoinstitucionalismo» e achega diversos traballos sobre o federalismo e o desenvolvemento económico, amais doutros referidos a aspectos teóricos ou a analizar o estado das autonomías.

**Utopías-Nuestra Bandera**, número 197 (Edita: Partido Comunista de España. Director: Pedro Marset). Este volume céntrase monograficamente na construción europea e a súa influencia na esquerda política. Inclúe tamén artigos sobre a Constitución europea e as formulacións de ATTAC.

Outros refírense á dimensión social ou a cuestión dos gastos militares.

**Grial. Revista Galega de Cultura** (Edita: Galaxia. Directores: Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo). O número 160 ten como eixe central a diversidade lingüística. Contén ademais diversos artigos sobre o escritor Blanco Amor en Chile e de Plácido R. Castro en Irlanda. Inclúe un amplísimo capítulo dedicado á recensión de libros.

### Libros

Carlos Arenas Posadas (2003), *Historia económica del trabajo (siglos XIX y XX)*, Madrid, Tecnos. Este libro supón un achegamento sintético ó mercado de traballo, ós factores que operan sobre traballadores e empresarios e ós trazos que caracterizan o funcionamento do mercado de traballo nos diferentes períodos históricos.

Miguel Cabo Villaverde (2003), *Prensa agraria en Galicia*, Ourense, Duen de Bux. Esta publicación ten un carácter instrumental de grande interese para os investigadores, xa que é unha catalogación sistematizada da prensa agraria editada desde principios do século XX ata fins do franquismo. Inclúe un amplo estudo introdutorio.

C. Molinero, M. Sala, J. Sobrequés (eds) (2003), *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica. O volume, que inclúe un prologo de Josep Fontana, recolle unha selección das comunicacións e relatorios presentados no congreso Los campos de concentración y las prisiones durante la Guerra civil y el franquismo, realizado recentemente no Museo de Historia de Cataluña, en Barcelona.

J. Sobrequés, C. Molinero, M. Sala (2003), *Congress Els camps de concentració i el món penitenciari a Espaya durant la guerra civil i el franquismo*, Barcelona, Crítica. Amplísimo volume que recolle todas as comunicacións presentadas ó congreso do que xa demos conta no número 7

de DEZ-EME. A lectura dos traballos permite coñecer o estado actual das investigacións sobre o tema e as liñas polas que os historiadores están a transitar.

Luis Lamela (2002), *A Coruña, 1936. Memoria convulsa de una represión*, A Coruña, Edicións do Castro. Neste traballo reconstrúese, con abundante documentación, o alcance da represión exercida na Coruña contra os diferentes sectores políticos e sociais republicanos. Inclúe ademais un interesante apéndice documental e fotográfico.

Antonio Baylos (2003), *La relaciones laborales en España. 1978-2003*, Fundación Sindical de Estudos. Recóllense neste libro unha serie de artigos publicados en diferentes medios, que permiten facer un percorrido analítico pola evolución xurídica das relacións laborais en España e as formulacións sindicais ante as sucesivas reformas laborais desde a aprobación da Constitución de 1978.

Ana Romero Masiá (2003), *Severino Chacón. Líder Sindical do mundo do tabaco*, Fundación Luis Tilve. Esta publicación é o resultado da tese de doutoramento da autora, na que percorre os avatares biográficos deste dirixente do movemento obreiro na industria do tabaco. Supón unha contribución á historia política e social do escenario onde se desenvolve a vida deste sindicalista da UGT que participou desde as filas do PSOE na creación do Partido Comunista, organización que ocupou basicamente a súa militancia política.

Javier Tebar Hurtado e Juanma García Simal (coords.) (2003), *La prensa silenciada: clandestinitat, exili i contrainformació (1939-1977)*, Fundación Cipriano García. Catálogo das setecentas quince cabeceiras que compoñen os fondos hemerográficos clandestinos asentados no Arquivo Histórico de CC.OO. de Cataluña, que nos permite dispoñer dunha información sistematizada acerca dos medios de comunicación antifranquistas editados por diversas organizacións políticas e sociais de Cataluña.

**MARCELLA AGLIETTI**

Licenciada en Ciencias Políticas e doutora en Historia Moderna e Contemporánea; é profesora na Universidade de Pisa. Especialista en historia social e política e en historia de xénero. Publicou numerosos artigos e o seu último traballo é *Tra diritto d'uguaglianza e parità di fatto. Le donne in Italia e Spagna nell'età contemporanea* (Pisa, 2003). Actualmente é investigadora para o Consiglio Nazionale delle Ricerche, en colaboración co CSIC, nun proxecto de historia comparada italo-española.

**CLAUDIA CABRERO**

Licenciada en Xeografía e Historia. É membro do Seminario de Estudos da Muller na Universidade de Oviedo. Entre os seus traballos podemos sinalar: *Mujeres contra el franquismo. Asturias, 1937-1952. Vida cotidiana, represión y resistencia* (2004); *Espacios femeninos de lucha: rebeldías cotidianas y otras formas de resistencia de las mujeres en la Asturias del primer franquismo* (2003) e «La Cordillera Cantábrica en la Guerra Civil», en Walker Robin, *Por la Cordillera Cantábrica* (Xixón, 2002). Actualmente é colaboradora do proxecto I+D+I *Archivo de Fuentes Orales para la Historia Social de Asturias* e está a rematar a súa tese de doutoramento: *El papel de la mujer en la oposición al franquismo. Asturias, 1937-1975*.

**ÀNGELS CABA**

Profesora de ensino secundario. Dedicase ás súas investigación á didáctica da historia desde unha óptica non androcéntrica. Ten publicado numerosos artigos en diferentes revistas especializadas e é coautora de obras como Mercado laboral en España. Por una igualdad de oportunidades (1991), Repensar la enseñanza de la Geografía y la Historia. Una mirada desde el género (2003); El siglo XX en primera persona e Les dones del 36. Recibiu o Premio Emilia Pardo Bazán pola publicación de materiais non sexistas.

**ROSA M.ª CAPEL MARTÍNEZ**

Profesora titular de Historia Moderna na Universidade Complutense de Madrid. Pioneira nos estudos históricos sobre a muller en España. Prémio Nacional "María Espinosa". Entre as súas numerosas publicacións están: *El voto femenino en la Segunda República Española, El trabajo y la educación de la mujer en España: 1900-1930, Mujer española y sociedad. Bibliografía (1900-1984), Mujer y trabajo*

*en el siglo XX. Ademais coordinou obras de colaboración como Mujer y Sociedad en España (1700-1975). É a comisaria da exposición El voto de las mujeres. 1877-1978 (Biblioteca Nacional, Madrid, 2003) e tamén directora do catálogo desta mostra.*

**ENCARNA HIDALGO**

Profesora de ensino secundario. Dedicase á investigación didáctica da historia desde unha perspectiva non androcéntrica. Entre as súas achegas podemos sinalar as obras colectivas: Repensar la enseñanza de la Geografía y la Historia. Una mirada desde el género (2003), El siglo XX en primera persona. É autora de Historia de las civilizaciones e ten publicado numerosos artigos en revistas como Grao, Cuadernos de Pedagogía, entre outras. Recibiu, así mesmo, o I Premio Emilia Pardo Bazán pola publicación de materiais non sexistas.

**MARÍA DOLORES RAMOS PALOMO**

É catedrática de Historia Contemporánea na Universidade de Málaga. Especialista en historia social e historia das mulleres, entre os seus libros podemos destacar: *Burgueses y proletarios malagueños. Lucha de clases en la crisis de la Restauración* (Córdoba, 1991); *Mujeres e Historia. Reflexiones sobre las experiencias vividas en los espacios públicos y privados* (Málaga, 1993); *La medida del mundo. Género y usos del tiempo en Andalucía* (Sevilla, 2002); *La modernización de España. Cultura y vida cotidiana, 1917-1939* (Madrid, 2002), escrito en colaboración con Ana Aguado; e *Discursos, realidades, utopías. La construcción del sujeto femenino en la contemporaneidad* (Barcelona, 2002), volume colectivo coordinado con Teresa Vera. Na actualidade prepara unha biografía sobre a propagandista republicana Belén Sárraga e a edición crítica da novela de Anselmo Lorenzo, *Justo Vives. Episodio dramático-social*.

**DAVID SIMÓN LORDA.**

Médico psiquiatra en Ourense. Investigador da historia social da medicina e a psiquiatría en Galicia. Entre os seus traballos podemos destacar: «La asistencia psiquiátrica en Galicia en la II República» (2001), «Psiquiatría, Medicina, Sociedad: Ourense (1885-1936)» (1998), «Asistencia psiquiátrica en el primer franquismo: Ourense (1939-1959)» (1999), «'Vieiros', hipervínculos y olvidos de la historia de la psiquiatría gallega» (2001), «Historias de fotógrafos, escultores y 'tolos' (Dende Haití ó

Ribeiro)» (2001), *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e na posguerra. Historias da «longa noite de pedra»* (2002). Colaborador habitual das revistas SISO/SAÚDE, *Auriensis*, *Guía dos Libros Novos*, *Psiquiatría Pública*.

**JORGE TORRES SANTOS**

Doutor europeo en Historia pola Universidade de Oviedo, desenvolve o seu labor investigador e docente na Universidade de Milán; foi tamén profesor de historia contemporánea na Universidade de Brescia. Especialista na historia do movemento sindical e nos procesos de transición política, coordinou xunto a Gian Primo Cella *Lavoro e politiche neoliberal in America Latina*, e ten publicado numerosos artigos e traballos en diversas obras colectivas e revistas especializadas. Acaba de presentar no congreso La Spagna a Novi 2003 o traballo *Sindicatti e identità nazionale nella costruzione della democrazia in Spagna*.

**CARME VIDAL**

Xornalista. Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación e en Xornalismo pola Universidade de Santiago. Actualmente é redactora de *A Nosa Terra*. Especialista no xénero biográfico, entre os traballos publicados destaca a biografía Maruxa Mallo da colección «Mulleres» de A Nosa Terra para a que está a rematar un novo volume dedicado á militante comunista Mercedes Núñez.

**RICARD VINYES**

Profesor de Historia Contemporánea na Universidade Autónoma de Barcelona. Ten desenvolvido programas de investigación no Dokumentazionem Zentrum (Viena) e na Fondazione Gian Giacomo Feltrinelli (Milán). Especialista nos movementos sociais e a súa articulación cultural na época republicana e nos primeiros anos do franquismo. Colaborador de revistas como *Historia Social, Spagna Contemporanea, Recerques, Wiener Tagebuch* ou *Cahiers d'Histoire*. É autor, entre outras obras, de *La Cataluña internacional; La presencia ignorada; El soldat de Pandora. Una biografía del siglo XX e Irredentas. Las presas políticas y sus hijos en las cárceles de Franco*. É coautor, ademais, do libro *Los niños perdidos del franquismo*, e comisario da exposición *Les presons de Franco*, actualmente aberta ó público no Museo de Historia de Cataluña.



Estamos asistindo a unha avalancha de iniciativas que se orientan á revisión da nosa historia recente; referímonos á época do franquismo. En DEZ•EME xa tratamos parcialmente algúns aspectos dese período, pero as achegas historiográficas dos últimos anos son tan importantes que decidimos dedicar o número nove ó primeiro franquismo, que esperamos vexa a luz dentro de seis meses.

Unha vez máis, insistimos en chamar os nosos lectores, colaboradores e subscritores a participaren nestas páxinas, sempre abertas ás propostas que nos cheguen para as diferentes seccións.

### Normas para a presentación dos orixinais

- O número de caracteres dependerá da sección á que vaia dirixido o artigo:
  - Ó redor da Historia: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
  - Na clase: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
  - Testemuño: entre 15.000 e 20.000 caracteres.
  - Unha imaxe: 7.000 caracteres.
  - Concepto: 6.000 caracteres.
  - De libros: 12.000 caracteres.
  - Encontros: 5.000 caracteres.
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, de ser o caso, do correo electrónico. Incluirán un resumo de 400-500 caracteres e, no caso das recensións de libros, unha reprodución da portada da obra comentada.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: (Apelido do autor, ano da publicación: páxina). Por exemplo: (Hobswam, 1999: 98).
- A bibliografía incluírase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor, Nome (ano de publicación), Título, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobswam, Eric (1999), *Gente poco corrente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, preferentemente en formato Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes ou ilustracións, indicarse o pé que levarán.
- As imaxes enviaranse en formato TIF ou JPEG (JPG), cunha resolución non inferior a 240 pp.
- Os artigos serán corrixidos polo Gabinete de Normalización Lingüística do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, seguindo a normativa da RAG e o ILG aprobada en 2003.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo [f10m.sn@galicia.ccoo.es](mailto:f10m.sn@galicia.ccoo.es)  
 A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de Dez•eme resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

MARZO 2004

100 dez•eme

CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

### BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Nome  Apelidos   
 Enderezo   
 Cidade  C.P.

SI, DESEEXO SUBSCRIBIRME Á REVISTA DEZ•EME A PARTIR DO NÚMERO  (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)  
 SUBSCRICIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUIDOS)

#### FORMAS DE PAGAMENTO

Xiro postal  Talón bancario (a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)

**DOMICILIACIÓN BANCARIA** (cubrir todos os díxitos do código interbancario)  
 Código interbancario  /  /  /  Nome da entidade   
 Enderezo postal   
 En , a  de  de  Asdo.

dez • eme




*Revista de Historia e Ciencias Sociais  
da Fundación 10 de Marzo*

República do Salvador, 15 - 5°  
15701 - Santiago de Compostela  
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081  
correo electrónico: [f10m@galicia.ccoo.es](mailto:f10m@galicia.ccoo.es)

# DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia. lega ou deposita o material relacionado co mundo do traballo que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da memoria histórica

(carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas, vídeos, ou calquera outro material)



**ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO**

**FUNDACIÓN 10 DE MARZO**



comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m@galicia.es





Fundación 10 de Marzo  
comisiones obreras